Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1987(68809)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa, e dous deputados máis
Sobre a renuncia ao sistema de colaboración público-privada (PFI) para o financiamento do novo plan director do Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU) e a revisión do paralizado Plan de reforma e ampliación

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1988(68811)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Oubiña Solla, Rosa, e tres deputados máis
Sobre a adopción de medidas de apoio á produción e distribución dos viños de Galicia

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-1989(68814)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a adopción de medidas para o mantemento pleno do servizo de ambulancias no Concello de Marín

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1990(68823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen, e Fraga Santos, Silvia
Sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun estudo da evolución e da situación actual do funcionamento dos centros de información á muller e a concertación cos concellos das condicións para a seguinte convocatoria de axudas

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1991(68825)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen, e dous deputados máis
Sobre a elaboración e remisión aos concellos de directrices que garantan o cumprimento do principio de igualdade entre mulleres e homes nas entidades que contén con achegas públicas, nomeadamente nas destinadas a ese fin

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/PNC-1992(68843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a adopción de medidas tendentes á solución do conflito urbanístico existente no litoral do concello de Vilaboa

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-1993(68857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis
Sobre o mantemento da cobertura do transporte sanitario urxente cos mesmos criterios en toda Galicia

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1994(68863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa, e dous deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa delimitación das zonas e dos valores medios establecidos na Orde do 28 de xullo de 2011 pola que se aproban os prezos medios de mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos para os exercicios 2010 e 2011, para efectos fiscais

Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/PNC-1995(68871)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e dous deputados máis
Sobre a ampliación do Parque Natural do Monte Aloia ao conxunto da serra do Galiñeiro, sita na confluencia dos concellos de Gondomar, Mos, O Porriño, Tui e Vigo, así como sobre a inclusión desta na Rede Natura 2000 como lugar de importancia comunitaria, LIC

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2025(68882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre o establecemento dun mecanismo administrativo que permita a revisión das condicións de pagamento das prazas de comedores escolares para adaptar as bonificacións nos prezos públicos á modificación inesperada da situación económica das familias durante o curso escolar

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/PNC-1996(68890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a derogación da Orde pola que se aproban os prezos medios no mercado para os efectos fiscais de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011

Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/PNC-1997(68906)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel, e dous deputados máis
Sobre a elaboración dun proxecto para solucionar a carencia dun paso para as especies migratorias no encoro de Cecebre, no concello de Cambre

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-1998(68909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre a normalización da asistencia no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense despois dos cambios organizativos producidos

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1999(68911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o mantemento do servizo de ambulancias na comarca do Condado e mais no concello de Covelo

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-2001(68914)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e dous deputados máis
Sobre o mantemnto do servizo de ambulancias no Val Miñor

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-2002(68921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sánchez Montenegro, Isabel, e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a planta de tratamento de residuos sólidos urbanos que se pretende construír no concello de Dozón

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2003(68925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o desenvolvemento dunha normativa sobre bioaparencia para garantir a identificación enequívoca dos medica-

mentos polos pacientes unha vez xeneralizada a súa prescripción por principio activo

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-2004(68966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre a situación urbanística no concello de Vilaboa, no litoral das parroquias de San Adrián e Santa Cristina de Cobres, así como no núcleo de Paredes, na de Vilaboa

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2005(68985)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto, e dous deputados máis

Sobre a posta en marcha de medidas para continuar coa implantación dun sistema de recoñecemento da capacitación profesional que potencie e valore a formación non regrada, nomeadamente no caso da atención sociosanitaria a persoas maiores ou dependentes

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-2006(68988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados máis

Sobre o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos ao desenvolvemento do aeroporto da cidade de Vigo, en Peinador, e do seu plan estratéxico, para os efectos do deseño do mapa aéreo galego

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-2007(69024)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e Castiñeira Broz, Jaime

Sobre os requirimentos que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Viveiro en relación cos danos ocasionados nas vivendas do barrio do Celeiriño polas obras de edificación executadas nun terreo contiguo e coa súa rehabilitación

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2008(69029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o incremento polo Goberno galego dos recursos orzamentarios destinados ás políticas de protección de menores

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-2009(69032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre a adopción de medidas para mellorar a produción e a comercialización da carne de vacún

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-2010(69037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre o reinicio das obras de urbanización do Parque Ofimático da Coruña, así como sobre a culminación de todas as actuacións en curso para acadar canto antes o inicio da construción das vivendas promovidas polas cooperativas

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2011(69044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a situación de grave contaminación que se vén producindo nos últimos meses no encoro das Conchas

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2012(69051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel, e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as medidas que se deben adoptar para simplificar a actual estrutura institucional da Xunta de Galicia, mellorar a coordinación político-administrativa e favorecer o recorte de gasto corrente improductivo no ámbito institucional

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/PNC-2013(69068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia dun criterio para que no baremo que se estableza para o acceso ao permiso de explotación para o marisqueo a pé, permex, que dá dereito ao exercicio da actividade, a situación sociolaboral do demandante e da unidade familiar sexan determinantes

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/PNC-2014(69073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier, e tres deputados máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para acometer de xeito urxente e antes de que remate o ano 2011 as obras de reparación, conservación e mantemento que precisa a ponte do Pedrido, sobre a ría de Betanzos

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2015(69096)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma, e seis deputados máis

Sobre a repoboación do río Ulla

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 08/PNC-2016(69134)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Iglesias Ferreira, María de Fátima

Sobre a reclamación pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e á Dirección General de Costas da busca dunha solución á problemática do dragado do río Miño para permitir a navegabilidade do ferry-boat que une as localidades da Guarda e Caminha

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/PNC-2017(69148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel, e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde de Monforte

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 08/CPC-0283 (68047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel, e tres deputados máis

Da Sra. conselleira do Mar, para que explique o cesamento do presidente do ente público Portos de Galicia

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/CPC-0284(68050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel, e tres deputados máis

Do novo presidente do ente público Portos de Galicia para que explique a política que vai desenvolver Portos de Galicia

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/CPC-0285(68787)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Xuventude e Voluntariado, para informar da acción da Consellería de Traballo e Benestar no Ano europeo do voluntariado

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/CPC-0286(68854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis

Da Sra. conselleira de Sanidade, para explicar a aplicación do Real decreto lei 9/2011, do 10 de agosto, “de medidas para a mejora y cohesión del Sistema Nacional de Salud”

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/CPC-0287(68954)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Do director xeral de Tributos, para que informe sobre o contido da Orde da consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011 pola que se aproban os prezos medios no mercado de

determinados inmoables rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011

Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/CPC-0288(69028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para explicar en sede parlamentaria as actuacións que desenvolveu a Xunta de Galicia nos últimos dous anos, así como as que pensa desenvolver no futuro en relación coa conservación e co mantemento das estradas galegas de titularidade autonómica, como elemento fundamental da seguridade viaria

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/CPC-0289(69042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para explicar a situación de parálise das obras de urbanización do Parque Ofimático da Coruña, e as medidas adoptadas para garantir o dereito dos cooperativistas á construción das vivendas sobre solo adquirido a diferentes promotores, entre outros ao Instituto Galego de Vivenda e Solo

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/CPC-0292(69242)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. director xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública, para informar da posta en marcha das unidades fixas de cribado de cancro de mama e da actividade realizada

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/CPC-0293(69244)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. conselleiro do Medio Rural, para informar sobre o desenvolvemento da campaña de máximo risco de incendios forestais en Galicia no ano 2011

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 08/CPC-0291 (69078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. conselleira de Facenda, para dar conta da evolución do endebedamento público en Galicia, da cualificación da débeda pública galega e do custo financeiro do devandito endebedamento

Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

4.3. Preguntas

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

Admisión da solicitude, asignación á Comisión e publicación do acordo

- 08/INT-0869 (67689) (68616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a situación da empresa Frigolouro e actuación e avaliación feitas pola Xunta de Galicia

A Mesa acorda a súa recualificación solicitada no doc. núm. 68616 en pregunta oral na Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

- 08/INT-0873(67809) (68616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre o proxecto do metro lixeiro na Coruña

A Mesa acorda a súa recualificación solicitada no doc. núm. 6861 en pregunta oral na Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

4.3.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 08/5PRE-2952(62760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a eliminación das barreiras arquitectónicas no Colexio
Público Monte dos Postes, en Santiago de Compostela
BOPG núm. 443, do 04.04.2011

A Mesa acorda a súa reconversión solicitada no doc. núm.
69092 en pregunta oral na Comisión 4.^a, Educación e Cul-
tura.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

O monumento de Santa Eulalia de Bóveda está recoñecido como un dos elementos mais senlleiros do patrimonio cultural galego. De orixe tardorromano, a súa configuración arquitectónica e sobre todo as pinturas murais conservadas, lle outorgan un valor artístico fundamental o que se une o enigma que aínda agora supón a súa orixe e funcionalidade que deu lugar a múltiples interpretacións.

Este importante conxunto monumental ten a declaración de BIC e constitúe un dos máis importantes atractivos turísticos do concello e da provincia de Lugo. Pero a Xunta de Galicia, da que depende, está a manter uns horarios de visita tan curtos que son inaceptables máxime en plena temporada turística.

O monumento so pode visitarse de luns a venres de 8:30horas a 15:00horas e permanece pechado os fins de semana e, por si isto fora pouco, tamén cerra cando a persoa encargada da atención o público está de vacacións, sen que a Secretaría Xeral de Turismo estableza unha substitución.

Son moitas as protestas dos turistas e estudosos que queren visitar Santa Eulalia polo restritivo deste horario, e nos últimos meses os medios de comunicación vense facendo eco de protestas dos visitantes polo mal servizo que están a facer o funcionario encargado que, o parecer, ausentase habitualmente do seu posto de traballo.

Proba diso é que na oficina de turismo dependente da Xunta de Galicia na cidade de Lugo recomendan, os que queren visitar santa Eulalia, que contacten previamente co funcionario encargado xa que pode estar de vacacións ou de permiso sen que os informadores turísticos o saiban e poidan dar un horario de apertura seguro.



Grupo Parlamentario

Por outra parte a Secretaría de Turismo da Xunta de Galicia demostra o nulo interese que ten no monumento de Santa Eulalia o non dar información sobre os horarios de apertura na páxina web de Turgalicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E aínda debemos falar das protestas e denuncias continuas que se producen pola falta de información do persoal encargado do monumento, que nin da explicacións nin ofrece folletos informativos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cambiar o horario de apertura ao público de Santa Eulalia de Bóveda de maneira que estea aberto en horario de mañá e tarde polo menos seis días a semana incluíndo os fins de semana.
2. Poñer todos os medios para que os turistas e estudosos teñan toda a información posible sobre o monumento de Santa Eulalia de Bóveda.
3. Tomar todas as medidas necesarias para que se ofrezca un servizo de atención e información ao público de calidade.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 22/07/2011 12:16:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/07/2011 12:17:01



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e dos seus deputados **Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Francisco Cerviño González e Guillermo Meijón Couselo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario foi creada por Real Decreto de 31 de outubro de 1849 coa denominación de Academia Provincial de Belas Artes. Por Orde ministerial de 31 de xaneiro de 1984 (BOE de 24 de marzo) pasa a denominarse Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

No ano 2003, a Real Academia Galega de Belas Artes foi transferida polo Estado á Comunidade Autónoma, como se formula no Decreto 373/2003, de 16 de outubro (DOG de 20 de outubro), sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia das funcións en materia de Academias, o cal foi complementado polo Decreto 392/2003 (DOG de 28 de outubro) sobre o exercicio da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia, desenvolvido pola Orde de 8 de abril de 2005 (DOG de 15 de abril).

As súas funcións, recoñecidas nos seus Estatutos aprobados pola Consellería de Cultura e Turismo, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia por medio do Decreto 141/2004, de 25 de xuño (DOG de 7 de xullo), son a investigación, recuperación, conservación e difusión do noso patrimonio cultura. Os mesmos Estatutos a recoñecen como institución consultiva oficial da administración e como tal, participa en todas as Comisións Territoriais do Patrimonio Histórico Galego e elaboran toda clase de informes e estudos cando lle son requiridos pola Xunta de Galicia.



Grupo Parlamentario

Dende 2003 cando se realizou a súa transferencia, a Real Academia está a recibir unha asignación económica procedente da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia a través da firma dun convenio xenérico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A asignación concedida, que se mantivo nunhas cantidades moi pequenas que de ningunha maneira posibilitan a actividade cotiá da Academia, faise de forma graciosa por parte da citada Dirección Xeral, sen ningún compromiso estrito, polo que coloca á Academia nunha situación de precariedade e sen posibilidade de planificación futura á hora de poder formular a súa actividade diaria. A isto veu a unirse no presente ano unha redución drástica de máis do 65% da cantidade aportada en exercicios anteriores.

Consideramos que esta situación, que contrasta claramente ca de outras Akademias, ten que cambiar. A Real Academia Galega de Belas Artes debe recibir por parte da Xunta de Galicia os medios necesarios para exercer na mellor das condicións posibles as súas funcións e manter unha estabilidade económica que lle facilite a planificación das súas actividades.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar dentro do Proxecto de Orzamentos do ano 2012, unha partida nominativa para á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario que sexa suficiente, a lo menos, para cubrir os seus gastos correntes.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Guillermo Meijón Couselo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 22/07/2011 12:00:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/07/2011 12:00:58

Francisco Xulio Cerviño González na data 22/07/2011 12:01:04

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 22/07/2011 12:01:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/07/2011 12:01:11

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Pedro M. Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marisol Piñeiro Martínez e Marta Valcarcel Gómez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de Motivos

A procura dun sistema educativo de maior calidade, máis xusto socialmente, eficiente e que forme ás nosas mozas e aos nosos mozos para unha inserción na sociedade con garantías, é un obxectivo irrenunciábel para o PPdeG e a actual administración educativa.

Desde a Xunta de Galicia, e co apoio deste Grupo Parlamentario, estanse a levar a cabo unha serie de reformas encamiñadas ó logro dun modelo educativo de maior calidade con obxectivos precisos como impulsar o plurilingüismo, o acceso ás novas tecnoloxías, reforzar o protagonismo do profesorado, incrementar as horas de presenza no centro educativo dos mestres ou o establecemento de programas específicos dirixidos á mellora da organización e os resultados educativos.

Neste proceso de mellora da calidade faise preciso por en marcha medidas específicas encamiñadas á redución daquelas debilidades detectadas no conxunto do sistema educativo. Unha delas, o número de alumnas e alumnos que deben repetir de curso, feito que acarrea unha serie de eivas, tanto para o desenvolvemento ordinario do proceso de aprendizaxe do conxunto dos alumnos, como para o propio alumno repetidor.

Faise preciso, neste senso e tendo en conta os recursos existentes, adoptar accións organizativas e formativas orientadas á reforzar o proceso de aprendizaxe daqueles estudantes que, por diferentes razóns, se topan con dificultades para manter o ritmo ordinario do seu grupo de idade, e posibilitar que acade no maior nivel de competencias de acordo coas súas posibilidades.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión .

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver e potenciar no marco das liñas de acción orientadas á mellora da calidade educativa, programas e medidas encamiñados á redución do número de repetidores dentro do sistema educativo galego”.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/07/2011 13:00:41

Román Rodríguez González na data 22/07/2011 13:00:46


Pedro Manuel Arias Vieira na data 22/07/2011 13:00:52

Natalia Barros Sánchez na data 22/07/2011 13:01:04

Yolanda Díaz Lugilde na data 22/07/2011 13:01:15

María Soledad Piñeiro Martínez na data 22/07/2011 13:01:29

Marta Valcárcel Gómez na data 22/07/2011 13:01:48

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de GalizaRúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados **Bieito Lobeira Domínguez**, **Carlos Aymerich Cano** e da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu tratamento en **Comisión**, relativa á instalación dunha base do Servizo de Gardacostas de Galiza na ría do Burgo.

A ría do Burgo é un dos espazos litorais do noso país que con maior magnitude ven padecendo a lacra do furtivismo. Grupos organizados, en ocasións violentos, foron quen de esquilmar boa parte do marisco existente, mesmo hipotecando campañas futuras pola extracción de ameixa de talla pequena.

Resulta incomprendible que esta dinámica se produza e se agrave paulatinamente mentres a administración competente na materia –Consellaría do Mar- se inhibe irresponsabelmente das súas funcións. Mentres, os servizos de vixilancia da Confraría da Coruña non son quen de enfrontar o problema por razóns obvias: os vixilantes gardapescas non posúen presunción de veracidade nin capacidade para elevar acto administrativo de ningún tipo, ao non seren funcionarios e funcionarias. Cando se ven desbordados só poden pór en coñecemento da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galiza as anomalías detectadas e a acción furtiva. Estes avisos, lamentablemente, son sistematicamente desatendidos polo Servizo de Gardacostas de Galiza, provocando unha situación de indefensión, desamparo e abandono do sector marisqueiro da Coruña que non é de recibo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias prácticas desta situación están á vista: A día de hoxe tan só fican 90 mariscadoras e mariscadores a pé desenvolvendo a súa actividade nun plan de explotación que só contempla 25 días de traballo ao ano, precisamente por falta de marisco.

Resulta indignante que nunha ría con tan elevada potencialidade produtiva, con bancos naturais de ameixa fina, babosa e berberecho, mais tan castigada polos efectos da contaminación e da acción furtiva indiscriminada, non se poñan en marcha medidas efectivas orientadas a pór en valor todas as posibilidades que presenta. Na ría do Burgo é perfectamente posíbel aumentar a súa produtividade e xerar postos de traballo dignos vinculados á actividade marisqueira, mais cumpre adoptar medidas firmes e urxentes con ese obxectivo.

Sen dúbida, a presenza permanente e continuada de efectivos do Servizo de Gardacostas de Galiza na ría do Burgo representaría un elemento de disuasión da acción furtiva. Neste contexto, a instalación dunha base de inspección e vixilancia pesqueira neste lugar, na que localizar persoal e embarcións resultaría altamente beneficiosa para o obxectivo descrito. A Confraría da Coruña está disposta a facilitar este labor cedendo parte das instalacións do Punto de Control e Pesaxe das Xubias (no corazón da ría do Burgo), que poderían acomodar os membros do Servizo de Gardacostas, e permitiría a localización permanente da lancha IP-303 "Illa Vionta" (agora na Coruña), e a presenza itinerante doutras embarcacións como a IP-120 "Serra do Galiñeiro" (Sada), e patrulleiras maiores pertencentes a este servizo público.

O único evidente na actualidade é que na ría do Burgo existe un problema gravísimo de furtivismo. A administración que posúe competencias exclusivas nesta

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de GalizaRúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia é a Consellaría do Mar. E a día de hoxe abdica absolutamente das súas funcións, abocando ao colectivo de mariscadoras e mariscadores a unha situación extrema, sen saída.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Pesca e Marisqueo.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a pór en marcha, como mínimo, as seguintes medidas tendentes á erradicación do furtivismo na ría do Burgo.

1. Instalación dunha Base do Servizo de Gardacostas de Galiza na ría do Burgo, podendo utilizar para este cometido o punto de control e pesaxe da Confraría da Coruña localizado nas Xubias. Neste lugar terían tamén base permanente patrulleiras deste servizo.
2. Colaboración e coordinación operativa do Servizo de Gardacostas de Galiza cos efectivos de vixilancia adscritos á Confraría da Coruña.
3. Accións específicas de control e seguimento do marisco extraído por furtivos polos condutos de comercialización ilegal, incluíndo os vehículos utilizados con esta finalidade, até a súa venda.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado e Portavoz S. do G.P. do BNG.



ESTADOS XERARÁIS DE GALIZIA

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/07/2011 13:07

Nº Rexistro: 68175

Data envío: 22/07/2011 13:07:30.337


Carlos Aymerich Cano
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/07/2011 13:05:54

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/07/2011 13:05:57

Ana Luisa Bouza Santiago na data 22/07/2011 13:06:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:26
Nº Rexistro: 68192
Data envío: 22/07/2011 13:26:53.096

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e das súas deputadas **Carme Adán Villamarín** e **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á mortalidade de peixes no río Muíños de Nigrán.

O río Muíños que desenvolve todo o seu curso no concello de Nigrán padece unha serie de verquidos incontrolados que teñen degradado a calidade das súas augas e esta afectando a numerosas especies que se desenvolven ao longo do seu percorrido. Verquidos que non permiten recuperar o seu ámbito fluvial e, aínda que se producen de xeito puntual, son con certa repetición e demostra a necesidade de erradicar, de xeito definitivo, estas verteduras ilegais a maior parte de augas fecais, pero tamén derivadas das actividades económicas desenvoltas nas súas proximidades.

Estas augas sen depurar, que chegan directamente ao mar, teñen xerado situacións de alerta, denunciadas pola veciñanza, con impacto visíbel no seu hábitat ao producirse a mortalidade de numerosos peixes que teñen aparecido nas últimas semanas, o último producido o pasado martes.

A presión urbana que soporta este río, verdadeiro sistema verde asentado neste concello, predispón que estas situacións repítanse cunha frecuencia e intensidade non desexadas polo que é necesario actuar de xeito inmediato para elaborar unha relación de focos contaminantes e proceder a súa eliminación garantindo así o ecosistema que se desenvolve ao longo deste río.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:26
Nº Rexistro: 68192
Data envío: 22/07/2011 13:26:53.096

Estas son as razóns polas que obrigan a presentar a seguinte Proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Realizar un estudio dos focos contaminantes que producen verteduras ilegais ao río Muíños, no concello de Nigrán.
- 2) Elaborar un cronograma de actuación para sanear o río Muíños ao longo do seu percorrido.

En Compostela, a 21 de xullo do 2011.

Asdo.: Henrique Viéitez Alonso
Carme Adán Villamarín
Isabel Sánchez Montenegro
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 22/07/2011 13:25:57

Maria do Carme Adán Villamarín na data 22/07/2011 13:26:03

Isabel Sánchez Montenegro na data 22/07/2011 13:26:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:26
Nº Rexistro: 68192
Data envío: 22/07/2011 13:26:53.096

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/07/2011 13:26:15



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Xoaquín Fernández Leiceaga, Luis Toxo Ramallo e María Carmen Acuña do Campo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

O Centro de Saúde de Oroso é froito dun compromiso do Goberno de Emilio Pérez Touriño no ano 2008. Naquel momento a data prevista de apertura era de finais do ano 2009.

Xa durante o Goberno de Alberto Núñez Feijóo, a conselleira de Sanidade prometeu que abriría as portas un ano máis tarde, a finais de 2010.

Non sucedeu así e hoxe en día o centro acumula máis de seis meses de atraso en relación con esa segunda previsión; e iso a pesar de que está rematado desde o pasado mes de abril, en que a empresa construtora iniciou os trámites para a conexión á rede de augas e saneamento así como á rede eléctrica.

Este centro, de máis de 1500 metros cadrados, dará servizo a máis de 12.000 habitantes e permitirá liberar as actuais instalacións para que sexan destinadas a outros servizos municipais.

Xa no pasado mes de abril o alcalde de Oroso, que revalidou o seu mandato nas urnas, solicitaba non só a apertura inmediata senón a súa transformación nun auténtico PAC. Máis de vinte asociacións sanitarias do concello de Sigüeiro e áreas limítrofes incidiron nas últimas semanas nunha demanda similar, que parece ser foi negada polo xerente de atención primaria de Compostela.

En consecuencia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

..... 1.º) Abrir de xeito inmediato o Centro de saúde de Oroso, xa rematado.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

..... 2.º) Dotar a este novo centro de atención sanitaria dos recursos humanos que permitan o seu funcionamento como un PAC, con atención durante vinte e catro horas.

3.º) Dotar a ese novo centro dos servizos de fisioterapia.

Pazo do Parlamento, 21 de xullo de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Toxo Ramallo
Modesto Pose Mesura
María Carmen Acuña do Campo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/07/2011 13:25:29

Luis María Tojo Ramallo na data 22/07/2011 13:25:32

Modesto Pose Mesura na data 22/07/2011 13:25:36

María del Carmen Acuña do Campo na data 22/07/2011 13:25:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/07/2011 13:25:50



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Xoaquín Fernández Leiceaga, Luis Toxo Ramallo e María Quintas Álvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Comisión**.

O Forum Gastronómico, vén celebrándose cun éxito innegable desde o ano 1999. Consolidouse como un punto de encontro para empresas agroalimentarias, cociñeiros profesionais e restauradores, transformándose como un referente para o conxunto do sector, e sobre todo, para os seus grandes protagonistas, os cociñeiros. Cun programa de sesións de cociña en directo e degustación polos asistentes, reflexións sobre a cociña e o viño,

En Compostela iniciou a súa andaina en 2008, cun grande éxito de público (máis de 15.000 asistentes) e de crítica, tanto no plano divulgativo (un fluxo continuo de visitantes aos obradoiros e catas e tamén ao espazo neno) como no profesional, con máis de 65 relatorios e sesións de cociña en directo, ofrecidas por cociñeiros e expertos procedentes de todo o mundo e ás que asistiron 703 congresistas. Pero no ano 2010, na segunda edición, aumentou o número de asistentes, e introduciuse o Forum Cidade, levando a gastronomía de alto nivel a diversos ámbitos da cidade, desde o Hostal dos Reis Católicos á Praza de Abastos ou o Museo do Pobo Galego.

Desta forma, o Fórum eríxese como un novo factor de atracción e difusión da gastronomía galega consolidando Santiago como destino de Turismo enogastronómico de primeira orde. A cidade, que se implicou enormemente na celebración deste evento gastronómico, acolleu unha programación cultural específica que virou en torno ao mundo da cociña e os viños.

Participaron diversas institucións. Por exemplo, no Fórum Gastronómico Santiago 2010, As Cociñas do Atlántico, as entidades promotoras, de carácter público privado, foron o Concello de Santiago, a Asociación Hostelería Compostela e a Cámara de



Grupo Parlamentario

Comercio, contando, entre os seus patrocinadores institucionais á Consellaría do Medio Rural e a Consellaría do Mar da Xunta de Galicia, Turgalicia, Deputación da Coruña e o Consorcio de Santiago e como patrocinadores privados a moi diversas firmas con orixe ou presenza destacada en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O novo alcalde de Santiago anunciou recentemente que condiciona a realización dunha nova edición do Forum Gastronómico 2012 á obtención do apoio institucional que precisa para financiar o evento, dada a redución dos recursos públicos dispoñibles.

Dado o carácter estratéxico do evento e que a Xunta de Galicia, a raíz das declaracións do Alcalde, convértese en peza esencial para a súa continuidade,

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a colaborar co Concello de Santiago de Compostela para garantir a celebración do Forum Gastronómico 2012 en condicións similares aos anteriores.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Toxo Ramallo
María Quintas Álvarez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/07/2011 10:54:19



Grupo Parlamentario

Luis María Tojo Ramallo na data 22/07/2011 10:54:24

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 22/07/2011 10:54:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/07/2011 10:54:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **José Tomé Roca**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Un dos elementos fundamentais para valorar a xestión dun Goberno, consiste na capacidade de execución dos seus propios orzamentos, como medio para levar a cabo as medidas que se contemplan nos diferentes programas orzamentarios.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia está moi preocupado pola falla de capacidade política da Consellería de Traballo e Benestar para executar os seus propios orzamentos correspondentes á anualidade de 2010, onde quedaron sen gastar en materia de emprego, nada máis e nada menos, que 143.877.000 euros.

Os datos de execución orzamentaria da propia Xunta de Galicia para 2010, relativos a Consellería de Traballo e Benestar en materia de emprego, son os seguintes:

-Programa 322A – Fomento da Empregabilidade, 47.767.000 euros sen gastar, un 29,35%.

-Programa 322B – Intermediación e Inserción Laboral, 17.227.000 euros sen gastar, un 54,6%.

-Programa 322C – Fomento do Emprego, do Emprego autónomo e do Mercado de Traballo, 24.517.000 euros sen gastar, un 28,6%.

-Programa 323A – Formación Profesional Desempregados, 30.130.000 euros sen gastar, un 30,2%.

-Programa 323B – Mellorada Cualificación no Emprego, 24.236.000 euros sen gastar, un 31,8%.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A suma dos 5 programas supón que se deixaron sen investir en políticas de emprego máis de 143.877.000 euros, un 34,9% (35%) do conxunto dos programas dos que emanan as Políticas Activas de Emprego da Consellaría de Traballo, nun momento de crise como o que vivimos, o que demostra a incapacidade política da actual conselleira de Traballo e do equipo da consellaría para resolver os problemas dos desempregados e desempregadas de Galicia, a pesar de ter transferidas as competencias dende 1997 e ter comprometido que resolverían o problema do paro en 45 días.

Superado o ecuador do ano 2011, sería moi preocupante que o grao de execución orzamentario do presente 2011 levase o mesmo camiño que o do pasado ano 2010, o que tería consecuencias moi negativas para o emprego en Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:


O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que a Consellaría de Traballo e Benestar execute a totalidade dos seus orzamentos para 2011 en materia de emprego, para facilitar e promover a empregabilidade e a inserción laboral, e frear así o aumento do paro na nosa Comunidade Autónoma, que nos dous últimos anos se situou por enriba da media do Estado español.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2011

Asdo.: José Tomé Roca
Deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario


Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 22/07/2011 11:41:44

.....
Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/07/2011 11:41:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:38
Nº Rexistro: 68208
Data envío: 22/07/2011 13:38:50.817

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e das súas deputadas **Carme Adán Villamarín** e **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á mortalidade de peixes no río Muíños de Nigrán.

O río Muíños que desenvolve todo o seu curso no concello de Nigrán padece unha serie de verquidos incontrolados que teñen degradado a calidade das súas augas e esta afectando a numerosas especies que se desenvolven ao longo do seu percorrido. Verquidos que non permiten recuperar o seu ámbito fluvial e, aínda que se producen de xeito puntual, son con certa repetición e demostra a necesidade de erradicar, de xeito definitivo, estas verteduras ilegais a maior parte de augas fecais, pero tamén derivadas das actividades económicas desenvoltas nas súas proximidades.

Estas augas sen depurar, que chegan directamente ao mar, teñen xerado situacións de alerta, denunciadas pola veciñanza, con impacto visíbel no seu hábitat ao producirse a mortalidade de numerosos peixes que teñen aparecido nas últimas semanas, o último producido o pasado martes.

A presión urbana que soporta este río, verdadeiro sistema verde asentado neste concello, predispón que estas situacións repítanse cunha frecuencia e intensidade non desexadas polo que é necesario actuar de xeito inmediato para elaborar unha relación de focos contaminantes e proceder a súa eliminación garantindo así o ecosistema que se desenvolve ao longo deste río.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:38
Nº Rexistro: 68208
Data envío: 22/07/2011 13:38:50.817

Estas son as razóns polas que obrigan a presentar a seguinte Proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Realizar un estudio dos focos contaminantes que producen verteduras ilegais ao río Muíños, no concello de Nigrán.
- 2) Elaborar un cronograma de actuación para sanear o río Muíños ao longo do seu percorrido.

En Compostela, a 21 de xullo do 2011.


Asdo.: Henrique Viéitez Alonso
Carme Adán Villamarín
Isabel Sánchez Montenegro
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 22/07/2011 13:25:57

Maria do Carme Adán Villamarín na data 22/07/2011 13:26:03

Isabel Sánchez Montenegro na data 22/07/2011 13:26:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:38
Nº Rexistro: 68208
Data envío: 22/07/2011 13:38:50.817

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/07/2011 13:26:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:39
Nº Rexistro: 68209
Data envío: 22/07/2011 13:39:17.379

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a inicitiva do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e da súa deputada **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión** relativa á mellora da seguridade viaria na N-120 en Ponteareas dende Arcos ata Xinzo e da conexión coa autovía do núcleo urbano de Ponteareas e das estradas provinciais, autonómicas e estatal que cruzan Ponteareas

A N-120, no seu paso polo concello de Ponteareas atravesa zonas de alta densidade poboacional, con áreas industriais e áreas comerciais ao longo do seu percorrido, confírelle un perfil de travesía urbana. Nas marxes da N-120 no tramo que vai de Arcos ata Xinzo, viven preto de sete mil persoas se excluímos o núcleo urbano de Ponteareas onde habitan unhas trece mil persoas.

É este un tramo de seis qm. que tamén pasa polo casco urbano de Ponteareas e por el circulan un elevado número de vehículos. Dadas as características descritas, é necesario poñer de manifesto que presenta unha grande inseguridade viaria.

Hai que engadir que neste tramo é moi utilizado para as comunicacións no ámbito local e comarcal. Trátase da estrada na que conflúen todas as comunicacións de Ponteareas e boa parte das da comarca pois neste tramo da N-120 conectan as estradas de competencia autonómica que comunican cos concellos e núcleos de: Salvaterra, Mondariz Balneario e Mondariz, ademais das estradas provinciais que comunican con: As Neves, Pazos de Borbén e Salceda de Caselas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:39
Nº Rexistro: 68209
Data envío: 22/07/2011 13:39:17.379

Aos efectos prácticos, o tramo descrito da N-120 funciona practicamente como unha vía urbana pero, que a excepción do núcleo de Ponteareas, nos seis qm restantes da estrada está sen urbanizar o que provoca numerosos accidentes que se poderían evitar si se adoptasen medidas para mellorar a seguridade viaria.

As estradas que comunican con Salvaterra, As Neves, Arbo, Mondariz e Mondariz Balneario, utilizan parte do entramado urbano de Ponteareas. Ao mesmo tempo, a estrada que comunica con Salvaterra é a que soporta o tráfico coa autovía A-52, tanto de Ponteareas como das citados vías que confluen no núcleo urbano e na N-120.

Compre, pois, reclamar actuacións para eliminar esta situación de risco que afecta e incide negativamente na vida diaria de case que 20.000 persoas, ademais da necesidade de solucionar unha demanda prioritaria de Ponteareas e comarca, reclamada dende a apertura da autovía en 1996. A construción dunha vía de conexión do núcleo urbano de Ponteareas coa autovía A-52, que permita ademais distribuír o tráfico das estradas provinciais e autonómicas sen pasar polas rúas de Ponteareas, polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta ao *Goberno Galego* a:

- 1) Reclamar do *Goberno do Estado* as actuacións necesarias para eliminar os potenciais riscos de inseguridade viaria no tramo da N-120 entre Arcos e Xinzo, no concello de Ponteareas.
- 2) Realizar as actuacións de seguridade viaria necesarias na estrada de competencia autonómica que cruza o núcleo urbano de Ponteareas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:39
Nº Rexistro: 68209
Data envío: 22/07/2011 13:39:17.379

- 3) Establecer un acordo de colaboración entre as catro administracións, estatal, galega, provincial e municipal, ao obxecto de estudar e propoñer unha solución ao intenso tráfico que atravesas as distintas estradas que cruzan Pontearreas, especialmente o núcleo urbano e a conexión coa autovía A-52 que incide directamente nas estradas de todas as administracións

En Compostela, a 21 de xullo do 2011.


Asdo.: Henrique Viéitez Alonso
Teresa Táboas Veleiro
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 22/07/2011 13:36:08

Teresa Táboas Veleiro na data 22/07/2011 13:36:14

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/07/2011 13:36:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:50
Nº Rexistro: 68218
Data envío: 22/07/2011 13:50:03.147

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das suas deputadas **Ana Pontón Mondelo** e **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa ás garantías de igualdade no acceso á interrupción voluntaria do embarazo e a súa prestación no ámbito público.

A entrada en vigor da *Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo* supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto. Porén, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias, que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave, as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen acceso a esta prestación na súa área sanitaria na rede pública, véndose obrigadas a desprazarse a clínicas privadas, e en certos casos, tendo que acudiren a Madrid para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co seu embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, abrindo ás portas a que fique fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica estase a producir unha privatización desta prestación, feito que nos preocupa e que cremos debe subsanarse. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

Na Galiza, segundo os últimos datos publicados –anteriores a entrada en vigor da lei- hai catro centros privados que realizan ive´s, con sede na Coruña e Vigo. Isto



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:50
Nº Rexistro: 68218
Data envío: 22/07/2011 13:50:03.147

significa que a maior parte das mulleres teñen que desprazarse no caso de interromper o seu embarazo a estes lugares. Isto supón dificultades importantes para moitas mulleres que teñen que desprazarse moitos quilómetros, co agravante de que nalgúns casos, estes teñen que producirse fora do territorio galego.

A Lei 2/2010, establece no seu artigo 19 que as administracións sanitarias deben asegurar a igualdade e calidade asistencial. É evidente que estas condicións non se producen na Galiza, e o máis grave, a Xunta non ten interese por corrixir esta situación, dificultando o acceso a un dereito.

Preocúpanos tamén a información que se ofrece ás mulleres que acoden a solicitar esta prestación. A Xunta, incumpre a obriga de dar información veraz e imparcial cando publicita a Red Madre, organización con claro contido anti-abortista e que difunde datos e opinións que non teñen aval científico sobre este asunto.

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Poñer en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, a fin de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
2. Garantir que a información que reciben ás mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2011 13:50
Nº Rexistro: 68218
Data envío: 22/07/2011 13:50:03.147

eliminaranse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galiza.

3. Realizar un plan de formación das e dos profesionais da saúde que incorpore a perspectiva de xénero, que atenda especificamente á formación en materia de saúde sexual e reprodutiva.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011.

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/07/2011 13:49:10

Ana Luisa Bouza Santiago na data 22/07/2011 13:49:13



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A primavera de 2011 foi en Galicia unha das máis secas das últimas décadas o que está a ter consecuencias importantes no sector agrogandeiro.

O incremento dos custes de produción nas explotacións e a situación de seca que afecta ás explotacións de leite e ás explotacións dedicadas á produción da carne ou aquelas que se dedican aos cultivos da horta dá como resultado a redución dos beneficios das explotacións que teñen en moitos dos casos resultados netos en valores negativos o que compromete o seu futuro e agrava a situación de crise que dende hai máis de dous anos soporta o agro en Galicia.

A seca que durante a primavera sufriu Galicia tivo como consecuencia unha redución da produción forraxeira das praderías nun 40%, cunha produción de silos de calidade pero de escasa cantidade, ao tempo que se viron reducidos os pastos e a colleita de herba seca e, se a situación de seca se mantén durante o verán, afectará de xeito importante ao principal cultivo forraxeiro das explotacións de leite: o millo.

Dese xeito unha vez que se consuman os silos, os gandeiros veranse obrigados a mercar os alimentos necesarios para cubrir os déficits de forraxes das súas explotacións nun momento no que os pensos están a acadar valores *récord* e os prezos das forraxes no mercado tamén se incrementaron.

Tal é así que os gandeiros terán que afrontar un sobrecoste destinado á substitución de forraxes por pensos de arredor de 1.200 euros mensuais sen que esta situación repercuta no incremento do prezo dos produtos de xeito que os ingresos xa moi diminuídos das



■ Grupo Parlamentario

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

explotacións caerán un 35% neste ano, o que incide na débil economía que sustenta as familias que viven no rural galego e que pode levar ao peche de moitas explotacións diante da falta de viabilidade, polo que é preciso que o Goberno galego adopte medidas que poidan revertir esta situación e permita facer fronte á situación de imprevisto e ás consecuencias da seca nas explotacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha con carácter urxente medidas co fin de paliar a grave situación na que se atopan as explotacións agrogandeiras galegas, e garantir a súa viabilidade, tal que permita facer fronte ás consecuencias da seca e ao incremento dos custes de produción de xeito que:

a) Se implementen de xeito urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras afectadas habilitando os recursos económicos necesarios para garantir que as axudas poidan chegar á axuda máxima permitida pola normativa comunitaria de mínimos.

b) Se poñan en marcha liñas de financiamento cunha carencia especial nos prestamos dos plans de mellora nos que ten compromisos a Xunta de Galicia no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013.

c) Se poña en marcha de xeito urxente unha liña de préstamos brandos para o aprovisionamento de forraxes nas explotacións, de xeito que permita aos agricultores e gandeiros cubrir o déficit de forraxa antes do previsible incremento dos prezos.

d) Se cree un observatorio da evolución dos prezos da cadea dos produtos agroalimentarios, que permita apoiar con datos inmediatos e obxectivos os incrementos dos custes de produción en calquera chanzo da cadea de xeito que, permita adoptar as medidas necesarias que contribúan á mellor regulación do sector, eviten distorsións e permitan reforzar a posición do sector produtor na cadea de valor.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

e) Se poñan en marcha medidas realmente efectivas co fin de permitir a mobilidade de terras e a ampliación da base forraxeira das explotacións a través do verdadeiro impulso dos procesos de concentración parcelaria e do Banco de Terras, para o que se achegará a suficiente dotación económica nos orzamentos da Xunta de Galicia.

f) Resolver, de ser o caso, as convocatorias de axudas pendentes e axilizar os pagamentos aos gandeiros e ás ganderías, nomeadamente naquelas convocatorias que están máis atrasadas dos plans de mellora e do CES.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2011

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 22/07/2011 12:29:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/07/2011 12:29:45



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado, **José Tomé Roca**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate **en Comisión**, en relación coas advertencias do Defensor do Pobo sobre a falta de colaboración da Consellería de Traballo e Benestar coa dita institución.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na presentación do informe anual correspondente ao ano 2010 que o Valedor do Pobo presentou diante do Pleno do Parlamento o pasado día 28 de xuño de 2011, puxo de manifesto a nula colaboración da Consellería de Traballo e Benestar coa Institución unipersoal, na defensa dos intereses dos galegos e das galegas.

A Consellería de Traballo fixo oídos xordos en 17 ocasións ás advertencias do Valedor, resultando ser ao mesmo tempo, a Consellería que máis advertencias recibiu polo falla de colaboración institucional.

Deuse ademais a circunstancia de que, a Consellería de Traballo e Benestar foi a que máis dificultou os trámites das queixas dos cidadáns de Galicia diante do Valedor do Pobo, que tivo que reiterar ata en 106 ocasións a documentación á Sra. Mato.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, a colaborar lealmente co Valedor do Pobo, como ten a obriga legal de facelo, para axudar a resolver as queixas dos galegos e das galegas que presenten diante da institución unipersoal.

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2011

Asdo.: José Tomé Roca
Deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 26/07/2011 11:31:26



Grupo Parlamentario

Abel Fermin Losada Álvarez na data 26/07/2011 11:31:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2011 11:10
Nº Rexistro: 68296
Data envío: 27/07/2011 11:10:28.529

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Ana Luisa Bouza Santiago** e **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O II Plan galego de Inclusión Social 2007-2013 contén medidas específicas para a abordaxe da problemática dos asentamentos precarios coa colaboración entre as administracións locais e autonómica. Na actualidade, a Cidade da Coruña ten a maior cantidade de persoas vivindo en chabolas e asentamentos precarios de Galiza.

En 2011, coa crise económica afectando a milleiros de familias galegas, a Xunta elimina dos orzamentos a partida destinada a programas de inclusión social, reduce drásticamente a partida destinada á loita contra a pobreza ou as axudas de asistencia no fogar e conxela pola vía dos feitos a cantidade de perceptores da RISGA e das axudas de Emerxencia. Todos estes recortes supoñen unha grave limitación á capacidade dos concellos de actuar conforme ao deseño proposto no II Plan de Inclusión.

Tamén afecta ao proceso de erradicación do chabolismo e de asentamentos precarios que iniciou o concello da Coruña, que adoce tamén da ausencia de programas de intervención social estables no tempo e falta de implicación das partes afectadas no proceso. Como consecuencia, estamos a ver nos últimos días o retorno



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2011 11:10
Nº Rexistro: 68296
Data envío: 27/07/2011 11:10:28.529

de familias completas a Penamoa.

Tamén nos últimos días, o incendio do Portiño puxo sobre a mesa a falta de acondicionamento do entorno no que viven estas persoas, que é responsabilidade conxunta do Goberno galego e o Concello.

Dende o BNG defendemos que a abordaxe desta problemática debe ser integral individualizada, estabel no tempo e comarcal e precisa ademáis do compromiso do Goberno galego.

Integral porque estos centos de cidadáns e cidadás están a vivir unha problemática de inclusión que ten aspectos de inserción laboral, de falta de solucións de vivenda digna, escolarización, atención á dependencia e incluso sanitarios.

Individualizada porque conviven unha gran diversidade de situacións e a práctica demostra que aplicar solucións xerais a problemas diferentes non os resolve e as veces empeoraos.

Comarcal porque é preciso poñer en marcha os recursos dos Concellos da Comarca de xeito coordinado e con transparencia e coñecemento das actuacións por parte das administracións implicadas.

Estabel no tempo porque as actuacións de inclusión teñen como obxectivo promover a autonomía das familias e das persoas e non só resolver problemas de urxencias que xeran dependencia indefinida de axudas públicas.

É este aspecto de integralidade das actuacións o que fai imprescindible o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2011 11:10
Nº Rexistro: 68296
Data envío: 27/07/2011 11:10:28.529

compromiso do Goberno galego para aportar actuacións naqueles eidos da súa competencia, fondos necesarios para levar adiante os programas e coordinación entre as distintas Administracións afectadas. Porén, o Goberno galego parece descoñecer a situación dos asentamentos de O Portiño, As Rañas, Penamoa e A Pasaxe e outros asentamentos menores da Comarca.

Facéndose eco desta situación, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a liderar a posta en marcha dun Plan comarcal para a inclusión social dos asentamentos precarios da Coruña, dentro do II Plan galego de Inclusión social, logo dunha avaliación dos avances e as eivas da aplicación do Plan galego nos últimos anos e un traballo previo de identificación das problemáticas e necesidades, que conte cun Programa específico para cada un dos asentamentos en coordinación coas familias afectadas, e as entidades e administracións implicadas e que considere os seguintes obxectivos:

- 1) Vivenda: Garantir o acceso a unha vivenda e a un hábitat dignos nun contexto normalizado, nun entorno seguro considerando os perímetros de protección contra incendios nos asentamentos cercanos a zona forestal.
- 2) Emprego: Apoio e promoción de mecanismos de formación e incorporación laboral, aplicando a clausula social da contratación pública e promovendo iniciativas empresariais de inclusión laboral dos colectivos implicados.
- 3) Educación: Facilitar e garantir o acceso á educación das e dos menores a cargo das familias afectadas
- 4) Sanidade: Posibilitar hábitos de saúde que melloren as súas expectativas de vida e o acceso normalizado aos recursos sanitarios públicos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2011 11:10
Nº Rexistro: 68296
Data envío: 27/07/2011 11:10:28.529

- 5) Participación: Favorecer procesos de participación en organizacións comunitarias que favorezan a convivencia intercultural.
- 6) Avaliación continua que permita adaptar os programas a cambios no tempo

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 27/07/2011 11:01:43

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 27/07/2011 11:01:49

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas e deputados, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Rosa Oubiña Solla, Yolanda Díaz Lugilde, Encarna González Montemuiño, Enrique Novoa López** e **Antonio Angel Fraga Sánchez**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de Motivos

A Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais dispón que a responsabilidade de manter as parcelas privadas entorno a núcleos habitados, en condicións tales que non favorezan a propagación de incendios e en consecuencia que faciliten a defensa das vivendas no caso de incendios, é dos propietarios.

A mesma Lei establece que son os concellos as administracións responsables de facer cumprir esta disposición requirindo dos propietarios o cumprimento do recollido na lei. No caso do incumprimento pode o concello levalos a cabo de forma subsidiaria repercutindo os custos nos propietarios.

Por outra banda o Artigo 7 da citada Lei establece como competencia municipal a aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

En relación a este asunto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Promover a redacción de planes municipais de prevención e defensa de incendios forestais que inclúan a concreción dos perímetros de vivendas, construcións e instalacións a xestionar en canto a biomasa de acordo a Lei 3/2007 de 9 de abril de Prevención e defensa de incendios forestais en Galicia incluíndo a análise da propiedade para poder facer efectivas as obrigas que claramente marca a citada Lei.
- 2.- Estudiar as posibilidades de colaboración cos concellos que contando con plans municipais de prevención e defensa de incendios forestais e co análise da propiedade das franxas de seguridade, determinen propiedades nas que xuridicamente non é posible determinar ao propietario”.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/07/2011 11:35:56

Maria Emma Álvarez Chao na data 27/07/2011 11:36:07

Maria Isabel García Pacín na data 27/07/2011 11:36:19

Rosa Oubiña Solla na data 27/07/2011 11:36:32

Yolanda Díaz Lugilde na data 27/07/2011 11:36:42

Encarnación González Montemuíño na data 27/07/2011 11:36:51

Enrique Novoa López na data 27/07/2011 11:37:00

Antonio Fraga Sánchez na data 27/07/2011 11:37:15

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa da deputada, **Lorena López Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos:

A vila de Redondela está presidida por dous viaductos do século XIX; o viaducto de Madrid, que actualmente está en desuso, e o de Pontevedra, que aínda hoxe continúa operativo e polo que circula actualmente o transporte ferroviario. Ámbalas construcións forman parte das sinais de identidade de Redondela, de xeito que é coñecida como a “Vila dos viaductos”.

O nomeado “Viaducto de Madrid”, tamén coñecido como “Viaducto Floriani”, constitúe unha obra vencellada á construción do ferrocarril en Galicia, patrimonio cultural e urbano a escala nacional, cuxas dimensións e situación o converten, posiblemente, na ponte de ferrocarril máis interesante do século XIX que se conserva no noso país.

O proxecto desta singular infraestrutura foi redactado polos enxeñeiros franceses de la “Compagnie de Fives Lilles” en 1872 quenes a súa vez encargáronse da construción. O deseño, seguindo o modelo que Eiffel estaba a poñer en boga en toda Europa, deu como resultado un corpo metálico con sillería granítica que salva o val e o núcleo de Redondela mediante dous tramos de acceso construídos con sillería e un tramo principal con vigas de celosía metálica sobre das que se apoia o taboleiro superior. No ano 1978 foi declarado Ben de Interese Cultural (sendo tamén o de Pontevedra), figurando no catálogo de bens industriais do Ministerio de Cultura e formando parte do Patrimonio do Estado.

Nembargantes o desuso e a falta de mantemento da obra contribuíron ao estado de grave deterioro que presenta dende fai anos o que contrasta coa protección que lle dispensa a normativa vixente en materia de patrimonio habida conta do seu carácter histórico e do seu indiscutible valor como testemuña do noso patrimonio cultural industrial, ao que débese engadir o carácter simbólico que ten para os redondelanos e redondelanas, circunstancias, todas elas, que xustifican a necesidade de acometer sen máis demora a restauración da infraestrutura.

Doutro lado, a degradación, a fatiga dos materiais, o óxido e outros danos que o viaducto presenta na actualidade esixen medidas de intervención urxentes por parte de Patrimonio do Estado de cara tanto á recuperación e posta en valor desta peza do noso patrimonio industrial como a solucionar os problemas derivados da perigosidade que conleva a degradación progresiva dunha infraestrutura que sobrevoa a vila de Redondela e que por mor dos desprendementos de ferrume e pintura, e algún outro elemento de maior envergadura (lémbrese que en abril de 2009 precipitouse sobre a vila dende o alto do viaducto una barra de 30 cm. de lonxitude e un quilo de peso), xa requiriu, como medida de seguridade urxente, a colocación dunha rede que envolve a súa contorna e que indefectiblemente debe verse como unha solución provisoria que non pode prolongarse no tempo nin demorar a intervención de maior calado que a súa rehabilitación esixe.

Así as cousas, realizados os estudos de avaliación do estado da infraestrutura e coñecido o grao e nivel de afectación dos seus materiais, urxe acometer as obras precisas que garantan a súa seguridade, recuperación e posta en valor.

En consecuencia, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei, para o seu debate en Comisión:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno Central para que impulse a tramitación administrativa pertinente e priorice as labores necesarias para acometer inmediatamente as obras de rehabilitación e posta en valor do “Viaducto de Madrid”, en Redondela”.

Santiago de Compostela, 27 de Xullo de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/07/2011 12:38:33

Lorena López Rodríguez na data 27/07/2011 12:38:53



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Cajide Hervés, Silvia Fraga Santos, Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e Sonia Verdes Gil**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

Os países do Corno de África están inmersos nunha grave crise humanitaria provocada por unha longa seca que desbaratou as colleitas, que está a matar o gando e que ten ameazadas a máis de 11 millóns de persoas. En Somalia, o estado máis afectado por esta situación, está a morrer diariamente un número indeterminado de persoas, especialmente nenos e nenas. O país é escenario dende hai máis de dúas décadas dun conflito armado que obrigou a centos de milleiros de persoas a trasladarse a campos de refuxiados de Kenia e Etiopía.

A Organización de Nacións Unidas (ONU) declarou a gran fame en dúas rexións do sur de Somalia. En Bakool e Lower Shabelle, un 30 por cento de nenos e nenas padecen malnutrición aguda. Segundo os seus datos, dúas persoas adultas e catro nenos e nenas de cada 10.000 están a morrer de fame ao día.

A FAO, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura, está a traballar arreo para facer fronte a unha situación que require axuda internacional masiva e urxente. Ducas de ONG que operan no territorio activaron campañas específicas de recadación de fondos para intentar paliar a gran fame, a pesares das dificultades coas que se atopan para repartir os alimentos.

O pasado 21 de xullo, Cooperación Galega anunciou que a Xunta de Galicia activou unha resposta de emerxencia ante a crise humanitaria. Para elo asinará un convenio coa ONGD Farmacéuticos Mundi que empregará os fondos Galegos en Dabaad, un campo de refuxiados de recente



Grupo Parlamentario

establecemento que coordinan Acnur e Unicef na localidade de Dabaad (Kenia).

Na información ofrecida por Cooperación Galega non se especifica a cantidade que a Xunta de Galicia destinará a loitar contra a fame e a seca en Dabaad. Fálase de 15.000 euros, pero este importe é compartido coa intervención sanitaria de emerxencia en 20 comunidades pigmeas que foron desprazadas polo conflito da República Democrática do Congo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As Organizacións non Governamentais e os organismos públicos están a facer un importante esforzo para axudar á poboación afectada pola gran fame. España destinará 25 millóns de euros ao longo deste ano. Ben que Somalia e os estados do Corno de África non son países preferentes no II Plan Director da Cooperación Galega, este documento recolle como obxectivo de traballo a necesidade de mellorar a axilidade e a eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución, como é o caso.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que, ata o de agora, eses obxectivos non se teñen acadado. Consideramos que a crise humanitaria que se está a vivir no Corno de África debe ser tratada de xeito individual e nunha partida específica, independente a outras actuacións. Unha partida de 15.000 euros non nos parece suficiente achega ante a gravidade da situación que están a atravesar as rexións afectadas pola gran fame.

15.000 euros é unha cantidade irrisoria que nada ten que ver coas dimensións do problema que está a sufrir a poboación do Corno de África. Por desgraza, esta achega confirma que a cooperación ó desenvolvemento non é unha prioridade para o Goberno galego. No mes de xuño, de feito, a Xunta de Galicia deixou sen efecto a convocatoria de subvencións para o inicio de proxectos de acción humanitaria e emerxencia, que tiña unha dotación orzamentaria de 300.000 euros, pese a desconformidade amosada polas Organizacións non Governamentais con esta decisión. Esta medida engádese ós drásticos e continuos recortes que están a sufrir os fondos para cooperación dende que o Partido Popular chegou ó Goberno galego. En dous anos, o orzamento para estes fins sufriu unha redución ó redor dun 40 por cento.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Habilitar unha partida extraordinaria e urxente dun millón de euros (36 céntimos por habitante) para destinada a paliar a gran fame que está a sufrir a poboación dos países do Corno de África.
2. Establecer unha estreita colaboración co Goberno do Estado, organismos internacionais, o sector privado e a sociedade para afrontar e tratar de mitigar este terrible desastre humanitario.
3. Facer un chamamento de sensibilización da cidadanía galega para a súa participación e colaboración individual coa causa.
4. Crear unha mesa sectorial con representación e participación da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento e do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade que se encargue de establecer un plan para a distribución das achegas no Corno de África.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Sonia Verdes Gil

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 27/07/2011 13:57:22

Silvia Belen Fraga Santos na data 27/07/2011 13:57:26



Grupo Parlamentario

Carmen Gallego Calvar na data 27/07/2011 13:57:31

María del Carmen Acuña do Campo na data 27/07/2011 13:57:37

Sonia Verdes Gil na data 27/07/2011 13:57:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/07/2011 13:57:48



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **Pablo Xabier López Vidal, José Tomé Roca, Ricardo Varela Sánchez, Sonia Verdes Gil, Concepción Burgo López e Ismael Rego González** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión.**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A determinación de executar unha Vía de Alta Capacidade entre Sarria e Monforte, adoptouse na pasada lexislatura por un Goberno socialista. A decisión de completar o eixe vertebrador Norte – Sur da provincia de Lugo será posible coa ampliación deste corredor ate a cidade de Monforte de Lemos.

Para que este obxectivo de mellora da mobilidade e da comunicación do sur de Lugo coa capital provincial se estea facendo realidade, foi preciso tomar o acordo de executar este vial, é dicir, vontade política para facelo, poñer os medios económicos para realizalo e seguir os pasos que marca o procedemento administrativo para executar as obras precisas para materializalo.

Así o Corredor Sarria – Monforte de 28 quilómetros de percorrido, está dividido en tres treitos que foron licitados e adxudicados na anterior lexislatura:

- Treito I. Sarria – Noceda: adxudicado o 13 de abril de 2009 por un importe de 37,2 M€. Está previsto o seu remate contractual a finais de 2011.
- Treito II. Noceda – A Áspera: adxudicado o 21 de maio de 2009 por un importe de 30,1 M€. Está prevista a súa finalización a finais do ano en curso.



Grupo Parlamentario

- Treito III. A Áspera – Monforte: foi adxudicado o 21 de xaneiro de 2009 por un importe de 25,1 M€ e ten previsto o seu remate a mediados de 2011.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Foi o día 14 de xuño do ano 2010 cando o actual Presidente da Xunta de Galicia xirou unha visita as obras deste vial e anunciou que este corredor estaría en disposición de ser utilizado pola cidadanía neste ano 2011.

Ninguén pode cuestionar a necesidade de rematar este vial de comunicación para que a rede viaria do noso país, en concreto no sur da provincia luguesa mellore de xeito substancial. Ganaremos en seguridade viaria nos desprazamentos, na calidade dos mesmos e a media temporal de desprazamento entre Monforte, Sarria e Nadela se verá moi reducida. Polo tanto esta actuación da Xunta de Galicia é vital para a mobilidade das persoas, das mercadorías e para gañar en competitividade e desenvolvemento futuro.

Coa chegada do Partido Popular a Xunta de Galicia, as dúbidas sobre o remate desta actuación nos prazos comprometidos empezan agromar cada día. Así hai noticias recentes que apuntan a paralización das obras neste mes de agosto por falla de presuposto para afrontar os pagos, e os traballadores das empresas adxudicatarias pasarán a situación de desemprego. Máis de 200 persoas iran a engordar as listas de desemprego pola falla de compromiso na execución desta estrada autonómica, se a situación non se remedia.

Si os traballos neste vial non continúan ao ritmo que estaba previsto e programado, o seu remate quedará adiado no tempo e será un impedimento para o desenvolvemento económico destas dúas comarcas da provincia de Lugo.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta que a consellería responsable das obras públicas do noso país é moi dada a poñer deberes a outras administracións que a pesares das dificultades seguen actuando no territorio e cumprindo os compromisos adquiridos para rematar as grandes infraestruturas de comunicación, e polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, diante do temor da paralización deste corredor, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rematar as obras do corredor Sarria – Monforte a finais deste ano 2011, tal e como estaba comprometido e previsto nos diferentes contratos de adxudicación desta obra pública autonómica, que está chamada a vertebrar o sur da provincia de Lugo.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

José Tomé Roca

Ricardo Varela Sánchez

Sonia Verdes Gil

Concepción Burgo López

Ismael Rego González

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez


Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 27/07/2011 12:28:38

José Tomé Roca na data 27/07/2011 12:28:45



 Grupo Parlamentario

Ricardo Varela Sánchez na data 27/07/2011 12:28:49

Sonia Verdes Gil na data 27/07/2011 12:28:56

María Concepción Burgo López na data 27/07/2011 12:29:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ismael Rego González na data 27/07/2011 12:29:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/07/2011 12:29:42

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa da deputada **Natalia Barros Sánchez**, ó abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

Na situación de crise económica que nos atopamos, tódalas empresas, sobre todo as pequenas e medianas empresas, tiveron que levar a cabo duros plans de axustes dos seus custes operativos, para poder subsistir, e manter a súa operatividade, cando a caída de vendas en xeral, é moi relevante polos recortes no consumo, e aínda a maiores, os problemas de tesourería, a falta de crédito, a morosidade, e os elevados custes da enerxía, os custes laborais pouco flexibles, complican mais si cabe a supervivencia destas empresas.

Un dos custos que de maneira sistemática soportan as empresas de hostalería, é o canon da SGAE, que de maneira inxusta se aplica unilateralmente, sen xustificación de que se faga realmente uso dos dereitos de autor por parte das empresas, e mesmo, en moitos casos aplicando ese canon inadecuadamente ás empresas, en lugar de aplicalo ós interpretes efectivos deses dereitos de autor, si realmente procede.

Po isto, e recollendo unha demanda clara do sector da hostalería, o Grupo Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno do Estado para a eliminación inmediata do canon que as empresas de hostalería, deben pagar por dereitos de autor”.

Santiago de Compostela, 28 de Xullo de 2011



Santiago de Compostela , a 08 de junio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/07/2011 10:53:43

Natalia Barros Sánchez na data 28/07/2011 10:53:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2011 11:34
Nº Rexistro: 68353
Data envío: 28/07/2011 11:34:11.022

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 4/2006 de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega establece no seu artigo 2 de Principios xerais que “as entidades comprendidas no ámbito de aplicación desta lei e o persoal ao seu servizo ... adecuarán as súas actividades aos seguintes principios xerais:

... c) Proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público autonómico”

O pasado 20 de xullo, antes da súa publicación na web do SERGAS, representantes da Consellería de Sanidade en rolda de prensa realizaban unha avaliación da evolución das listas de espera da sanidade galega que aparecían nos medios con titulares como:

“baixa a 18,4 días a espera en operacións de prioridade 1”

“mellora a actividade cirúrxica en xornada ordinaria”

A web do SERGAS publica cada trimestre uns datos de seguimento das listas de espera que están definidos nunha operación estatística. Publícanse esos datos e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2011 11:34
Nº Rexistro: 68353
Data envío: 28/07/2011 11:34:11.022

non outros porque son explicativos da situación galega de espera en cada momento, porque permiten unha comparación temporal de evolución ao ter continuidade nos criterios para contar persoas e calcular días e porque son comparabeis cos de outras CCAA. Pero nesta comparecencia, como nas que se veñen producindo nos últimos dous anos, apenas se fai referencia aos datos oficiais publicados e avalíase a xestión pública con datos sesgados, parciais e que non dan conta da realidade da sanidade galega.


Unha vez máis de novo non se proporcionan datos sobre actividade cirúrxica completa, o que non permite avaliar a verdadeira evolución da actividade máis directamente relacionada coas listas de espera cirúrxicas, a pesar das numerosas demandas realizadas dende o Grupo do BNG nestes dous anos.

Entendendo que o Goberno galego non está a dar cumprimento estricto da lei de transparencia e boas prácticas, o Grupo do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a cumprir nos seus termos a Lei 4/2006 de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega no referido á información sobre listas de espera e actividade cirúrxica completa.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2011 11:34
Nº Rexistro: 68353
Data envío: 28/07/2011 11:34:11.022

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 28/07/2011 11:31:15

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/07/2011 11:31:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2011 13:00
Nº Rexistro: 68406
Data envío: 28/07/2011 13:00:07.098

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á axuda humanitaria de urxencia a Somalia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización de Nacións Unidas (ONU) declarou unha situación de emerxencia humanitaria en Somalia onde a fame, causada polas guerras e as secas dos últimos anos, ameazan a vida de millóns de persoas.

Diante desta situación formulase a seguinte


PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dar axuda humanitaria urxente a Somalia, habilitando a tal fin un crédito extraordinario por un importe mínimo de un millón de euros..

Santiago de Compostela, a 28 de xullo de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2011 13:00
Nº Rexistro: 68406
Data envío: 28/07/2011 13:00:07.098

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/07/2011 12:57:48



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A fauna salvaxe e cinxética en xeral, e o xabaril en particular, son un patrimonio do medio ambiente natural galego, sendo responsabilidade pública o seu mantemento e conservación, de forma que poidan coexistir co desenvolvemento das actividades productivas no rural.

Nos últimos anos estamos a asistir en Galicia a un incremento espectacular das poboacións de xabaris, ata o punto de constituír unha praga, que supón un risco para a circulación viaria, e unha importante fonte de danos nas propiedades e cultivos dos agricultores e gandeiros.

Son reiteradas as ocasións nas que os sindicatos agrarios denunciaron o escaso compromiso do Goberno de Feijoo para adoptar medidas preventivas e de control da fauna salvaxe, nomeadamente para a activación da caza para o control dos danos causados polo xabaril, tal como recolle a lexislación galega de caza, denunciando así mesmo que a Consellaría do Medio Rural non renovou a convocatoria das axudas para o ano 2011 e adebeda o 90% do pagamento dos danos do xabaril do ano 2009, e a totalidade dos expedientes por danos do ano 2010, nunha liña de axudas que dende o ano 2006 se viñan publicando co fin de paliar os danos producidos polo xabaril cun tope de 1.500 euros por explotación e ano, que viña funcionando como unha “franquicia social”, e que permitía a agricultores e gandeiros recuperar as súas perdas ata ese tope, sen recorrer a largos e caros procesos nos tribunais de xustiza, en litixios cos TECOR e sociedades de caza, litixios que orixinan conflictividade social e veciñal.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Todo isto está a producir unha situación de indefensión nos afectados, un claro prexuízo económico, e unha importante conflitividade social que debe de resolverse de inmediato, mediante unha acción decidida da Xunta de Galicia, que dispón das competencias plenas en materia de Caza e Fauna cinexética e salvaxe, non sendo admisible por parte dos agricultores e gandeiros máis escusas nin atrasos na adopción de medidas urxentes por parte do Goberno galego.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.º) Achegar a suficiente dotación orzamentaria co fin de atender e dar cobertura a todas as solicitudes presentadas ao abeiro das convocatorias 2009/2010, para compensar os danos ocasionados polos xabarís nos cultivos, tal que se proceda de xeito urxente ao pagamento das axudas pendentes das devanditas convocatorias.

2.º) Achegar a suficiente dotación para facer fronte aos danos da presente campaña do 2011, e publicar no prazo máximo dun mes a correspondente convocatoria de axudas para o ano 2011, co fin de compensar os danos ocasionados polos xabarís nos cultivos coa axeitada revisión dos baremos de valoración económica dos danos.

3.º) Axilizar as inspeccións de campo e as peritacións en relación cos danos causados pola fauna salvaxe nos cultivos, nomeadamente polo xabari, que son comunicados polos titulares dos cultivos afectados á Consellaría do Medio Rural para o seu coñecemento.

4.º) Autorizar as medidas de control da especie mediante actuacións de caza controlada do xabari en calquera época do ano (mediante batidas ou esperas), sempre que existan danos demostrados e sexan solicitadas a instancia dos agricultores e gandeiros afectados, tal que sexan supervisadas e autorizadas pola Xunta de Galicia e xestionadas de forma áxil e inmediata, priorizando as batidas naquelas zonas de refuxio do xabari.



Grupo Parlamentario

5.º) Revisar os Plans de Xestión Cinexética dos TECOR, de forma que os censos e cotas de caza se adapten á realidade e se garanta por parte da Consellaría do Medio Rural o cumprimento das cotas anuais de caza establecidas en tales plans.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6.º) Habilitar liñas para a prevención dos danos das manadas de xabarís nas propiedades e cultivos, para o que se desenvolverán as seguintes medidas:

- a) Apertura de xeito inmediato dunha liña de subvencións ata o 100%, para o establecemento de medidas preventivas, como pastores eléctricos, postes, malla e cable eléctrico.
- b) Establecer axudas a medidas para o afastamento das manadas de xabarís das zonas cultivadas, e semente de cultivos disuasorios en zonas de monte, coa colaboración da Administración autonómica e dos TECOR para evitar que o xabaryl se desprace ás zonas de cultivo en busca de alimento.

7.ª) Promover cambios normativos co fin de modificar a Lei de caza de Galicia, para adaptala aos novos desafíos que presenta a xestión das poboacións de xabarís e a súa incidencia de danos nos cultivos, de forma que se garanta a coexistencia da fauna salvaxe, coa actividade produtiva no medio rural galego.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2011


Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 28/07/2011 13:27:30



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/07/2011 13:27:33

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A fauna salvaxe e cinexética en xeral, e o xabaril en particular, son un patrimonio do medio ambiente natural galego, sendo responsabilidade pública o seu mantemento e conservación, de forma que poidan coexistir co desenvolvemento das actividades productivas no rural.

Nos últimos anos estamos a asistir en Galicia a un incremento espectacular das poboacións de xabaril, ata o punto de constituír unha praga, que supón un risco para a circulación viaria, e unha importante fonte de danos nas propiedades e cultivos dos agricultores e gandeiros.

Son reiteradas as ocasións nas que os sindicatos agrarios e dende o Partido Socialista denunciámos o escaso compromiso do Goberno de Feijoo para adoptar medidas preventivas e de control da fauna salvaxe, nomeadamente para a activación da caza para o control dos danos causados polo xabaril, tal como recolle a lexislación galega de caza, denunciando así mesmo que a Consellaría do Medio Rural non renovou a convocatoria das axudas para o ano 2011 e que adebeda o 90% do pagamento dos danos do xabaril do ano 2009, e a totalidade dos expedientes por danos do ano 2010, nunha liña de axudas que dende o ano 2006 se viñan publicando co fin de paliar os danos producidos polo xabaril cun tope de 1.500 euros por explotación e ano, que viña funcionando como unha “*franquicia social*”, e que permitía a agricultores e gandeiros recuperar as súas perdas ata ese tope, sen recorrer a largos e caros procesos nos tribunais de xustiza, litixiando cos TECOR e sociedades de caza, litixios que orixinan conflictividade social e veciñal.

Todo isto está a producir unha situación de indefensión nos afectados, un claro prexuízo económico, e unha importante conflictividade social que debe de resolverse de inmediato, mediante



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

unha acción decidida da Xunta de Galicia, que dispón das competencias plenas en materia de Caza e Fauna cinexética e salvaxe, non sendo admisible por parte dos agricultores e gandeiros máis escusas nin atrasos na adopción de medidas urxentes por parte do Goberno galego, sendo prioritario resolver no curto prazo o pago inmediato dos danos pendentes.

É por ese motivo polo que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Achegar a suficiente dotación orzamentaria co fin de atender e dar cobertura a todas as solicitudes presentadas ao abeiro das convocatorias 2009/2010, para compensar os danos ocasionados polos xabaril nos cultivos, tal que se proceda de xeito urxente ao pagamento das axudas pendentes das devanditas convocatorias.

2.º) Achegar a suficiente dotación para facer fronte aos danos da presente campaña do 2011, e publicar no prazo máximo dun mes a correspondente convocatoria de axudas para o ano 2011, co fin de compensar os danos ocasionados polos xabaril nos cultivos coa axeitada revisión dos baremos de valoración económica dos danos.


3.º) Axilizar as inspeccións de campo e as peritacións en relación cos danos causados pola fauna salvaxe nos cultivos, nomeadamente polo xabaril, que son comunicados polos titulares dos cultivos afectados á Consellaría do Medio Rural para o seu coñecemento.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2011

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 28/07/2011 13:28:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/07/2011 13:28:47

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados e deputada, **Román Rodríguez González, Jaime Castiñeira Broz, Alejandro Gómez Alonso, Rosa Oubiña Solla e Jesús A. Goldar Güimil**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

A posta a disposición de solo empresarial apto para a implementación de novas actividades xeradoras de emprego é unha prioridade fundamental para impulsar a creación de postos de traballo e o desenvolvemento económico. A actual situación de diminución orzamentaria das administracións públicas está a dificultar a oferta de solo, sendo necesario implementar novas liñas de acción política que possibiliten, no actual escenario de crise, ofertar solo empresarial aí onde é necesario e, á vez, non incurrir nun investimento excesivo que dificulte a viabilidade da súa posta en marcha.

Desde a Xunta de Galicia xa se teñen dados pasos neste senso, como é o Rexistro de demandantes de solo empresarial que permitirá coñecer e planificar dun xeito máis axeitado a oferta de solo en función da demanda real existente nun prazo temporal razoable.

Faise preciso avanzar nesta liña mediante a posta a disposición de solo para aqueles emprendedores que o precisen, sen que esto supoña o adiamento por parte da administración dun desembolso económico difícil de asumir na actual conxuntura, vencellado ós custes de expropiación e urbanización.

Neste senso, e tras a aprobación dos instrumentos de desenvolvemento urbanístico nos que se fixa a ordenación e zonificación dos correspondentes polígonos-parques empresariais (con seus específicos estándares de sustentabilidade, alineacións, etc.), os entes encargados da promoción do solo deben afrontar desembolsos significativos relativos ós sucesivos proxectos de expropiación e posterior urbanización.

Có actual marco técnico-normativo faise complexo a posta a disposición de microáreas de solo empresarial, dentro dos ámbitos así cualificados, coa finalidade de permitir un desenvolvemento progresivo de solo adecuado ás solicitudes e a demanda real.

O impulso de microáreas de solo productivo posibilitaría que en ningún momento unha empresa topase dificultades para a súa implementación por ausencia de espazo dispoñible, e que os entes promotores non teñan que levar a cabo uns investimentos moi elevados, e cuns débiles retornos, nun momento de grandes restriccións orzamentarias como o actual.

Por tales motivos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incluír dentro das políticas de solo empresarial que se están a levar a cabo, a posta en marcha das medidas pertinentes orientadas a posibilitar ó desenvolvemento de microáreas empresariais, dentro de ámbitos cualificados para ese uso que contén cos pertinentes instrumentos urbanísticos aprobados de xeito definitivo”.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/07/2011 14:49:13

Román Rodríguez González na data 29/07/2011 14:49:19

Jaime Castiñeira Broz na data 29/07/2011 14:49:35

Alejandro Gomez Alonso na data 29/07/2011 14:49:43

Rosa Oubiña Solla na data 29/07/2011 14:49:54

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 29/07/2011 14:50:02



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **José Tomé Roca, Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura e María del Carmen Acuña do Campo** a través do portavoz e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, en relación coa supresión dun médico do centro de saúde de Escairón, concello do Saviñao.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A raíz do último concurso de traslados da Consellaría de Sanidade que afecta ao persoal sanitario da nosa Comunidade, prodúcese unha situación de perda efectiva e real de servizos para a adecuada atención sanitaria dos veciños do concello do Saviñao.

Antes do concurso da pasada primavera, O Saviñao dispoñía de 5 facultativos, repartidos 4 en Escairón e 1 en Currelos para atender as 4.181 tarxetas sanitarias que hai no concello. Froito do referido concurso vanse dous médicos do Centro de Saúde de Escairón e só vén un facultativo, quedando a quinta praza no que administrativamente se denomina como “cupo 0”, que non deixa de ser unha situación administrativa previa a amortización da praza, pero que na realidade aínda existe como tal, só que non se cubre.

Dende a Consellaría de Sanidade estase actuando para deixar O Saviñao sen unha das prazas que tiña, quedando na actualidade unha media de 1.045 tarxetas sanitarias para cada facultativo, mentres en concellos limítrofes como Sober e Pantón a media de tarxetas móvese entre as 562 e 633, respectivamente.

Ademais, temos constancia de que hai varios facultativos que están interesados en cubrir esa quinta praza que a Consellería está empeñada en facer desaparecer.

Con esta medida, a Consellaría de Sanidade está recortando claramente servizos sanitarios básicos para os veciños do Saviñao, un concello que ten 200 km² de superficie e uns 220 núcleos de poboación, o que dificulta a atención domiciliaria, cunha poboación moi envellecida, sendo o 45% maiores de 65 anos, sen ter en conta



Grupo Parlamentario

ademais, o gran incremento de pacientes que se produce no verán polo retorno en vacacións de persoas que no seu día emigraron dende O Saviñao cara a outras partes de España e mesmo do estranxeiro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Que a Consellaría de Sanidade cubra de inmediato a quinta praza que a día de hoxe, aínda está adscrita ao centro de Saúde de Escairón.

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2011

Asdo.: José Tomé Roca
Beatriz Sestayo Doce
Modesto Pose Mesura
María del Carmen Acuña do Campo
Deputados e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 01/08/2011 10:21:52

Beatriz Sestayo Doce na data 01/08/2011 10:21:57

Modesto Pose Mesura na data 01/08/2011 10:22:02

María del Carmen Acuña do Campo na data 01/08/2011 10:22:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2011 10:22:20



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A empresa EMESA, con factoría en Coirós, fundada no ano 1958 forma parte actualmente do Grupo ISOLUX. Ocupa instalacións de 26.000 metros cadrados dedicados a estruturas, caldeireiría e pintura, destinados a todo tipo de obra civil, pública ou privada. Así deseña e constrúe naves industriais, edificios, pasarelas, plataformas, tanques, canalizacións e mesmo pezas para a industria eólica. Algunhas obras senlleiras desa empresa foron: a nova terminal do aeroporto de Barajas, as cubricións dos parqués de carbón das Pontes e Meirama, a ponte de Rande ou a Fundación Pedro Barrié de la Maza.

No ámbito eólico, EMESA é unha das empresas de referencia, chegando a ter unha cota do 40% do sector nacional, na fabricación de fustes de aeroxeneradores, chasis para turbinas e alargadores de pás, entre outros elementos.

As instalacións de Coirós chegaron a ter, no momento de máxima ocupación, 360 postos de traballo directos e 450 indirectos, ademais da carga de traballo de 20 talleres externos para determinados procesos de produción. Hoxe en día a factoría conta con 152 traballadores, deles 140 directamente na produción. O pasado mes de marzo, a medio dun Expediente de Regulación de Emprego, 86 traballadores deixaron a factoría. Agora está a piques de rematar un novo ERE.

As causas desa situación son distintas. Dunha banda a retracción da economía internacional minora a carga de traballo en caldeireiría pesada, onde a factoría é moi competitiva no mercado exterior. Doutra banda a empresa non foi adxudicataria no último concurso de parques eólicos. Ademais a parálise do desenvolvemento eólico en Galicia impide a contratación de obra na área de infraestrutura eólica da empresa.

Alén da perda continuada de postos de traballo altamente cualificados, o proceso en curso pode significar a perda do *know-how* acumulado.

En consecuencia, cómpre que a Xunta actúe en dous sentidos: axudando á actividade comercializadora da empresa no exterior, na procura de carga de traballo, a medio da rede do Igape e doutras ferramentas, e facilitando a contratación de carga de traballo no sector eólico en Galicia, superando a actual parálise.



Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Activar unha liña de axudas á empresa EMESA que faga posible o mantemento do actual cadro de persoal nas instalacións de Coirós.

2.º) Cooperar coa empresa na procura de carga de traballo no exterior, utilizando os medios propios do Igape, o concurso do ICEX e os servizos conveniados coa Confederación de Empresarios de Galicia

3.º) Promover a participación das empresas galegas fabricantes de compoñentes para os parques eólicos, no desenvolvemento destes, poñendo en valor a capacidade e tecnoloxía existentes en Galicia.

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/08/2011 10:33:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2011 10:33:57



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A empresa GAMESA primeira industria nacional na fabricación de elementos para os parques eólicos, contaba en Galicia hai catro anos con 600 traballadores fixos máis 120 temporais. Actualmente están reducidos a 250, cunha carga de traballo que só garante a continuidade ata finais do presente ano. Trátase dunha empresa que leva 14 anos instalada en Galicia con factorías en diferentes lugares. A minoración da carga de traballo, consecuencia da parálise na construción de novos parques eólicos, repercute ademais nas empresas auxiliares.

A empresa, líder internacional no sector, está presente actualmente en diferentes mercados como Estados Unidos, China ou India. Pero en Galicia foi rexeitada no concurso para a adxudicación de parques eólicos. Ademais a propia parálise do concurso impide a contratación de carga de traballo.

A Xunta ten provocado unha situación paradoxal: obriga a pechar factorías altamente competitivas para levar adiante un pretendido plan industrial asociado ao concurso eólico, que promoverá a creación de postos de traballo. Cómpre preguntarse pola difícil equivalencia entre o que se destrúe, postos cualificados, tecnoloxía desenvolvida, carteira de clientes, e o que se anuncia, tan heteroxéneo como indeterminado. Mesmo resulta incomprensible que as empresas fabricantes de compoñentes e que participaron no concurso, foran excluídas en beneficio de outras empresas sen experiencia no sector. Así do concurso derivase inexorablemente a perda de tecido empresarial especializado.

A empresa GAMESA, doutra banda, reclama a autorización definitiva dos megawatios adxudicados antes do actual concurso e



Grupo Parlamentario

que, polo menos, permitirían unha certa carga de traballo. A Xunta está resultando insensible a esa formulación.

No momento actual non se coñecen as xestións da Xunta para evitar o progresivo peche da actividade industrial desa empresa en Galicia. É por iso que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Activar unha liña de axudas á empresa GAMESA que faga posible o mantemento do actual cadro de persoal nas Somozas.

2.º) Promover a participación das empresas galegas fabricantes de compoñentes para os parques eólicos, no desenvolvemento destes, poñendo en valor a capacidade e tecnoloxía existentes en Galicia.

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/08/2011 12:10:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2011 12:10:32



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Galicia conta cunha importante produción de pataca de arredor de 100.000 toneladas que producen as 3.000 ha dedicadas ao cultivo, sendo A Limia, Terra Cha, Bergantiños e Lemos as zonas de maior produción, que contan cunha especial protección outorgada pola Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia, baixo a que se comercializan case 6 millóns de quilos (algo máis de 5.700 toneladas no ano 2010) que xeraron no ano 2010 un volume de negocio superior aos 2,2 millóns de euros.

Malia segundo as denuncias do propio sector e das organizacións agrarias, os pataqueiros da Limia terán nesta campaña perdas millonarias motivadas pola “*crise do pepino*”.

A crise impediu que a produción de zonas con gran rendemento coma Andalucía saíse cara á exportación, polo peche dos mercados aos tubérculos españois de países coma Rusia ou Francia.

A saturación do mercado nacional, en zonas coma Madrid ou Castela onde se comercializaba a produción galega sobre todo na variedade temperá, coa produción da zona sur do país provocou unha baixada nos prezos de arredor dun 10%.

Dese xeito moitos produtores que tiñan comprometida a venda da súa produción atópanse coa situación de que o prezo que ofertan os almacéns apenas acada os 0,15 euros/quilo, recomendándolles que atrasen a colleita diante da importante oferta de produto.

As organizacións agrarias diante desta situación que está a provocar importantes perdas aos produtores defenden a necesidade de regulación das relacións comerciais entre produtores e almacenistas co



Grupo Parlamentario

fin de fixar prezos para cada colleita e garantir a recollida da produción mediante o impulso dos contratos homologados o que contribuiría a estruturar un sector da importancia do pataqueiro en zonas coma A Limia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É por ese motivo polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Promover co fin de reunir de xeito urxente unha mesa de negociación no sector pataqueiro que permita regular as relacións comerciais entre produtores e almacenistas, fixar prezos para cada colleita e garantir a recollida da produción, mediante o impulso dos contratos homologados no sector da pataca que aporte estabilidade e permita a estruturación deste sector en Galicia.

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2011

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 01/08/2011 13:47:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2011 13:47:24



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A produción vitivinícola constitúe en Galicia a produción agraria vexetal máis sobresaínte, que é a base do tecido económico e social da que depende unha importante parte do sector industrial e de servizos nas comarcas vitivinícolas, e que contribúen ao desenvolvemento en zonas con dificultades para desenrolar outras alternativas agronómicas, á xeración de emprego, á fixación de poboación e á conservación da paisaxe.

Galicia presenta así un importante potencial vitícola que rolda as 29.000 ha. de viñado, das que 9.000 ha se atopan amparadas baixo as cinco denominacións de Orixe, Ribeiro, Valdeorras, Monterrei, Ribeira Sacra e Rías Baixas, e tres como Viños da Terra.

Dende o anterior Goberno presidido polos socialistas comprometidos co impulso do sector vitivinícola e a fin de aportar estabilidade ao sector a través da estabilidade nos prezos promovemos o sistema de contratos homologados para a compra-venda de uva, co fin de establecer un acordo de prezo e ao tempo establecer fórmulas que permitiron o pagamento adiantado da colleita.

Malia o Goberno galego dende a Consellaría do Medio Rural non está a dar os pasos necesarios co fin de continuar co impulso dos contratos homologados para a compra-venda da uva para garantir a estabilidade no sector vitivinícola aínda que ten competencias plenas nesta materia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Impulsar e promocionar os contratos homologados para a compra- venda de uva nas diferentes Denominacións de Orixe para os viños galegos, apostando pola defensa e a calidade das Denominacións de Orixe galegas, e pola maior estabilidade dos prezos e en consecuencia maior estabilidade no sector vitivinícola, tal que :

a) Se manteñan as mesas de negociación co sector industrial e impulsalas para aquelas DO para os viños galegos que non as teñan, co fin de acadar acordos firmes entre produtores e adegas para fixar prezos xustos a través da sinatura de contratos homologados para a compra-venda de uva.

b) Se promova de xeito urxente a reunión das “mesas do viño” para a negociación dos contratos homologados para a compra-venda de uva naquelas DO para os viños galegos que non contén con contratos vixentes para a campaña de 2011, co fin de acadar que o 100% da produción estea amparada por contratos e permita ofrecer garantía de prezos aos produtores.

c) Se condicionen as axudas públicas á contratación homologada para o prezo da uva.

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2011

Asdo. Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Sonia Verdes Gil na data 01/08/2011 13:25:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2011 13:25:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Consello da Xunta do día 9 de xuño presentábase o informe polo que se daba conta do inicio da tramitación da Lei de montes, que limitará a segregación do terreo forestal para frear o "minifundismo", e que reducirá a denominada franxa de seguridade contra incendios forestais ao respecto dos núcleos de poboación e das edificacións, o que supón a xuízo do Goberno galego unha "actualización" do establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Dende o Partido Socialista consideramos que tales modificacións non ofrecen maior seguridade nin contribúen a garantir a protección e a defensa fronte aos incendios forestais e supoñen un paso atrás no que debe ser a prioridade do Goberno para garantir a protección das persoas e dos seus bens, así coma do territorio fronte aos lumes.

É por ese motivo polo que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar un acordo no seo do Consello Forestal, cos axentes representativos do sector e cos grupos con representación no Parlamento de Galicia co fin de promover un texto consensuado da Lei de montes, para que sexa aprobada no próximo período de sesións, co fin de promover a valorización integral e o aproveitamento multifuncional do monte, que contribúa á prevención de incendios e a preservar a riqueza medioambiental e paisaxística, e promova a mellor xestión e ordenación da propiedade forestal de xeito sustentable que contemple os seguintes aspectos:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.º) Estableza as redes de xestión de biomasa nos termos que prevé a Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, nomeadamente para blindar a especial protección dos núcleos poboacionais de xeito que se manteñan franxas de 100 metros para a xestión de biomasa arredor de calquera núcleo de poboación situado a menos de 400 metros do monte.

2.º) Recolla de xeito expreso a obriga de colaboración da Xunta de Galicia achegando as dotacións económicas necesarias para a sinatura de convenios de colaboración cos concellos, a fin da xestión da biomasa nas franxas de especial protección dos núcleos rurais.

3.º) Asegure unha franxa de protección de 50 metros libre de vexetación seca e masa arborada aclarada dentro da mesma propiedade en torno as edificacións en zonas forestais e de influencia forestal tal que:

a) Estableza as distancias mínimas para as repoboacións forestais e no contorno das vivendas e das edificacións existentes que garanta unha franxa de protección de 50 metros libre de especies consideradas pirófitas e de 10 metros para o resto das especies.

Parlamento de Galicia, 26 de xullo de 2011

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 01/08/2011 13:54:13

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2011 13:54:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Consello da Xunta do día 9 de xuño presentábase o informe polo que se daba conta do inicio da tramitación da Lei de Montes, que limitará a segregación do terreo forestal para frear o "minifundismo", e que reducirá a denominada franxa de seguridade contra incendios forestais ao respecto dos núcleos de poboación e das edificacións, o que supón a xuízo do Goberno galego unha "actualización" do establecido na *Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia*.

Dende o partido socialista consideramos que tales modificacións non ofrecen maior seguridade nin contribúen a garantir a protección e a defensa fronte aos incendios forestais, e supoñen un paso atrás no que debe ser a prioridade do Goberno para garantir a protección das persoas e dos seus bens, así como do territorio fronte aos lumes.

É por ese motivo polo que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar un acordo no seo do Consello Forestal, cos axentes representativos do sector e cos grupos con representación no Parlamento de Galicia co fin de promover un texto consensuado da Lei de montes, para que sexa aprobada no próximo período de sesións, co fin de promover a valorización integral e o aproveitamento multifuncional do monte, que contribúa á prevención de incendios e a preservar a riqueza medioambiental e paisaxística, e promova a mellor xestión e ordenación da propiedade forestal de xeito sustentable que contemple os seguintes aspectos:

1.º) Que regule os aproveitamentos do monte para o pastoreo do gando en réxime de liberdade ou semiliberdade, de xeito que:

a) Estableza un marco legal axeitado que regule esta actividade que teña en conta aspectos asociados ao desenvolvemento rural e a súa contribución a prevención de incendios.

b) Estableza a Consellaría do Medio Rural como o órgano competente para proceder ao decomiso e a retirada dos montes do gando mostrenco que se manexe de xeito inadecuado, que non conte coa autorización das persoas propietarias do monte ou da asemblea de comuneiros no caso dos montes veciñais en común,



Grupo Parlamentario

conforme ao plan de xestión do monte, non estea correctamente identificado ou saneado, para o que se arbitrará un sistema eficaz.

2.º) Garanta a protección das persoas e dos seus bens así como do territorio fronte aos lumes forestais, de xeito que:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

a) Estableza as redes de xestión de biomasa nos termos que prevé a *Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia*, nomeadamente para blindar a especial protección dos núcleos poboacionais de xeito que se manteñan franxas de 100 metros, para a xestión de biomasa arredor de calquera núcleo de poboación situado a menos de 400 metros do monte.

b) Recolla de xeito expreso a obriga de colaboración da Xunta de Galicia achegando as dotacións económicas necesarias para a sinatura de convenios de colaboración cos concellos, para a xestión da biomasa nas franxas de especial protección dos núcleos rurais.

c) Asegure unha franxa de protección de 50 metros libre de vexetación seca e masa arborada aclarada dentro da mesma propiedade arredor das edificacións en zonas forestais e de influencia forestal tal que:

cc) Estableza as distancias mínimas para as repoboacións forestais e no contorno das vivendas e das edificacións existentes que se garanta unha franxa de protección de 50 metros libre de especies consideradas pirófitas e de 10 metros para o resto das especies.

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2011


Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 01/08/2011 13:57:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2011 13:57:47



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2011 13:42
Nº Rexistro: 68601
Data envío: 02/08/2011 13:42:04.178

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos seus deputados **Henrique Viéitez Alonso e Bieito Lobeira Domínguez** e das súas deputadas **Isabel Sánchez Montenegro e María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á contaminación na ría de Vigo.

As Rías galegas son contornas mariñas semipechadas de alta complexidade, presentan unha grande riqueza biolóxica debido á influencia dos procesos de afloramento costeiro e está complementada coa aportación fluvial. Esta combinación de elementos xeolóxicos, físicos, oceanográficos e biolóxicos configuran as rías galegas como espazos naturais únicos no mundo e explican a súa elevadísima produtividade primaria e a súa riqueza ecolóxica.

A presión humana que sofre o litoral galego, e nomeadamente a Ría de Vigo, tradúcese na instalación de máis do 50% da poboación a menos de 50 Km da costa e en aumento, como resultado do desequilibrio poboacional de Galiza. Este feito, xunto coa consecuencia da industrialización e da presión extractiva leva a unha delicada situación ambiental do medio mariño. Cunha densidade media de máis de 300 habitantes/km², e cun aumento do 10,22% nos últimos anos contrasta coa situación da Galiza con 93,75 ha./km² e unha diminución do -2,52% ou a provincia de Pontevedra (218,01 ha./km²).



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2011 13:42
Nº Rexistro: 68601
Data envío: 02/08/2011 13:42:04.178

Protexer e conservar o litoral e o medio mariño é un requisito necesario para manter a biodiversidade no seu conxunto e preservar os recursos naturais que son base dunha importantísima actividade económica, garantindo a súa renovabilidade e mantendo a calidade de vida, no relativo ao traballo e ao lecer, dos habitantes do litoral.

Doutro lado, o Atlántico europeo mantivo unha escasa resposta internacional ás agresións causadas sobre o medio mariño. A costa galega leva aínda máis atraso na adopción de medidas que o resto dos países da ribeira europea. As diferentes Administracións e empresas privadas, lonxe de poñer as bases para mellorar a situación e calidade das augas da ría de Vigo non fan máis que presentar novos proxectos de recheos, de dragados, de creación de praias artificiais, de portos deportivos, etc., que furtan os espazos públicos e agravan a situación de impacto humano sobre o litoral.

As accións e obras realizáronse baixo a premisa do beneficio inmediato sen previsión global de futuro: son carentes de estudos básicos de impacto medio ambiental, de Planos de usos dos espazos portuarios; de planos Directores de infraestruturas e de Planos estratéxicos de saneamento integrais. No mellor dos casos as solucións propostas son malos e parciais parches que non solucionan os grandes problemas.

Nesta encrucillada atopamos a **Directiva marco sobre a estratexia mariña 2008/56/CE** pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño, que respalda a firme posición adoptada pola comunidade europea, no contexto do Convenio sobre a diversidade biolóxica, no que se refire ao



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2011 13:42
Nº Rexistro: 68601
Data envío: 02/08/2011 13:42:04.178

mantemento da biodiversidade, garantindo a conservación e uso sostible da biodiversidade mariña e a creación dunha rede mundial de zonas mariñas protexidas nun prazo concreto, marcado no ano 2012.

A protección do medio mariño costeiro da Galiza debe ter en consideración o marco legislativo iniciado a partires da *Directiva Marco da Auga* (DMA) (Directiva 2000/60/CE) e a súa transposición á lexislación española na modificación da *Ley de Aguas* (*Ley 62/2003 de 30 de diciembre, de medidas fiscales, administrativas y del orden social*), o *Reglamento de Planificación Hidrológica* (R.D. 907/2007), e a posterior *Instrucción de Planificación Hidrológica* (Orden ARM/2656/2008).

Especificamente a Unión Europea leva traballando intensamente nos temas marítimos e tratando de desenvolver normativas respectuosas cunha explotación responsable, o mantemento dos recursos, así como dos valores ambientais mariños.

Actualmente, a *Directiva marco sobre a estratexia mariña* (Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008) ven a ser o resultado dunha longa análise que deriva dende os documentos relativos aos debates a respecto da conservación mariña, *Cara a unha estratexia de protección e conservación do medio ambiente mariño*, COM(2002) 539 final do 2 de outubro de 2002, así como de documentos de conservación específicos como o *Regulamento polo que se establecen medidas relativas ás capturas accidentais de cetáceos* COM (2003) 451 final do 24 de xullo de 2003.

Estes documentos están enmarcados no espírito da *Directiva 92/43/CEE, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2011 13:42
Nº Rexistro: 68601
Data envío: 02/08/2011 13:42:04.178

silvestres; Directiva Hábitat, así como das directivas relativas ao desenvolvemento sustentable, como a Directiva *Desenvolvemento sostíbel en Europa para un mundo mellor: estratexia da Unión Europea para un desenvolvemento sostíbel*. Bruxelas, do 15 de maio de 2001. COM(2001)264.

A nivel estatal a Lei 41/2010, de 29 de decembro, a **lei de protección do medio mariño** figura como transposición da mencionada Directiva.

Os ecosistemas marítimos da costa de Galiza son particularmente interesantes por ser únicos na súa estrutura, orixe e características, cunha grande variedade de formacións xeolóxicas costeiras, acantilados, praias, fondos de ría, etc. As rías son formacións xeolóxicas configuradas por vales tectónicos de profundidade moderada inundados polo mar, que gozan de fertilización extra grazas a eventos estacionais de afloramento, entre os meses de abril e outubro. Albergan sistemas altamente produtivos con 260 g C /cm² ano como valor medio, o que equivale ao dobre de produción dunha sabana. Aínda que o afloramento é eminentemente costeiro, o seu efecto esténdese cara ao mar aberto influíndo en toda a plataforma galega.

Nas augas galegas preséntase unha encrucillada de fauna boreal e lusitana o que lle outorga un destacable valor bioxeográfico nos ecosistemas mariños e terrestres. Existindo especies que atopan en Galiza o seu límite setentrional ou meridional de distribución xerando ecosistemas de elevada biodiversidade.

Seguindo ao “Decreto 72/2004, do 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais”, a Ría de Vigo acolle:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2011 13:42
Nº Rexistro: 68601
Data envío: 02/08/2011 13:42:04.178


Foz do Miñor, Lic Es1140003 A Ramallosa, **Illas Cíes**, Lic Es0000001 Illas Cíes, **Illas Estelas**, Lic Es1140012 Illas Estelas, no concello de Nigrán, **Enseada de San Simón**, Lic Es1140016 Enseada de San Simón, **Costa da Vela**, Lic Es1140010 Costa da Vela, no concello de Cangas.

O **Rexistro Xeral de Espazos Naturais de Galiza**, creado polo “Decreto 82/1989, do 11 de maio” configura os seguintes espazos naturais que contan coa cualificación de chan rústico de protección de espazos naturais: **Barra, Cabo Home**, 1.052 ha., dende Punta Area Brava a Punta Balea. Concello de Cangas.

As razóns expostas anteriormente é o que nos leva a presentar a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1) Que se poña en marcha un **sistema de monitorización de indicadores na auga**, sedimentos e organismos vivos que garanta o seguimento da contaminación e permita perfeccionar as normas de calidade de auga existentes (Directiva 2008/105/CE de criterios de calidade ambientais).
- 2) A **recuperación do Observatorio Medio Ambiental da Ría de Vigo**, levado a cabo en anos anteriores polo Instituto Español de Oceanografía, o Instituto de Investigación Mariñas do CSIC e a Universidade de Vigo, sendo este o único barómetro de información social e medio de control sobre a contaminación e de información sobre a dinámica da Ría,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2011 13:42
Nº Rexistro: 68601
Data envío: 02/08/2011 13:42:04.178

coñecemento necesario para a realización de estudos de impacto ambiental e de rexeneración de espazos naturais.

- 3) Que se **poña en común a información científica xa existente**, derivada de diversos proxectos de investigación mariña, mediante o establecemento dunha mesa de exposición e debate que permita obter conclusións científicas relativas á síntese de información cuantitativa química e ecotoxicolóxica, así como medidas orientadoras para a xestión do ecosistema mariño da Ría de Vigo.
- 4) Que se dispoña de **mecanismos efectivos e necesarios para eliminar o furtivismo** e a venda ilegal de produtos mariños que causan un grave prexuízo ao sector produtivo e unha grave situación de saúde pública.
- 5) Que se **avalíe a necesidade de investigar a puntos de emisión crónicos e focalizados de contaminación e metais pesados** para tratar de estudar a posibilidade da súa minimización, retirada ou selado, de ser o caso.
- 6) Que en colaboración co Goberno do Estado e os concellos bañados pola ría de Vigo, se proceda nun prazo non superior a un ano á elaboración dun estudio integral e global de toda a ría de Vigo no que se contemple os usos e plans de futuro partindo da diversidade social e económica, co obxecto de compatibilizar e racionalizar os espazos e as necesidades industriais coas medioambientais.

En Compostela, a 01 de agosto do 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2011 13:42
Nº Rexistro: 68601
Data envío: 02/08/2011 13:42:04.178

Asdo.: Henrique Viéitez Alonso

Isabel Sánchez Montenegro

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputadas do G.P. do BNG.

Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 02/08/2011 13:38:33

Isabel Sánchez Montenegro na data 02/08/2011 13:38:39

Maria do Carme Adán Villamarín na data 02/08/2011 13:38:47

Bieito Lobeira Domínguez na data 02/08/2011 13:38:53

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso, Pablo Cobián Fernández de la Puente e Natalia Barros Sánchez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

En data 29 de xullo de 2004 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o chamado "Plan Sectorial da Rede Viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo".

Unha das actuacións aprobadas no Plan foi a Vía Ártabra, que discorre en dirección norte sur dende o porto de Lorbé ata a autovía A-6. O Plan aprobou o trazado dende o porto de Lorbé ata o polígono de Cambre e a conexión coa estrada autonómica AC-221, previo enlace coa estrada N-VI.

E dentro de esta planificación o concello de Cambre debía definir a través do seu planeamento urbanístico a prolongación da vía ata a AP-9 e a autovía A-6.

En relación coa conexión desta infraestrutura coa AP-9, en marzo de 2009, a entón Dirección Xeral de Obras Públicas aprobou definitivamente o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental do treito da Vía Ártabra: AC:221-AP-9-autovía A-6. Este proxecto foi obxecto de alegacións por parte do concello de Cambre e tamén presentou un recurso de reposición contra a resolución aprobatoria do proxecto.

Posteriormente co cambio de goberno e debido as restricións orzamentarias o treito comprendido entre a AP-9 e a A-6 deuse de

baixa na planificación orzamentaria do Plan Move por existir unha alternativa a este por autoestrada e autovía e pola oposición do Concello de Cambre.

E polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Continuar co proxecto de execución e construción da Vía Ártabra priorizando a execución do treito de conexión desta infraestrutura coa AP-9 .

2.- Elaborar un estudo que determine a evolución do tráfico e as necesidades de mobilidade existentes, logo de que se poñan en servizo a Terceira Ronda da Coruña, a conexión entre Lorbé e a AP-9 e o resto de infraestruturas previstas para esta zona, co fin de definir futuras actuacións e evitar investimentos improditivos. “

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/08/2011 9:51:18

Alejandro Gomez Alonso na data 03/08/2011 9:51:37

Pablo Cobián Fernandez de la Puente na data 03/08/2011 9:51:40

Natalia Barros Sánchez na data 03/08/2011 9:51:44

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso e Roman Rodríguez González, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

As peaxes implantadas polo anterior goberno portugués nas súas autovías están a xerar un problema de mobilidade entre o norte do país veciño e Galicia, xa que o incremento dos custes polas novas peaxes hai que sumarlle os problemas para acadar os dispositivos de telepeaxe para os usuarios do outro lado da fronteira portuguesa.

Esta decisión do goberno portugués e os sistema de cobro implantado nas autovías lusas, esta a xerar un enorme malestar nos máis de 75.000 galegos que tódolos días viaxan a Portugal, xa que a desinformación sobre o sistema para aboar as tarifas, hai que sumarlle a falla de dispositivos electrónicos esixidos para as estradas portuguesas a os non residentes para non ser multados con unha cantidade 10 veces superior a tarifa do treito polo que se circule, e con unha sanción mínima de 25 euros.

Esta situación levou ao goberno galego a manter diversas xuntanzas cos responsables do anterior goberno portugués e incluso ata enviou unha queixa formal polo problemas do cobro das portaxes lusas, xa que como afirman os representantes empresariais da eurorrexión, as taxas e os sistemas de cobro están a xerar enormes perdas en ambos marxes do río Miño.

E polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse a o Goberno do Estado para que negocie co goberno portugués un sistema de telepeaxe único para as autoestradas e autovías da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.”

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/08/2011 9:59:00

Alejandro Gomez Alonso na data 03/08/2011 9:59:07

Román Rodríguez González na data 03/08/2011 9:59:12

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso e Natalia Barros Sánchez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

Partindo da base de que os aeroportos galegos son de interese xeral, e por tanto competencia exclusiva do Estado, competencia que exerce a través do ente público Aeroportos Españoles y Navegación Aérea (AENA), o goberno galego é plenamente consciente da importancia que teñen as nosas terminais, non só como medio de transporte, senón tamén como foco de atracción turística e motor de desenvolvemento económico para toda a comunidade.

E por iso dende o primeiro momento se adoptaron medidas de urxencia para apoiar a o sector aeroportuario galego:

- *Negociando directamente dende o primeiro momento, os pertinentes convenios coas liñas aéreas low-cost que operan nos nosos aeroportos.*
- *Acadando a condonación, polo mesmo valor do aportado, das débedas que os entes promocionais que cada cidade tiña contraída coas aeroliñas.*
- *Creando complementariedades dos 3 aeroportos galegos para fortalecer a Galicia como destino único.*



- *E intentando consensuar a definición de novos voos con concellos de Vigo, Santiago e A Coruña, no seno do Comité de Rutas Aéreas.*

Estamos por tanto a falar dun estratéxico para o desenvolvemento económico e social do noso país, a través do impulso do sector *turístico*.

E polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Promover no seo do Comité de Rutas Aéreas de Galicia, para a súa presentación ante o Parlamento de Galicia, un “Plan Estratéxico para o desenvolvemento do sistema aeroportuario galego”, co obxectivo de mellorar a posición dos tres aeroportos galegos, incrementar o seu número de pasaxeiros de xeito estable e potenciar o tráfico de mercadorías por vía aérea. Este Plan contemplará, entre outros, o seguintes aspectos:

- *Deseño das liñas estratéxicas para o desenvolvemento do tráfico aéreo de Galicia co horizonte de 10 anos.*
- *O estudo de fórmulas de participación da Comunidade Autónoma de Galicia na xestión aeroportuaria.*
- *Deseño e desenvolvemento de campañas conxuntas con turoperadores para promocionar os novos destinos.*
- *A potenciación do tráfico de mercadorías, coa especialización dun dos tres aeroportos galegos.*
- *Apoiar a instalación de bases e centros permanentes das principais compañías aéreas.*



2.- Demandar ao Goberno central que elabore un marco xurídico estable que garanta de forma permanente e en condicións de normalidade o funcionamento do sistema aeroportuario.”

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/08/2011 9:49:40

Alejandro Gomez Alonso na data 03/08/2011 9:49:48

Natalia Barros Sánchez na data 03/08/2011 9:49:51

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso e Natalia Barros Sánchez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

A Terceira Ronda da Coruña é unha nova vía de 6 carrís con unha lonxitude de 4,5 quilómetros que ten como obxectivo comunicar a zona oeste da cidade, permitindo a conexión coa AC-552, AG-55 e AC-14 sen pasar polo centro da cidade.

Para elo a Administración Autonómica asinou un convenio no ano 2001 non que se contemplaba que o concello debería por a disposición os terreos e os servizos correspondentes, e así posteriormente a Xunta de Galicia, presentou a proxecto construtivo en decembro do ano 2003.

Co cambio de goberno, a Xunta Bipartita, co beneplácito do concello descompuxeron en tres treitos, e un deles en dous subtreitos, unha autovía de 4,5 quilómetros.

O resultado desta forma de tramitar unha obra pública e que catro anos despois de adxudicarse o primeiro tramo tan so estaban finalizados pouco mais de 2 quilómetros que, ademais, levan anos e meses inutilizados

É evidente que a actual Xunta non herdou unha obra pública ben xestionada, senón un proxecto mal planificado e pesimamente tramitado, e con importantes retrasos acumulados que non son imputables o actual goberno, nembargantes e imprescindible que o Ministerio de Fomento finalice o treito As Lonzas-Zapateira no



mesmo horizonte que o treito realizado pola Xunta para que este vial este plenamente operativo nas mesmas datas.

E polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- A impulsar as obras dos treitos autonómicos da Terceira Ronda no transcurso da presente lexislatura.
- 2.- A dirixirse ao Ministerio de Fomento co fin de que se comprometa a poren en servizo, o treito comprendido entre as “Lonzas-Zapateira” da Terceira ronda no mesmo período que a Xunta de Galicia. “

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/08/2011 9:55:11

Alejandro Gomez Alonso na data 03/08/2011 9:55:16

Natalia Barros Sánchez na data 03/08/2011 9:55:21

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso e Román Rodríguez González, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

A liña de Alta Velocidade do Eixo Atlántico “Ferrol-Fronteira Portuguesa” e unha infraestrutura que estaba incluída no Convenio asinado o 20 de decembro do ano 2000, entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento.

Esta liña conta con unha lonxitude de 210.6 km e foi deseñada e construída por travesas polivalentes, coa idea de substituír no seu momento o ancho ibérico polo UIC.

E dado que o goberno socialista de Madrid, lonxe de apostar pola mellora e modernización da nosa rede convencional do Eixo Atlántico, decidiu levantar as vías e pechar estacións, a futura posta en servizo do “*LAV-Eixo Atlántico con ancho internacional*”, traerá como consecuencia a eliminación dos tráfico de media distancia, mercancías e a implantación dos servizos de cercanías en Galicia.

E polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse a o Ministerio de Fomento para que proceda á recuperación da liña convencional do “Eixo Atlántico Vigo- A Coruña” para garantir a prestación dos servizos de mercancías e media distancia, así como a implantación do servizos de cercanías.”

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2011




Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/08/2011 11:21:07

Alejandro Gomez Alonso na data 03/08/2011 11:21:12

Román Rodríguez González na data 03/08/2011 11:21:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2011 12:28
Nº Rexistro: 68629
Data envío: 03/08/2011 12:28:30.842

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Ana Luisa Bouza Santiago e do seu deputado Fernando Xabier Blanco Álvarez, presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Partido Popular ven de rexeitar no Pleno do Parlamento unha iniciativa para instar ao Goberno galego a solicitar ao Consello de Contas un estudo específico sobre o impacto da utilización do sistema PFI para a construción de infraestruturas sanitarias na sostenibilidade da sanidade pública galega.

Nos últimos días o Consello de Contas presenta o Informe sobre peaxe na sombra, que forma parte do seu plan de traballo 2010. No documento avalíanse licitacións de infraestruturas viarias realizadas por este sistema analizando, entre outras cuestións, a fórmula empregada e incidencia desta no déficit público e nos orzamentos futuros comparando a alternativa pública fronte á público-privada.

Sen entrar en moito detalle, o informe fai referencia á utilización do sistema de concesión para infraestruturas sanitarias poñendo de relevo varias cuestións que as afectan:

1.- Non se está a facer unha avaliación exacta da repercusión orzamentaria futura do sistema. *“En materia sanitaria tamén se está utilizando o sistema de concesión para o financiamento de infraestruturas sanitarias. Ata o momento utilizouse o sistema no*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2011 12:28
Nº Rexistro: 68629
Data envío: 03/08/2011 12:28:30.842

hospital de Vigo cun importe anual que se sitúa ao redor dos 66 M€ en concepto de construción e mantemento. Neste ámbito os plans tamén apuntan a un uso intensivo destas fórmulas sen que se poida determinar con exactitude, por falta de información, o seu alcance e repercusión orzamentaria futura.”

2.- Non se está a dar información transparente dos proxectos: *“Dos 504 millóns de financiamento extraorzamentario en 2011 só se sinala que se corresponden co financiamento de entidades privadas procedentes de operacións realizadas a través de contratos CPP. Con todo, non existe ningunha información sobre que contratos están incluídos nesta cantidade e cal é o investimento previsto a executar en 2011 para cada un deles. De maneira fragmentada preséntase na memoria orzamentaria dalgunhas Consellerías información sobre o financiamento extraorzamentario....No caso da Consellería de Sanidade indícase na súa memoria un investimento, sen especificar o seu carácter extraorzamentario, de 75 millóns relativos ao hospital de Vigo, 19 millóns vinculados a tres centros de alta resolución e 47,5 millóns por construción e reforma de centros de saúde. “*

3.- Cuestiona a validez do informe incorporado nos orzamentos xa que non se establecen límites na contía dos compromisos e infórmase do xa feito, unha vez asinados os contratos.

Á vez, o informe realiza unha valoración da sostenibilidade e o impacto futuro nas contas públicas da adopción dos sistemas CPP, nun contexto de crise económica: *“ A asunción destes compromisos futuros e, sobre todo, a súa xeneralización ten tres implicacións que non deben obviarse:*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2011 12:28
Nº Rexistro: 68629
Data envío: 03/08/2011 12:28:30.842

- 1. A normativa actual da maioría das CCAA non establece ningún tipo de límite ao volume de compromisos futuros que a administración pode asumir, xa que os límites xerais existentes poden excepcionalmente con autorización dos consellos de goberno, o que pode xerar problemas na sustentabilidade futura das finanzas públicas.*
- 2. A asunción destes compromisos supón unha carga para os orzamentos seguintes que traslada o custo a xeracións futuras e limita a acción de próximos gobernos.*
- 3. Trátase de compromisos que nacen á marxe do orzamento e que se asumen sen que no documento orzamentario se informe sobre eles, o que limita a transparencia e impide o debate parlamentario sobre estas decisións.”*

Esta avaliación realízase sobre o cálculo dunha obriga anual de 400m€ xerada polos contratos CPP, que representaría o 50% do capítulo de Investimentos reais de 2011 e sería superior ao aforro bruto previsto nos orzamentos de 2010 e 2011 que ascende a 276 e 372 millóns, respectivamente. Nun contexto de medre da débeda até 2013 e coa pendente devolución dos anticipos a conta de 2008 e 2009 a realizar nos vindeiros anos.

Conclúe o Consello de Contas : *“Este feito xera incerteza sobre a sustentabilidade das contas públicas, sobre o custo que se traslada a xeracións futuras e sobre a capacidade de acción de futuros gobernos. Neste contexto resulta ineludible instar reformas normativas que establezan límites cuantitativos e cualitativos aos compromisos que se poden asumir, xa que non parece suficiente o actual marco*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2011 12:28
Nº Rexistro: 68629
Data envío: 03/08/2011 12:28:30.842

normativo que fai depender da responsabilidade dos xestores públicos a carga que se traslada ao futuro.”

Fai tamén o Consello de contas unhas recomendacións de cambios de procedementos que poñen en cuestión o rigor das decisións tomadas no proceso de licitación do Hospital de Vigo e da oportunidade das previstas para o resto das infraestruturas sanitarias galegas:

- Acreditar a necesidade da obra mediante unha análise custo-beneficio e a elección do sistema concesional baseado en criterios financeiros e orzamentarios.
- Limitar a actuación das asistencias técnicas externas na selección do contratista.
- Solicitar, antes de cada adxudicación, o criterio dos órganos competentes sobre o tratamento que recibirá a infraestrutura a efectos de déficit e débeda.
- Incluír na memoria das contas anuais información sobre os acordos de colaboración público-privada que inclúa, entre outros: descrición, importes, prazos, pagos realizados en concepto de canon, gastos futuros previstos, expedientes de reequilibrio.
- Realizar as reformas normativas necesarias para fixar límites á posibilidade de comprometer gasto con cargo a exercicios futuros, valorando a evolución do aforro bruto, a porcentaxe comprometida en cada capítulo e a proporción entre financiamento orzamentario e extraorzamentario.
- Planificar as infraestruturas en base a criterios estratéxicos e de rendibilidade económica e/ou social convenientemente fundamentados.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2011 12:28
Nº Rexistro: 68629
Data envío: 03/08/2011 12:28:30.842

Facéndose eco desta situación, o grupo parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a recoller as recomendacións do Consello de Contas e poñer en marcha as seguintes medidas referidas ás novas infraestruturas sanitarias galegas:

- 1- Planificar as infraestruturas sanitarias en base a criterios estratéxicos e de rendibilidade social convenientemente fundamentados recuperando o proxecto de Hospital único de Pontevedra.
- 2- Realizar as reformas normativas necesarias para fixar límites á posibilidade de comprometer gasto con cargo a exercicios futuros renunciando á decisión de construír polo sistema PFI os novos centros de saúde e de alta resolución.
- 3- Informar con transparencia e rigor dos compromisos adquiridos para a construción do Hospital de Vigo, do seu proxecto definitivo e das posibilidades de rescate para a xestión pública.
- 4- Reclamar do Goberno do Estado unha normativa clara de control cuantitativo e cualitativo do recurso aos sistemas de CPP para a construción de infraestruturas sanitarias.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2011 12:28
Nº Rexistro: 68629

Data envío: 03/08/2011 12:28:30.842

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 03/08/2011 12:22:28

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 03/08/2011 12:22:33

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/08/2011 12:22:38



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputados, **M^a José Caride Estevez, José Tomé Roca Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

O Goberno galego de xeito unilateral creou a clave de suspensión por proceso de orientación s-698. Pese as afirmacións feitas dende a Xunta de que dita clave se utiliza “única e exclusivamente” para identificar a un colectivo, a evidencia indica que este código se está a utilizar para maquillar as cifras de desempregados en Galicia.

Ante esta grave situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos a seguinte Proposición non de lei para a seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego á:

- Inmediata eliminación da suspensión por proceso de orientación (s-698) ou de calquera outra clave que altere a situación dos demandantes de emprego e non este recollida na orde ministerial de 11 de Marzo de 1985.
- Inmediata depuración de responsabilidades co cese dos responsables da maquillaxe das cifras de desemprego.
- Corrección das estatísticas de paro rexistrado, logo da eliminación da suspensión anterior, dende febreiro de 2011.

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez

José Tomé Roca

Ismael Rego González

Carmen Acuña do Campo

Manuel Gallego Lomba



Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 03/08/2011 12:49:29

José Tomé Roca na data 03/08/2011 12:49:37

Ismael Rego González na data 03/08/2011 12:49:45

María del Carmen Acuña do Campo na data 03/08/2011 12:49:51

José Manuel Gallego Lomba na data 03/08/2011 12:50:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2011 12:50:06

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso e Román Rodríguez González, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

O 14 de setembro do ano 2010 foi presentado na Conferencia Sectorial do Transporte celebrado en Madrid o Plan Estratéxico para o Impulso do Transporte Ferroviario, co propósito de convertelo nun modo competitivo e de calidade, mediante a configuración dunha rede ferroviaria eficiente, ben conectada a os portos e unida a unha rede de terminais loxísticas intermodais.

Para elo o Ministerio de Fomento iniciou un proceso de diálogo coas comunidades autónomas e os axentes e empresas vencelladas ao sector c obxecto de acadar un amplo consenso sobre a necesidade de potenciar o transporte de mercadorías por ferrocarril.

Como gran obxectivo cuantitativo, o Plan aspira a incrementar o transporte de mercadorías por ferrocarril, mellorando a súa competitividade e calidade ata alcanzar unha cifra entre 77 e 100 millóns de toneladas no ano 2010, e para elo o plan artella tres grandes liñas estratéxicas:

- 1.- un novo modelo de xestión do sistema.*
- 2.- A calidade e eficiencia do servizo.*
- 3.- A mellora das infraestruturas ferroviarias.*

En Galicia sabemos, que pola falta de planificación e investimentos que nos últimos anos leva aplicando o Ministerio de

Fomento na nosa rede ferro-portuaria, estase apor en perigo a operatividade de moitos dos nosos portos.

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitarlle dentro das actuacións a desenvolver no Plan de impulso do Transporte Ferroviario, a conexión prioritaria dos Portos Exteriores de Ferrol e A Coruña e do Porto de Vigo-Bouzas.”

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/08/2011 10:03:11

Alejandro Gomez Alonso na data 04/08/2011 10:03:16

Román Rodríguez González na data 04/08/2011 10:03:20

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa das deputadas e deputados Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Yolanda Díaz Lugilde, Rosa Oubiña Solla, Encarnación González Montemuíño, Angel Antonio Fraga Sánchez e Enrique Novoa López, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara formulan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

O 7 de agosto de 1998 o Boletín Oficial do Estado publicaba a Orde do 21 de xullo do 1998 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación pola que se ratifica o Regulamento da denominación específica “Lacón Galego” e do seu Consello Regulador.

Posteriormente publicase o Regulamento (CE) 898/2001 polo que se inscribe no Rexistro de Indicacións Xeográficas Protexidas da Unión Europea.

Dende ese momento o sector porcino galego está a reivindicar a necesidade de que outras partes do porco acaden este distintivo de calidade a fin de sacarlle maior rendabilidade a canle posto que con esta IXP sómente se está a comercializar entre o 10 e o 12 % da mesma.

E precisamente por isto que se está a demandar que outros aproveitamentos do porco sexan identificados a través dunha IXP, estes aproveitamentos serían o Chourizo, o Xamón, a Androlla e o Butelo, estes dous últimos a espera de recibir esta identificación por parte da Unión Europea.

As IXP como figuras de protección xorden en Europa cunha normativa unificada a fin de garantir a procedencia e a calidade homoxénea dos produtos alimentarios, ámbolos dous conceptos, procedencia e calidade homoxénea podemos encontralos no Chourizo Galego e no Xamón Galego, suficientemente recoñecidos

polas súas características organolépticas cunha ampla historia no territorio.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á XUNTA DE GALICIA a:

1.- Iniciar de xeito inmediato, en non máis de dous meses, cantos trámites sexan necesarios para acadar da Comisión Europea a Indicación Xeográfica Protexida para o Chourizo e o Xamón Galego.

2.- Instar ao Goberno do Estado a que se realicen os trámites oportunos ante a Unión Europea a fin de lograr a máxima celeridade no tratamento das solicitudes evitando así longas demoras na resposta.”

Santiago de Compostela, 04 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/08/2011 10:43:57

Maria Emma Álvarez Chao na data 04/08/2011 10:44:08

Maria Isabel García Pacín na data 04/08/2011 10:44:18

Yolanda Díaz Lugilde na data 04/08/2011 10:44:21

Rosa Oubiña Solla na data 04/08/2011 10:44:23

Encarnación González Montemuíño na data 04/08/2011 10:44:30

Antonio Fraga Sánchez na data 04/08/2011 10:44:34



Enrique Novoa López na data 04/08/2011 10:44:40



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Luís Méndez Romeu e Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O sector naval é un dos alicerces da economía de Vigo, sendo referente en España e mesmo en Europa. O nivel máximo de actividade foi acadado no ano 2008, con 11000 traballadores nos estaleiros e nas industrias auxiliares. A crise económica provocou unha minoración da carteira de pedidos que xunto coas dificultades financeiras ten reducido a actividade ós niveis actuais, arredor de 2000 traballadores, moitos deles afectados por Expedientes de Regulación de Emprego.

Máis aló da conxuntura o sector presenta fortaleza dabondo para recobrar o anterior nivel de actividade, por capacidade produtiva, experiencia e especialización. Así no momento actual existen negociacións para a firma de distintos contratos.

Nese contexto a Unión Europea ten aberto un expediente informativo polo uso do instrumento coñecido como “tax-lease”, vixente dende hai anos e que minora de xeito notable o custo final dos buques. Trátase dun instrumento fiscal e financeiro semellantes ós que están vixentes noutros moitos países comunitarios.

A iniciación do expediente ten producido a suspensión do procedemento e, xa que logo, a parálise dos procesos de contratación. O Goberno español está negociando coas autoridades comunitarias unha solución satisfactoria para as partes e que garanta a continuidade do instrumento devandito.

Organizacións empresariais, sindicais, institucións como o Concello de Vigo, o Consello Social de Vigo, mesmo a Xunta de Galicia, teñen amosado a súa gran preocupación. Procede que o Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

sume a súa voz e posición a un acordo social tan importante para a economía galega e nomeadamente para Vigo e o seu entorno.

Polo exposto, Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Instar ó Goberno do Estado a realizar as accións necesarias para restaurar a vixencia do instrumento “tax-lease”, de acordo coas autoridades comunitarias.
- Artellar, no seu caso, as medidas que permitan substituír o actual sistema por sistemas vixentes noutros países comunitarios.
- Adoptar, xunto co Goberno do Estado, as medidas necesarias e urxentes que permitan a recuperación do sector naval e do emprego.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2011

Asdo.: José Luís Méndez Romeu
Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 02/08/2011 11:56:23

José Manuel Gallego Lomba na data 02/08/2011 11:56:34

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/08/2011 11:56:40



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Sonia Verdes Gil**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A Consellería do Medio Rural está a reunir aos consellos de Zona para analizar as propostas dos Plans de desenvolvemento rural e os investimentos previstos que se puxeron en marcha e se enmarcan no Programa de Desenvolvemento Rural Sostible (PDRS) 2010-2014, para a aplicación da Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural, segundo o previsto no Protocolo Xeral asinado entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación de dita lei, o pasado 2 de febreiro de 2011.

A citada lei ten por obxecto establecer medidas para favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural, a fin de mellorar a situación socioeconómica e a calidade de vida das poboacións das zonas rurais no marco do respecto ambiental e o uso sostible dos recursos naturais, concretándose no Programa de Desenvolvemento Rural Sostible as medidas de política rural, así coma os procedementos e os medios para levalas a cabo que favorezan as condicións básicas que garantan a igualdade de oportunidades para os cidadáns que viven no rural.

As actuacións en Galicia van supoñer un investimento que supera os 170 millóns de euros, cofinanciadas ao 50% pola Xunta de Galicia e o Ministerio do MARM, a realizar no período 2010/2014 nas 12 áreas rurais que quedaron definidas no Programa de Desenvolvemento Rural Sostible, aprobado polo Real Decreto 752/2010, de 4 de xuño: As Mariñas, Lugo Central, Lugo Sur, Montaña Lucense, Rías Altas e Arco Ártabra, Terras de Santiago, Costa da Morte e Rías Baixas, Valdeorras, Miño Central, Depresións Ourenzáns e Terras do Sil, Pontevedra Norte e Rías Baixas, Pontevedra Este e Terras do Miño.

No protocolo xeral asinado no pasado mes de febreiro, o Goberno galego comprometéase a participar na elaboración dos plans de zona, poñendo en



Grupo Parlamentario

marcha un programa de participación pública e velando pola súa adaptación á Lei 45/2007 e as previsións do Programa de Desenvolvemento Rural Sostible, de xeito que no prazo de 4 meses, dende a sinatura do protocolo, se poida dispoñer dos proxectos de plans de zona para poder concertar as actuacións coa Administración Xeral do Estado e asinar o convenio de colaboración antes do 1 de xuño de 2011, a fin de que poidan executarse as accións contidas nos plans de zona aprobados con cargo aos orzamentos de 2011.

Por ese motivo cómpre valorar o grao de cumprimento dos compromisos acadados polo Goberno galego no Protocolo Xeral asinado coa Administración Xeral do Estado, así coma o proceso de elaboración dos plans de zona e analizar as propostas que inclúen os Plans de desenvolvemento rural tal que permitan revitalizar e conseguir dinamizar o noso medio rural .

A fin de mellorar a situación socioeconómica e a calidade de vida das poboacións das zonas rurais no marco do respecto ambiental e o uso sostible dos recursos naturais, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Aprobar, de xeito urxente, os *Plans de zona*, de xeito que se asine a maior brevidade posible o convenio de colaboración coa Administración Xeral do Estado para a execución das accións contidas nos *Plans de desenvolvemento rural* no marco do *Programa de Desenvolvemento Rural Sostible (PDRS) 2010-2014* para que se defina a estratexia de desenvolvemento rural e as actuacións concretas que:

- Teñan en conta os resultados do proceso de participación pública e promova a aplicación dunha política de desenvolvemento rural, cunha metodoloxía de abaixo cara arriba, baseada no enfoque territorial integrado e verdadeiramente participativo das entidades locais e dos axentes económicos, sociais e ambientais con presenza e actividade no territorio.

- Maximice os investimentos vía convocatorias en concorrencia



Grupo Parlamentario

competitiva, a fin de dar transparencia ao procedemento de adxudicación de proxectos.

- Permita cumprir co obxectivo que persigue a *Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural*, de favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural e mellorar a situación socioeconómica e a calidade de vida das poboacións das zonas rurais, no marco do respecto ambiental e o uso sostible dos recursos naturais, a fin de conseguir a dinamización do medio rural favorecendo as condicións básicas que garantan a igualdade de oportunidades para os cidadáns que viven no rural .


Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2011

Asdo.: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 04/08/2011 12:27:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/08/2011 12:27:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2011 13:10
Nº Rexistro: 68698
Data envío: 05/08/2011 13:10:54.428

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e do seu deputado **Fernando Xabier Blanco Álvarez**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O Presidente da Xunta, Sr. Núñez Feijóo ven de anunciar un recorte orzamentario na metade do exercicio de 128 millóns de euros sobre as cantidades aprobadas na Lei de Orzamentos para 2011 no Parlamento galego só cos votos do Partido Popular.

Recoñece con este anuncio, a irresponsabilidade na que incorreu o Goberno galego ao incorporar no seu día ao Orzamento para 2011 como ingresos, unhas cantidades que non estaban garantidas, como o tempo veu demostrar.

Realiza o presidente declaracións pouco claras sobre o impacto que esta redución orzamentaria vai producir na sanidade galega, que tivo xa un recorte en 2010 de 38 millóns de euros e de 183 millóns de euros en 2011, un total de 221 millóns de euros nos dous anos que o Partido Popular leva gobernando.

Hai que lembrar que os recortes producidos están deteriorando a asistencia sanitaria como poñen de relevo o empeoramento continuo das listas de espera, o peche de camas hospitalarias e centros de primaria por falta de persoal no verán e incluso o último informe presentado no Parlamento polo Valedor. Porén, tanto a Conselleira como o propio presidente manteñen un discurso triunfalista sobre os aforros logrados



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2011 13:10
Nº Rexistro: 68698
Data envío: 05/08/2011 13:10:54.428

e as melloras da xestión que só se ven na propaganda e non teñen un reflexo real nin nas cifras publicadas nin nos servizos prestados.

O BNG considera inaceptábel un novo recorte orzamentario da sanidade e esixe ao Goberno galego transparencia informativa e cumprimento rigoroso da obriga de definir como prioritaria a atención sanitaria á poboación, máis precisas que nunca en momentos de dificultades graves para as familias galegas.

Facéndose eco desta situación, o grupo parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a non aplicar recortes nos orzamentos sanitarios para 2011 aprobados polo Parlamento galego dada a situación de precariedade que padece na actualidade a sanidade galega.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2011 13:10
Nº Rexistro: 68698

Data envío: 05/08/2011 13:10:54.428

Ana Luisa Bouza Santiago na data 05/08/2011 13:05:05

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 05/08/2011 13:05:11

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 05/08/2011 13:05:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas M^a Soledad Soneira Tajés e M^a José Caride Estevez, e dos seus deputados Francisco Cerviño González e Manuel Gallego Lomba, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

A Unión Europea establece (Regulamento CE 853/2004 do Consello de 29 de abril) que só se poderán recoller molusco bivalvos vivos en zonas de produción con localización e límites fixos como pertencentes á clase A, B, ou C. Os primeiros poderán ser comercializados directamente, os segundos tamén, previa a súa depuración, e os terceiros só poderán ser destinados a procesos de transformado ou, se fose o caso, á venda directa despois dun período de reinstalación nunha zona cualificada como A.

A Conselleira do Mar e o Conselleiro de Medio Ambiente teñen feito anuncios públicos onde comprometían investimentos cuantiosos para sanear as nosas rías e así erradicar os focos de contaminación mais graves, que son os que condicionan a cualificación dos bancos marisqueiros polo seu nivel de contaminación, filosofía que comparte o Grupo Parlamentario Socialista, xa que esa foi a política aplicada polo Goberno Touriño e que perseguía o saneamento integral das nosas rías aproveitando o financiamento adicional procedente de Europa.

Agora parece que a Xunta de Galicia ten dado un xiro radical a aquelas pretensións, xa que establece como prioritaria a reinstalación, en zonas cualificadas como A, dos bivalvos procedentes de zonas C de toda Galicia. Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta medida só debe ser aplicada en situación moi puntuais e en ámbitos xeográficos próximos a estas zonas altamente contaminadas, pero nunca como solución definitiva a un problema que só se arranxará cando as augas das nosas rías se vexan libres dos vertidos sen tratar que actualmente recollen de moitos puntos da beiramar urbana.



Grupo Parlamentario

Por iso, tentando buscar solucións definitivas que acaben con enfrontamentos, perdas e situacións rocambolescas, como as acontecidas neste mes de agosto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a priorizar e acometer, con carácter de urxencia, os investimentos que fosen necesarios para o saneamento integral das nosas rías, con especial atención a aqueles puntos cualificados como “C” pola normativa, a fin de garantir a súa recuperación medioambiental e a súa función produtora de mariscos de primeira calidade e xeradora de emprego e de riqueza.”

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2011

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
M^a José Caride Estevez
Francisco Cerviño González
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


María Soledad Soneira Tajés na data 08/08/2011 10:00:55

María José Caride Estévez na data 08/08/2011 10:00:58

Francisco Xulio Cerviño González na data 08/08/2011 10:01:07

José Manuel Gallego Lomba na data 08/08/2011 10:01:13

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/08/2011 10:01:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2011 13:26
Nº Rexistro: 68729
Data envío: 08/08/2011 13:26:32.856


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á defensa da actividade produtiva e do emprego nos bancos marisqueiros actualmente clasificados como Zonas C.

A Consellaría do Mar, de xeito unilateral, decidiu eliminar de vez todos os convenios subscritos coas confrarías para a recuperación e mellora produtiva do marisqueo nas áreas catalogadas como Zona C, isto é, aquelas que segundo a normativa comunitaria vigorante (Regulamento (CE) 853/2004, do Parlamento Europeo e o Consello, e Regulamento (CE) 854/2004) non poden comercializar en fresco o marisco extraído nin aínda submétendoo a procesos de depuración intensiva.

Estes convenios viñan paliar un problema xerado historicamente polo Goberno español e a Xunta de Galiza, vinculado ás carencias existentes en materia de depuración e saneamento nas nosas rías, que culminou coa entrada en vigor da citada normativa comunitaria, convertendo á Galiza no litoral de todo o Estado español con maior número de zonas C e con afección directa a aproximadamente 1.000 mariscadoras e mariscadores.

En 1991, hai xa 20 anos, entraba en vigor a Directiva Comunitaria 91/271, do 21 de maio sobre a calidade das augas dedicadas ao marisqueo, con fondos destinados á súa mellora. Até o ano 2004, sucesivos gobernos do Partido Popular, irresponsabelmente, utilizaron os fondos comunitarios, inicialmente previstos para



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2011 13:26
Nº Rexistro: 68729
Data envío: 08/08/2011 13:26:32.856

enfrentar o problema da contaminación mariña a través da posta en marcha de procesos e infraestruturas de saneamento e depuración de augas residuais, para outros fins ben distintos: obras no litoral, paseos marítimos, recheos de todo tipo (algúns deles mesmo acabaron con bancos marisqueiros) cunha funcionalidade claramente electoralista. Os resultados deste proceso no período 1991-2004 están á vista. E a responsabilidade recae exclusivamente nos sucesivos gobernos do Partido Popular baixo presidencia de Manuel Fraga. Nin máis nin menos.

E agora, cun novo Goberno do Partido Popular, a situación non mellora, senón que recúa e empeora en amplas zonas do noso litoral. Durante máis de dous anos a actual Consellaría do Mar mantivo (aínda que minorados) os convenios coas diferentes confrarías afectadas pola situación descrita. Porén, é agora cando precipitadamente e sen consulta nin negociación previa co sector marisqueiro, decídese eliminar estes convenios.

Obviamente é falsa a tese de que eliminando os convenios se crearán máis postos de traballo. O BNG é firme defensor do dereito de mariscadoras e mariscadores a produciren e viviren dignamente do seu traballo. Mais para a verificación deste principio cumpre primeiro que as administracións responsábeis cumbran co seu deber e deixen os bancos marisqueiros aptos para este traballo. Até o momento a Consellaría do Mar ten abdicado ostentosamente deste cometido, e adoptado as medidas máis inxustas e crueis destinadas precisamente a este colectivo de traballadoras e traballadores. E esta última decisión insírese xustamente nese contexto. O Goberno do Partido Popular prefire aforrar cartos nos colectivos que máis os precisan. Mágoa que esa “austeridade” non se practique coas grandes



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2011 13:26
Nº Rexistro: 68729
Data envío: 08/08/2011 13:26:32.856

empresas e corporacións económicas ou no apoio á acuicultura industrial ou á construción de instalacións náutico-deportivas para a posterior xestión privada.

As consecuencias prácticas desta decisión poden ser desastrosas. En concreto para dúas rías –A Coruña e Ferrol- que padecen en maior medida os problemas da contaminación e sedimentación e a lacra do furtivismo organizado. Bancos marisqueiros como o das Pías están a menos do 40% da súa produtividade. Algo similar acontece na ría do Burgo. Nestes casos a reinstalación do marisco non é unha alternativa viábel, senón unha coartada que xustificará a perda de centos de postos de traballo directos e outros inducidos. Porque ou non hai marisco que reinstalar, ou ben o que hai non posúe a talla mínima comercial.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Restituír de inmediato os convenios para a recuperación e mellora produtiva do marisqueo nas áreas catalogadas como Zona C con aquelas confrarías que libre e voluntariamente o solicitaren.

2.- Pór en marcha un proceso de mostraxe dos bancos marisqueiros afectados pola súa catalogación como Zona C que avalíe a biomasa existente nos mesmos e calcule a posibilidade de extracción de bivalvos con talla comercial para a súa eventual reinstalación atendendo á súa densidade, cantidade e valor no mercado.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- A opción da reinstalación será voluntaria, e adoptada polos órganos reitores das entidades que desenvolven o labor extractivo.

4.- Presentar no Parlamento galego, nun prazo de dous meses, un cronograma completo, cos correspondentes orzamentos, vinculado aos obxectivos de descontaminación, dragaxe de lodos, depuración e saneamento integral de cada unha das rías galegas.

5.- Crear unha Mesa de Diálogo, coa participación da Consellaría do Mar, organizacións do sector e sindicatos, para a avaliación e negociación das medidas a adoptar neste ámbito.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 08/08/2011 13:09:41



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Sonia Verdes Gil**, a traves do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Durante a semana pasada fixéronse públicas as desavenencias entre os socios cooperativistas de Alimentos Lácteos S.A pola falta de democracia interna no seo da sociedade, logo de coñecerse o cese do xerente da empresa, controlada polos dous socios maioritarios La Arzuana e Gangobre, motivado polos desacordos relacionados coa política empresarial e comercial do grupo cooperativo diante das dificultades financeiras que atravesa a empresa.

O proxecto de Alimentos Lácteos, para a xestión da planta de Pascual en Outeiro de Rei, foi a aposta do Goberno de Feijoo, que rexeitou apoiar ao proxecto que integraba ao conxunto de cooperativas galegas antepoñendo os intereses do Partido Popular sobre os intereses do conxunto do sector leiteiro galego, actuando de xeito partidista e sectario promovendo e implicándose nun proxecto débil, liderado por 5 pequenas cooperativas vinculadas ao Partido Popular.

E por ese motivo polo que cómpre coñecer a valoración do Goberno galego e as accións que ten previsto levar a cabo ao respecto da situación que está atravesar a empresa Alimentos Lácteos, a fin de garantir a viabilidade do proxecto e o futuro da planta de Pascual en Outeiro de Rei e o mantemento dos postos de traballo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a liderar e levar a cabo as accións necesarias a fin de promover un cambio de estratexia para reflotar o proxecto de Alimentos Lácteos tal que :



Grupo Parlamentario

- Permita retomar o proxecto que lideraba Feiraco para a xestión da planta de Pascual en Outeiro de Rei.

- Se implique activamente para impulsar a integración do conxunto de cooperativas galegas, garantindo a súa participación democrática e en igualdade de condicións na sociedade, de xeito que en base ao dimensionamento e a viabilidade dun proxecto cooperativo forte garanta o futuro e a actividade da planta de Outeiro de Rei e o mantemento dos postos de traballo.

– Complemente un proxecto cooperativo, que en base a diversificación cara a produción de derivados lácteos, puidera xurdir para a xestión da factoría de Clesa en Caldas de Reis, que permitira sentar as bases do Grupo Lácteo Galego a fin de aportar maior estabilidade ao mercado do leite e vertebrar o sector leiteiro en Galicia.”

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2011

Asdo.: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Sonia Verdes Gil na data 09/08/2011 12:58:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/08/2011 12:58:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Sonia Verdes Gil**, a traves do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O pasado día 4 de agosto o comité de empresa da planta de Clesa en Caldas de Reis era informado, polos administradores concursais, do expediente de regulación de emprego (ERE) con carácter de extinción dos contratos, que afecta a todo o cadro de persoal e que terá efectos a partires do próximo mes de setembro, logo de que Clesa S.L. fora declarada en concurso de acredores o pasado 30 de Maio.

Ao mesmo tempo os representantes da Consellería de Industria e da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia celebraban unha reunión cun grupo de cooperativas galegas a fin de coñecer o seu interese por dita empresa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista defendemos e esiximos en multitude de ocasións ao Goberno galego que liderara as accións necesarias para garantir a continuidade e o futuro da planta, a fin de promover un proxecto que integrara ao conxunto de cooperativas galegas e que puidera servir de xermolo para sentar as bases do grupo lácteo galego, coma unha solución para o sector leiteiro galego, aproveitando a oportunidade que ofrece unha planta transformadora coma a de Clesa dedicada á produción de derivados lácteos, que xeran maior valor engadido e que permitiría fortalecer ao sector produtor leiteiro en Galicia aportando maior estabilidade a dito sector.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión.



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a liderar cantas accións sexan necesarias a fin de garantir o futuro e a viabilidade da planta de Clesa, no Concello de Caldas de Reis, e o mantemento dos postos de traballo, tal que aproveitando a oportunidade de diversificación da produción que ofrece a factoría de Caldas de Reis:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Se implique de xeito activo, amosando o apoio institucional e a participación política e económica da Administración da Xunta de Galicia, para promover un proxecto do sector leiteiro galego para a xestión da factoría .
- Promova un proxecto de base cooperativa forte en base ao dimensionamento e a integración do conxunto de cooperativas galegas en igualdade de condicións, que permita sentar as bases do Grupo Lácteo Galego, a fin de fortalecer ao sector produtor leiteiro en Galicia e aportar maior estabilidade ao sector lácteo galego.

Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2011

Asdo.: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 09/08/2011 12:43:40

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/08/2011 12:43:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2011 09:30
Nº Rexistro: 68754
Data envío: 09/08/2011 14:27:52.308

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Isabel Sánchez Montenegro** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

No DOG do 8 de agosto de 2011, publícase a *ORDE do 19 de xullo de 2011 pola que se modifica a Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galiza para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013*.

Esa modificación supón a supresión das axudas ás entidades locais de Galiza destinadas ao transporte de residuos sólidos urbanos de bolsa negra ata as estacións de transferencia ou plantas de xestión máis próximas, así como a anulación do importe de 589.723 € previsto nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2011 destinado a esas axudas.

Un transporte que é consecuencia do modelo SOGAMA de xestión de residuos sólidos urbanos, un modelo irracionalmente centralizado que o BNG ten reiteradamente rexeitado.

Un modelo que, tal e como denuncia o informe do Consello de Contas publicado no 2005, supón o *incumprimento do principio de proximidade no tratamento dos RSU*, e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2011 09:30
Nº Rexistro: 68754
Data envío: 09/08/2011 14:27:52.308

causa comportamentos antieconómicos no traslado do mesmo” (Conclusión 8)

No actual momento de forte crise económica a supresión desas axudas supón un gravísimo problema para moitos concellos que carecen de fondos suficientes para asumir o custo total do transporte dos seus residuos sólidos urbanos ata as estacións de transferencia ou plantas de xestión correspondentes.


Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

- Anular a *ORDE do 19 de xullo de 2011 pola que se modifica a Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galiza para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.*

- Manter *as axudas ás entidades locais de Galiza* destinadas ao transporte de residuos sólidos urbanos de bolsa negra ata as estacións de transferencia ou plantas de xestión máis próximas, así como o importe de 589.723 € previsto no artigo 32 da Orde do 29 de decembro de 2010 con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541D.460.2 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2011 destinado a esas axudas.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2011 09:30
Nº Rexistro: 68754
Data envío: 09/08/2011 14:27:52.308

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 09/08/2011 14:26:54

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 09/08/2011 14:26:59



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativas dos seus deputados **Modesto Pose Mesura e José Tomé Roca**, e das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce**, a través do seu portavoz e o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**

Exposición de motivos

O art.56 da Lei xeral de sanidade define as Areas de Saúde. como as estruturas fundamentais do Sistema Sanitario. É nas Áreas Sanitarias, onde se leva a cabo a xestión unitaria de centros e establecementos do Servizo de Saúde das CCAA , onde se desenvolven os programas sanitarios e onde se fan efectivas as prestacións sanitarias, tanto no ámbito da Atención Primaria como no da Atención Especializada, sexan prestacións de prevención, de promoción, de curación ou de rehabilitación.

A CE, o Estatuto de Autonomía e a Lei xeral de sanidade da competencias as CCAA para delimitar as Areas de Saúde da comunidade autónoma e se delimitarán tendo en conta factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, epidemiolóxicos, culturais, segundo dotacións sanitarias. etc. Cada provincia terá como mínimo unha e serán dirixidas por un órgano propio, de participación: o Consello de Saúde de Area, de dirección: o Consello de Dirección de Area e de xestión: o xerente de Area.

O Decreto 126/84, establece o Mapa Sanitario de Galicia, modificado posteriormente polo Decreto 55/89, de revisión do Mapa Sanitario, onde se reducen os sete niveis de ordenación asistencial a catro: rexión sanitaria, Area de Saúde, Zona Sanitaria de Atención Integrada e Zona de Saúde de Atención Primaria. Nesta ordenación, o Salnés non foi contemplado como Area Sanitaria.

A Lei 13/92, creou a Area Sanitaria do Salnés. O Decreto 324/92 a define como integrada polas zonas de saúde Cambados, Vilanova e Vilagarcía. e a integra na Rexión Sanitaria Sur.



Grupo Parlamentario

O Decreto 168/10, regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde para aplicar só en Coruña e Santiago. No Decreto 162/11, tamén se regula esa mesma estrutura organizativa para o Salnés e Pontevedra.

Dado que o Partido Popular insiste en que non se modificou o Mapa Sanitario de Galicia e polo tanto o Salnés segue a ser Area Sanitaria, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar a Area Sanitaria do Salnés ca mesma estrutura de xestión e as mesmas competencias de planificación en recursos asistenciais, económicos e de persoal co resto das areas sanitarias de Galicia, como Ferrol, Vigo ou Pontevedra.

Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura
José Tomé Roca
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 09/08/2011 11:25:24

José Tomé Roca na data 09/08/2011 11:25:34

María del Carmen Acuña do Campo na data 09/08/2011 11:25:38

Beatriz Sestayo Doce na data 09/08/2011 11:25:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/08/2011 11:25:47



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Carmen Gallego Calvar**, a través do seu portavoz ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O día 8 de agosto de 2011 publícase no DOG a Orde do 19 de xullo de 2011, pola que se modifica a Orde do 29 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Esta Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está destinada a:

Suprimir e deixar sen efectos todas as referencias ás axudas destinadas ao transporte de residuos sólidos urbanos de bolsa negra ata as estacións de transferencia ou plantas de xestión máis próximas. Anular o importe de 589.723 € previsto no artigo 32 da Orde do 29 de decembro de 2010, con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541D.460.2 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2011.

A xustificación da anulación desta axuda dada pola Xunta de Galicia na propia Orde é inadmisíbel, unha vez máis o Goberno de Núñez Feijoo botándolle a culpa aos demais da súa incapacidade de xestión. A Orde di literalmente “*ante os posibles incumprimentos, por parte do Estado, dos compromisos de achegas do anticipo do fondo de cooperación previsto para 2011 no sistema de financiamento e nos ingresos da comunidade*”.

Polo exposto, e dada a falsidade dos argumentos dados para retirar ese orzamento aos concellos, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

a) Restituír o orzamento de 589.723 euros previsto no artigo 32 da Orde de 29 de decembro de 2010, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade autónoma para o ano 2011 e deixar sen efecto a Orde do 19 de xullo de 2011, publicada no DOG de 8 de agosto de 2011.

b) Poñer en marcha, de acordo cos concellos, un programa urxente de redución de lixo en orixe co obxectivo de diminuír a factura dos residuos sólidos urbanos.

Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2011


Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 10/08/2011 9:33:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/08/2011 9:33:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2011 12:21
Nº Rexistro: 68773
Data envío: 10/08/2011 12:21:07.151


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e das súas deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á mellora da seguridade viaria na PO-341 entre Vincios e Couso.

As obras que a Xunta de Galicia está a piques de rematar na PO-341 entre Vincios e Couso, lonxe de resolver os problemas que a mesma ten en relación ás parroquias polas que pasa (Vincios, Chaín, Morgadáns, Peitieiros e Couso) non fixo máis que agravalos, principalmente se pensamos nas persoas que teñen que camiñar pola mesma, así como aquelas outras que viven a súa beira nos núcleos de poboación que atravesan.

O único que conseguiron as obras de “mellora” realizadas na devandita estrada ata agora foi o aumento considerable das velocidades dos coches que por ela circulan, aumentando exponencialmente o risco para as persoas e para os propios vehículos. Pois ben, as obras rematan e as promesas e os compromisos da Consellaría de Infraestruturas, Territorio e Medio Ambiente da Xunta de Galicia feitas á veciñanza en pre campaña electoral van camiño, una vez máis, de se perder nos caixóns sen fondo da devandita Consellaría.

A unha falta de información imprescindible sobre o proxecto da obra, así como unha comunicación ausente dende o propio Goberno galego, sumase agora a evidente



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2011 12:21
Nº Rexistro: 68773
Data envío: 10/08/2011 12:21:07.151


preocupación de ducias de veciños e veciñas das parroquias antes citadas, así como da veciñanza en xeral, manifestada por diversos medios e, unha proba do que afirmamos está nas máis de 2.000 sinaturas entregadas ao respecto na Xunta de Galicia hai uns meses. Que nós saibamos a resposta da Administración non foi máis aló de boas palabras e promesas sen que ata agora se vise nada concreto realizado.

Dende o grupo parlamentar do BNG entendemos que o Goberno galego non pode permanecer indiferente ás propostas veciñais: porque son xustas e razoables e, porque de non levar a cabo as obras neste momento, perderase unha ocasión inmellorable para conseguir que a PO-341 sexa unha vía de comunicación que mereza tal nome, é dicir, que estea ao servizo dos cidadáns e cidadás e que mellore a súa calidade de vida.

Estas son, pois, as razóns que nos levan a presentar a seguinte Proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta ao Goberno galego a:

- 1) Introducir as melloras necesarias nas obras realizadas na PO-341 Vincios-Couso, recollendo o sentir das persoas afectadas, ao obxecto de garantir a seguridade viaria, facendo especial énfase na redución de velocidade e garantindo o movemento peonil.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2011 12:21
Nº Rexistro: 68773
Data envío: 10/08/2011 12:21:07.151

- 2) Resolver as afeccións producidas pola obra e/ou durante a súa execución, tendo particular preocupación nas orixinadas polas augas de escorrentía.

En Compostela, a 8 de agosto do 2011.

Asdo.: Henrique Viéitez Alonso

María do Carme Adán Villamarín

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e deputadas do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 10/08/2011 11:58:44

Maria do Carme Adán Villamarín na data 10/08/2011 11:58:49

Teresa Táboas Veleiro na data 10/08/2011 11:58:54

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 10/08/2011 11:58:58



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas dos seus deputados **Modesto Pose Mesura e José Tomé Roca**, e das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo e Beatriz Sestayo Doce**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O art. 43 da CE, a Lei 14 /86, do 15 abril, xeral de sanidade, no seu art.1 apartado 2 establece que son titulares do dereito á protección da saúde e a atención sanitaria todos os españois e estranxeiros con residencia en territorio nacional. A Lei 16/03, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, recolle os mesmos dereitos. A Lei de saúde de Galicia , Lei 8/08, reconece como titulares do dereito a protección de saúde e a atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a tódalas persoas que residan nos municipios de Galicia e os transeúntes na forma que estableza a lexislación vixente. Incluso se garanta o dereito á asistencia sanitaria a menores e xestantes non incluídas no apartado anterior e a tódalas persoas que estean en situación de urxencia ou emerxencia.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten coñecemento que, por parte de persoal da Consellería de Sanidade nos Centos de Saúde, se está transmitindo, a diferentes cidadáns en situacións de paro laboral sen cotización, emigrantes retornados ,etc, que non teñen dereito a asistencia sanitaria e remitíndoos ás oficinas da Seguridade Social.

Posto que existe lexislación sobrada para considerar que o dereito á atención sanitaria é un dereito cidadán, non de traballador en situación de alta na Seguridade Social, e polo tanto non necesita buscar ningún familiar do que depender, para exercer ese dereito á asistencia só ten que acreditar a súa residencia nun municipio de Galicia.



Grupo Parlamentario

Para evitar este “exceso de celo” da actual Administración sanitaria, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a non poñer trabas para o exerzo do dereito á asistencia sanitaria da cidadanía galega e facilitar a tarxeta sanitaria do Sergas sen mais requisitos co de residir nun municipio de Galicia.”

Parlamento de Galicia, 11 de agosto de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura
José Tomé Roca
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


Modesto Pose Mesura na data 11/08/2011 12:18:37

José Tomé Roca na data 11/08/2011 12:18:46

María del Carmen Acuña do Campo na data 11/08/2011 12:18:50

Beatriz Sestayo Doce na data 11/08/2011 12:18:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/08/2011 12:19:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2011 11:45
Nº Rexistro: 68809
Data envío: 17/08/2011 11:45:23.295


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa das súas deputadas **Ana Luisa Bouza Santiago** e **María Tereixa Paz Franco** e do seu deputado **Alfredo Suárez Canal**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Nos dous anos e medio de goberno do Partido Popular, a sanidade ourensá, e nomeadamente a hospitalaria, está a vivir un continuo deterioro polo recorte de recursos materiais e humanos e a paralización de ampliacións e melloras de infraestruturas previstas e orzamentadas no Plan director do CHOU que se iniciou na anterior lexislatura e que leva tamén dous anos paralizado. Un deterioro que ten como consecuencia visíbel o empeoramento das listas de espera oficiais publicadas.

Antes do verán, representantes do Partido Popular, logo dunha masiva manifestación de protesta pola situación sanitaria, anuncian unha "solución para Ourense"; a elaboración dun "novo plan director" sen que se teñan explicado os motivos da paralización do plan vixente nin as posibles discrepancias coas actuacións que alí aparecen comprometidas. Hai que reseñar que na Lei de Orzamentos de 2011 aparece só unha partida para o Plan director do CHOU 80.000€ e que foron os votos do Partido Popular os que impediron que esa partida fose ampliada no debate orzamentario.

Mentres, pechan Toén renunciando ao prometido edificio de rehabilitación psiquiátrica e sen garantías sobre o futuro uso sociosanitario dos espazos abandonados. Eliminan as camas de medicina interna de Piñor que ocuparán camas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2011 11:45
Nº Rexistro: 68809
Data envío: 17/08/2011 11:45:23.295

de agudos do Cristal e outras no Nai, nun edificio afectado de aluminosis que debería ter un plan de abandono. Como era de prever, as camas que se reducen no Cristal para hospitalización de agudos teñen un impacto negativo nas urxencias e incluso na actividade cirúrxica programada.


Como no caso do desmantelamento das Áreas sanitarias, o Goberno galego aproveita o mes de Agosto para anunciar a “solución” para Ourense: un novo Plan Director ofrecido a unha empresa privada que se encargará das obras e da xestión posterior dos servizos non sanitarios. Un novo chanzo cara á privatización da sanidade galega.

Ante este anuncio, aínda sen concretar nos seus termos, o grupo do BNG quere de novo manifestar a súa preocupación pola irresponsabilidade dun Goberno que non escoita as recomendacións do Consello de Contas sobre os perigos de insostenibilidade do sistema PFI na actual situación económica, un Goberno que se nega a revisar a súa opción ideolóxica privatizadora á vista dos datos reais de ineficacia e ineficiencia do sistema PFI alí onde leva anos funcionando.

Esa preocupación leva ao grupo parlamentario do BNG a formular a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

1.- Renunciar ao sistema anunciado de Colaboración Pública Privada (PFI) para un novo Plan director do CHOU polo impacto negativo desta fórmula de financiamento e xestión na calidade e na sostenibilidade da sanidade galega.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2011 11:45
Nº Rexistro: 68809
Data envío: 17/08/2011 11:45:23.295

2.- Revisar o paralizado Plan de Reforma e Ampliación do CHOU redefinindo, de ser preciso, as actuación máis urxentes coas dotacións orzamentarias necesarias.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 17/08/2011 11:42:16

María Tereixa Paz Franco na data 17/08/2011 11:42:26

Alfredo Suárez Canal na data 17/08/2011 11:42:35

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 17/08/2011 11:42:41

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das súas deputadas Rosa Oubiña Solla, Isabel García Pacín, Emma Álvarez Chao e Marta Valcarcel Gómez, ó abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

Os viños amparados nas cinco D.O. de Galicia son unha das principais fontes de riqueza de moitas comarcas rurais galegas e o seu merecido prestixio nos mercados internacionais contribúe á boa imaxe do noso territorio polo mundo.

Este é un feito indiscutible, pero que non é froito da casualidade senón dun traballo conxunto e continuado de todos os partícipes Administracións, consellos reguladores, viticultores, e adegueiros ao longo de mais de vinte anos os que conseguiron situar aos nosos viños entre os viños de prestixio nos mercados mundiais.

As circunstancias económicas actuais mostran graves problemas dos mercados ao que hai que engadir a forte reestruturación que está a sufrir o mercado mundial do viño, onde países tradicionalmente consumidores están diminuíndo fortemente o consumo. Pero ao mesmo tempo aparecen novas oportunidades nos mercados internacionais, países que incrementan a súa demanda e que se introducen na cultura do viño.

É por tanto un momento crucial para o futuro do noso sector

no que convén unir e centrar os esforzos nas prioridades para manter aos nosos viños nos mercados de prestixio e porque soamente do traballo conxunto de todos poderá lograrse o éxito neste obxectivo.

Tendo en conta o anterior e sendo o noso obxectivo ese mercado de viños de alta calidade,

“ O Parlamento insta á XUNTA DE GALICIA a:

1. Estudar e prestar asesoramento ás D.O. de viños de Galicia e aos produtores sobre requisitos de calidade na produción, e nos sistemas de control.
2. Establecer medidas de apoio para a apertura de novos mercados internacionais para os viños de calidade.
3. Instar ao Goberno do Estado a participar activamente nestes obxectivos que son básicos no emprego e desenvolvemento económico de un amplo territorio rural de Galicia.”

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/08/2011 12:06:19

Rosa Oubiña Solla na data 17/08/2011 12:06:25

Maria Isabel García Pacín na data 17/08/2011 12:06:30

Maria Emma Álvarez Chao na data 17/08/2011 12:06:36

Marta Valcárcel Gómez na data 17/08/2011 12:06:42



grupo
parlamentario
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2011 12:07
Nº Rexistro: 68811
Data envío: 17/08/2011 12:07:30.801

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gr.ppp@parlamentodegalicia.es
www.pppdegalicia.com



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2011 13:20
Nº Rexistro: 68814
Data envío: 18/08/2011 13:20:53.351


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión, relativa á adopción de medidas para o mantemento pleno do servizo de ambulancias no Concello de Marín.

Un novo paso, gravísimo, na política de redución e desmantelamento dos servizos públicos, neste caso a sanidade, que está a levar a diante o Goberno do Partido Popular, ten consecuencias sobre as 26.000 persoas que habitan o concello de Marín.

A Consellaría de Sanidade anunciou recentemente a eliminación, a partires do vindeiro 10 de setembro, do turno de noite (dende as 20.00 ás 8.00 horas) do servizo de ambulancia asistencial, ligado ao servizo de urxencias, que viña existindo en Marín.

Esta decisión é intolerábel e irresponsábel. Como xa se indicou, Marín posúe unha poboación de 26.000 habitantes espallados entre o centro do concello e as 75 entidades de poboación que conforman as súas sete parroquias. Mantén ademais, nas súas instalacións portuarias unha importante actividade laboral que, lamentabelmente, padece unha alta taxa de sinistralidade, tamén en horario nocturno, que ten reclamado en varias ocasións a actuación do servizo de ambulancias. Segundo datos oficiais, subministrados pola propia Consellaría de Sanidade, o 061 realizou 2.100 servizos en Marín durante o ano 2010, isto é, unha media de seis actuacións ao día.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2011 13:20
Nº Rexistro: 68814
Data envío: 18/08/2011 13:20:53.351

Parece ser que esta é a política de austeridade da que tanto se gaba o Goberno do Partido Popular. Austeridade que non se practica na redución de gastos fastuosos e superfluos, mais que se executa con crueldade e sen escrúpulos sobre a sanidade pública, que pasa a ser considerada non un dereito, senón un negocio.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego:


O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a manter de xeito pleno (daquela tamén incluíndo o horario nocturno) o servizo de ambulancia asistencial que se viña desenvolvendo no concello de Marín.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/08/2011 13:20:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2011 13:20
Nº Rexistro: 68814

Data envío: 18/08/2011 13:20:53.351

Ana Luisa Bouza Santiago na data 18/08/2011 13:20:21



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas das súas deputadas **Carmen Cajide Hervés e Silvia Fraga Santos**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

Os Centros de Información á Muller (CIM) prestan dende hai anos un importante servizo de apoio ás mulleres galegas, que abarca dende o apoio para fomentar a participación do sector feminino no tecido social, político e económico ata a atención ás vítimas da violencia machista; as e os profesionais dos CIM son especialistas en axudar ás mulleres que están a ser maltratadas, tanto na resolución de cuestións legais como no asesoramento psicolóxico, sanitario e social.

A correcta prestación destes servizos depende da colaboración da Xunta cos concellos Galegos, que precisan das achegas do Goberno autonómico para manter ó equipo de traballadores e traballadoras e prestar a axuda que reciben ás mulleres nos CIM.

A chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia traducíuse, dende o comezo da actual lexislatura, nunha redución constante dos investimentos dedicados á loita pola igualdade real entre mulleres e homes, base fundamental para acadar unha sociedade máis equilibrada e máis xusta que a actual. Tras a supresión do Servizo Galego de Igualdade, iniciouse no ano 2010 a actual fase de recorte de achegas ós CIM que non sabemos ata onde pode chegar. A Xunta fixo pública unha orde que resultou moi prexudicial para as administracións locais, xa que afectou ós equipos que prestan nestes servizos. Tratouse dunha medida unilateral que repercutiu negativamente no persoal que non era dos concellos e, por tanto, no funcionamento dos centros.

Informacións publicadas recentemente pola prensa alertan de que os recortes continúan este ano e afectan á CIM ós que, nalgúns casos, recorren milleiros de mulleres ó ano. A supervivencia destes centros depende, na



Grupo Parlamentario

maioría dos casos, das achegas da Xunta de Galicia. Con todo, dada a importancia deste servizo, hai concellos que xa anunciaron que manterán o servizo dada a súa importancia, independentemente de que o Goberno galego manteña ou non a súa colaboración con eles e facendo un importante esforzo financeiro.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que os CIM non poden ser obxecto de ningunha medida de aforro, por tratarse de un servizo absolutamente imprescindible mentres a muller siga a ser vítima da violencia machista ou de calquera tipo de discriminación, como ocorre na actualidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar ante o Parlamento de Galicia, nun prazo non superior a tres meses, un estudo que reflicta a evolución e situación actual do funcionamento dos Centros de Información á Muller.
2. Concertar cos concellos que teñen en funcionamento un CIM as condicións para a seguinte convocatoria de axudas.

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 17/08/2011 11:48:41

Silvia Belen Fraga Santos na data 17/08/2011 11:48:46



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/08/2011 11:48:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Cajede Hervés, Carmen Acuña do Campo e Silvia Fraga Santos**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

A Constitución española, no seu artigo 14, proscribe toda discriminación por razón de sexo e, no artigo 9.2, consagra a obriga dos poderes públicos de promoveren as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións nas que se integra sexan reais e efectivas.

A “Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, de igualdad efectiva entre mujeres y hombres”, establece a prevención de condutas discriminatorias por razón de xénero en todos os ámbitos sociais e insta a todas as Administracións públicas a colaborar na integración do dereito de igualdade no exercicio das súas competencias.

No que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que lles corresponde aos poderes públicos galegos promoveren as condicións para que a liberdade e igualdade das persoas e grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa participación na vida política, económica, cultural e social.

A Lei de bases de réxime local atribúelles aos concellos a función de realizaren actividades e prestaren servizos que contribúan a satisfacer as demandas e as necesidades da cidadanía, incluíndo a promoción da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes dos seus municipios.

Sen embargo, a pesares de que van alá máis de 3 décadas da aprobación da Constitución Española e de ter moito lexislado e regulado a nivel estatal, autonómico e local, no mes de xuño tivemos coñecemento da celebración en Sanxenxo del 16º Torneo Concello de Sanxenxo Absoluto & Veteranos Junior, que organiza o Círculo Cultural Deportivo Sanxenxo, con grandes diferenzas entre a contía dos premios masculinos e femininos, sendo a destes últimos máis de catro veces inferior á dos masculinos. Máis



Grupo Parlamentario

recentemente o Concello de A Estrada deu a coñecer os premios da primeira edición do Memorial Manuel Bergueiro. Este memorial de atletismo, que se levará a cabo o próximo día 4 de setembro na Estrada, contempla premios para a categoría absoluta feminina de 100, 50 y 25 euros, cando na categoría masculina son de 300, 200 e 100 euros para os tres primeiros clasificados.

Tendo en conta estas reiteradas prácticas discriminatorias, o Grupo Parlamentario Socialista considera fundamental a intervención da Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, para poñer freo a este tipo de actividades, que ademais de discriminar as participantes femininas, contribúe a asentir na sociedade a idea de inferioridade da muller no deporte.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e remitir ós concellos galegos directrices que garantan que todas as entidades que contan con achegas públicas estean obrigadas a cumprir co principio de igualdade entre mulleres e homes.
2. A Xunta de Galicia penalizará coa retirada das subvencións destinadas á igualdade entre mulleres e homes a todas aquelas entidades que se neguen a cumprir coa lexislación nesta materia.

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés

Carmen Acuña do Campo

Silvia Fraga Santos

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 19/08/2011 9:36:37

María del Carmen Acuña do Campo na data 19/08/2011 9:36:43

Silvia Belen Fraga Santos na data 19/08/2011 9:36:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/08/2011 9:36:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2011 12:21
Nº Rexistro: 68843
Data envío: 19/08/2011 12:21:08.164

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e da súa deputada **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á adopción de medidas tendentes á solución do conflito urbanístico existente no litoral do concello de Vilaboa.

Diversos núcleos do litoral de Vilaboa, pertencentes ás parroquias de San Adrián de Cobres, Santa Cristina de Cobres e Vilaboa (núcleo de Paredes) están a padecer os problemas urbanísticos derivados da inadaptación do actual marco legal vigorante (derivado da Lei de Costas, de 1988), mesmo con expedientes sancionadores e/ou de demolición abertos sobre algunhas destas vivendas.

A situación descrita é absurda e precisa de solución definitiva, que devolva a seguranza xurídica e a tranquilidade aos centos de persoas que a sofren. Unha das vías de solución pasa pola tramitación e posterior aprobación dun Plano Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que regularice de xeito definitivo a situación, tal e como se ten feito noutros concellos.

Agora ben, cumpre que mentres ese proceso se tramita se paralicen simultaneamente as actuacións sancionadoras e/ou de demolición previstas. Sería incongruente que se derruben vivendas que pouco tempo despois, no mesmo espazo, poderían posuír legalidade plena. As consecuencias serían irreparábeis.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2011 12:21
Nº Rexistro: 68843
Data envío: 19/08/2011 12:21:08.164

O pasado 29 de xullo o Pleno do Concello de Vilaboa, por unanimidade dos seus grupos municipais (BNG, PSOE, PP) adoptaba un acordo a trasladar ao Goberno galego, en relación con este mesmo asunto, que se reproduce no texto resolutivo desta iniciativa parlamentaria.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión.


O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Proceder á toma en consideración do estado actual de tramitación do Plano Xeral de Ordenación Municipal de Vilaboa.

2.- Paralizar de xeito inmediato todas as actuacións administrativas e xudiciais emprendidas pola APLU, no Concello de Vilaboa, mentres se estea tramitando o PXOM, xa que de seguir estas actuacións, poderíase producir un irreparable prexuízo económico ao conxunto do concello.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.
Teresa Táboas Veleiro
Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2011 12:21
Nº Rexistro: 68843
Data envío: 19/08/2011 12:21:08.164

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 19/08/2011 12:19:49

Teresa Táboas Veleiro na data 19/08/2011 12:19:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e José Tomé Roca** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

O Transporte sanitario tanto na súa modalidade de transporte sanitario urxente como ordinario, nas condicións en que o regula a lexislación, forma parte importante das prestacións do Sistema Nacional de Salud.

Recentemente, en Galicia, está sendo noticia os recortes de servizos de ambulancias asistenciais en cidades e localidades como Vigo, Marín, Baiona, Ponteareas e Foz. O Sergas responde que “non se está levando a cabo ningunha supresión senón unha reorganización de recursos en base a un estudio técnico.”

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter a necesaria e imprescindible cobertura do transporte sanitario urxente cos mesmos criterios en toda Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce
José Tomé Roca

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez



Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 22/08/2011 11:26:21


María del Carmen Acuña do Campo na data 22/08/2011 11:26:30

Beatriz Sestayo Doce na data 22/08/2011 11:26:36

José Tomé Roca na data 22/08/2011 11:26:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/08/2011 11:26:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2011 10:45
Nº Rexistro: 68863
Data envío: 23/08/2011 10:45:31.462

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Ana Luisa Bouza Santiago e dos seus deputados Fernando Xabier Blanco Álvarez e Carlos Aymerich Cano, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

No DOG do venres, 19 de Agosto de 2011, aparece publicada a orde de 28 de xullo pola que se aproban os prezos medios de mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos para os exercicios 2010 e 2011. O obxectivo é desenvolver o mecanismo de comprobación de prezos medios de mercado para que poida ser utilizado na aplicación dos tributos xestionados por Galiza con base impositiva no valor real dos bens inmobles; sucesións e doazóns e tamén no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentarios, pola compra de vivendas de segunda man.

O procedemento que establece a Orde define un valor zonal de €/m² de vivenda e xeral para garaxes, en ámbitos territoriais que se corresponden a concellos, parroquias ou barrios no caso das cidades.

Prodúcese unha subida do valor medio a aplicar nun momento en que baixa o prezo da vivenda, e máis considerando a variabilidade do prezo das vivendas de segunda man. Hai, por tanto, unha contradición entre os valores de taxación que contempla a Orde e o actual contexto de forte crise do mercado do solo e da vivenda que se sitúa hoxe nos niveis do 2006, cun descenso do prezo do m² de solo urbano moi importante. Chama a atención o prezo medio asignado á cidade da Coruña, o concello de Galiza con maior valor zonal medio, moi superior ás outras cidades galegas e máis



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en concreto o prezo medio da Cidade Vella que non reflexa a variabilidade da realidade da vivenda da zona.

O chamado “prezo medio” funciona realmente como prezo mínimo á hora da liquidación do imposto, xa que a orde establece que *“se o ben que se vai valorar forma parte do ámbito obxectivo sinalado no artigo segundo, aplicarase ao dito ben con carácter preferente, o medio de comprobación de prezos medios no mercado previsto nesta orde. Só cando o ben que se valora, a pesar de ser susceptible de formar parte do ámbito obxectivo, teña características especiais que inflúan significativamente no seu valor real, poderá ser valorado polo medio consistente en ditame de perito da Administración, debendo motivarse suficientemente as razóns que xustifican a non utilización do medio de valoración de prezos medios de mercado.”* Por tanto este prezo medio será a base de liquidación para o tributo en caso de ser maior que o prezo de compra; só a instancias do contribuínte e motivando as razóns, poderase utilizar un perito da Administración que poda definir un valor menor como base de liquidación.

A incorporación dunha base mínima para o cálculo dun imposto indirecto, como é o caso que nos ocupa, resulta regresivo para o contribuínte; non afecta a quen merca casas de prezo elevado, que liquidará polo prezo da compra, pero aumenta o imposto para quen compra por debaixo dos prezos medios, xa que terán que realizar unha liquidación cunha base superior ao prezo de compra e, por tanto, a un tipo real superior.

Tamén resulta difícil de entender a división territorial efectuada. Por exemplo, na comarca da Coruña considerase o mesmo prezo medio para todo o concello de Sada



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2011 10:45
Nº Rexistro: 68863
Data envío: 23/08/2011 10:45:31.462


pero divídese en varias zonas diferentes con prezos diferentes o concello de Oleiros, co que parroquias contiguas de Sada e Oleiros, con situacións semellantes de prezo de solo e vivenda, terán prezos medios moi diferentes.

A Orde aprobada vai supoñer "de facto" un incremento impositivo en dous impostos de significativa importancia para a economía social: o imposto de sucesións e doazóns e o de transmisión patrimonial e actos xurídicos documentados, polo tanto, é unha medida recadatoria de gran alcance, cunha compoñente regresiva na distribución territorial no que corresponde á Comarca da Coruña e no reparto da carga do tributo en xeral, algo que xa se ten producido noutras iniciativas tributarias deste Goberno do Partido Popular como a Lei de augas.

Facéndose eco desta situación, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a :

1. Revisar a delimitación das zonas no referido á comarca da Coruña facendo os desgloses necesarios para adecuar o sistema á realidade do mercado da vivenda.
2. Rebaixar os valores medios para adecualos á súa función real de prezos mínimos, promovendo cambios que en todo caso xeren máis progresividade do imposto.
3. Reforzar os sistemas de inspección que a Administración ten para persecución



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2011 10:45
Nº Rexistro: 68863
Data envío: 23/08/2011 10:45:31.462

da fraude na declaración dos prezos da vivenda.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano


Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 23/08/2011 10:41:49

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 23/08/2011 10:41:55

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/08/2011 10:42:00




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e das deputadas **Carme Adán Villamarín** e **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 2ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á protección da Serra do Galiñeiro.

Na confluencia dos concellos de Gondomar, Mos, O Porriño, Tui e Vigo atopase unha paraxe natural de extraordinario valor como é a serra do Galiñeiro. Cunha situación estratéxica nun lugar altamente poboado teñen xurdido diversas iniciativas de carácter popular para dotala dalgún tipo de protección habida conta dos seus valores intrínsecos e da súa capacidade para prestar un servizo medioambiental pero tamén social e económico que non ten pasado desapercibido por numerosas comunidades que conflúen pola súa actividade ou residencia nesta serra.

Efectivamente, son máis que vellas as propostas de catalogar os valores desta serra para preservala das constantes agresións de quen considera o uso da natureza dun xeito desproporcionado e insostíbel cunha visión curtoplacista, cando xa existe o desenvolvemento de actividades integradas e respectuosas co entorno, sostidas no tempo e con proxección de futuro, xogando o papel de recurso local para o desenvolvemento local aspecto non menos interesante nos tempos que corremos e que reforza a capacidade de toma de decisións de aqueles que son os seus verdadeiros propietarios como son os comuneiros e comuneiras, as comunidades de montes e as entidades locais, asegurando capacidades para permitir un desenvolvemento autocentrado e autoxestionado.




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, a responsabilidade das administracións públicas non se pode pasar por alto e deben, están obrigadas, a realizar os esforzos necesarios para reforzar esta situación no que, ademais de ter claros os problemas a solucionar, debese propiciar un proceso de cara acadar colaboracións estábeis coa xestión dos montes dispoñendo de solucións concretas. As diferentes decisións e iniciativas que se poñan en marcha deben ter como obxectivo fundamental a intervención para preservar os valores naturais, culturais, sociais e económicos deste entorno.

Na serra do Galiñeiro atópanse aspectos propios que permiten, mediante unha actuación decidida, a implementación de figuras de protección que asegurarían a súa funcionalidade e características. A súa vez existen peticións para que dita serra sexa contemplada como lugar de importancia comunitaria e a súa inclusión da Rede Natura 2000 e, tamén, que sexa incluída dentro dos límites do Parque Natural do Monte Aloia.

Estas son as razóns expostas que nos levan a presentar a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º) Mediante as facultades conferidas no Decreto 65/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan rector de uso e xestión do parque natural do monte Aloia, e en concreto no punto 3. Ámbito territorial do plan apartado 3 do seu Anexo I “Plan rector de uso e xestión do parque natural do monte Aloia” proceda a ampliación do parque natural do monte Aloia ao conxunto da serra do Galiñeiro.

2º) Que antes de fin de ano a serra do Galiñeiro sexa incluída na Rede Natura 2000 de Galiza como “Lugar de Importancia Comunitaria Serra do Galiñeiro”.

Santiago de Compostela, 19 de Agosto do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Carme Adán Villamarín

Isabel Sánchez Montenegro


Deputado e Deputadas do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 23/08/2011 12:48:15



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Maria do Carme Adán Villamarín na data 23/08/2011 12:48:33

Isabel Sánchez Montenegro na data 23/08/2011 12:48:42

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/08/2011 12:48:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 10:42
Nº Rexistro: 68882
Data envío: 24/08/2011 10:42:53.584


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Carlos Aymerich Cano** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

Desde o inicio desta lexislatura a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria esqueceu entre os seus obxectivos prioritarios incrementar a calidade da educación pública galega. Poderíamos lembrar a eliminación da gratuidade dos libros de texto, os recortes de profesorado, os recortes nas bolsas para o alumnado -tanto na formación profesional como na aprendizaxe de idiomas-, os recortes para bibliotecas escolares, para a formación do profesorado ou o peche de comedores escolares no rural. Tamén os comedores xestionados polas ANPAS sufriron unha drástica redución, pasando as axudas de 1.100.000 a 715.000 euros.

Os comedores escolares son un servizo educativo moi demandado polas familias galegas no seu conxunto. Tanto pola súa importante función educativa como polo seu papel no ámbito da conciliación. Nesta época de crise financeira a administración debe ser máis sensíbel ás necesidades que teñen as familias galegas e tamén á posíbel radical modificación da súa situación. Por isto cómpre, por unha banda incrementar a dotación de prazas de comedores escolares e, por outra, mellorar e revisar as condicións das exencións de pago das mesmas, xa que, na situación actual existen familias nas que os seus proxenitores poden perder o seu emprego na metade do curso



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 10:42
Nº Rexistro: 68882
Data envío: 24/08/2011 10:42:53.584

escolar. A Consellaría de Educación debe ser sensíbel a esta situación e dispoñer dos mecanismos necesarios para poder facerlle fronte, máxime cando non é un problema económico xa que manexa unha partida de dous millóns de euros para tirar ao lixo os libros en galego e mudalos por outros para o vindeiro curso.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a establecer un mecanismo administrativo que permita a revisión das condicións de pagamento das prazas de comedores escolares para adaptar as bonificacións nos prezos públicos á modificación inesperada da situación económica das familias durante o curso escolar”

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín


Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/08/2011 10:38:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 10:42
Nº Rexistro: 68882

Data envío: 24/08/2011 10:42:53.584

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/08/2011 10:38:36



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 11:21
Nº Rexistro: 68890
Data envío: 24/08/2011 11:21:47.555

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Fernando Xabier Blanco Álvarez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI, para o seu debate en Comisión**, sobre derogación da orde pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento xeralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns).

A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 por 100 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 11:21
Nº Rexistro: 68890
Data envío: 24/08/2011 11:21:47.555

que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organizacións profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.


En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a:

1. Derrogar e deixar sen efecto a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 11:21
Nº Rexistro: 68890
Data envío: 24/08/2011 11:21:47.555

2. Aprobar unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2011.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 24/08/2011 11:21:04

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/08/2011 11:21:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Isabel Sánchez Montenegro**, do deputado **Carlos Aymerich Cano** e da deputada **Ana Luísa Bouza Santiago** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 2ª**.

O **encoro de Cecebre** foi construído en **1975** na confluencia dos ríos Barcés e Mero, no concello de Cambre.

Dito encoro carece dun paso para que as especies piscícolas migratorias, polo que convértese nun obstáculo insalvable para esas especies que realizan migracións estacionarias, para atopar frezadeiros ou territorios propios ou refuxos de verán, producindo un efecto barreira para as comunidades de peixes, tanto no seu movemento ascendente coma descendente, o que pon en grave risco de desaparición moitas desas comunidades.

Esta situación, ten provocado reiteradas denuncias de diversas organizacións ecoloxistas. Asemade, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre aprobou por unanimidade unha moción na que se esixía da Xunta de Galiza a solución deste problema.

O BNG defendemos que é urxente habilitar no encoro de Cecebre os dispositivos necesarios para posibilitar o ascenso e descenso do río polos peixes e mellorar a accesibilidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición Non de Lei en Comisión.

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º) Elaborar un proxecto para solucionar a carencia dun paso para as especies migratorias no encoro de Cecebre, implantando as medidas correctoras necesarias para posibilitar o ascenso e descenso do río por esas especies e mellorar a accesibilidade.

2º) Facilitar a participación do Concello de Cambre na redacción dese proxecto.

Santiago de Compostela, 24 de Agosto de 2011

Asdo. Isabel Sánchez Montenegro

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG


Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 24/08/2011 13:04:05

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/08/2011 13:04:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Luisa Bouza Santiago na data 24/08/2011 13:04:17



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **M^a del Carmen Acuña do Campo** e do seu deputado **Modesto Pose Mesura**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

É un clamor en Ourense o mal funcionamento do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense.

Se suceden as denuncias que chegan tanto dende os sindicatos como dende o propio colexio profesional de médicos. Pero para nós, os socialistas, aínda son máis graves e preocupantes as queixas e o malestar que manifesta o conxunto da cidadanía ourensá ante a deficiente atención das urxencias hospitalarias da capital.

Os problemas deste servizo foron medrando e hoxe son moitos. Reduciron do cadro de persoal, redución de presenzas, fuga de residentes, dimisión do responsable do servizo e posta en marcha dunha sala de almacenaxe de doentes.

Nos últimos meses o cadro de persoal tense reducido en polo menos 3 facultativos, ademais non se está a substituír os profesionais como sería necesario tanto os que se atopan de vacacións como os que están de baixa laboral.

Anulouse tamén a figura do coordinador tan importante para a docencia e a organización.

Pero para complicar e deteriorar máis esta situación a xerencia ten inventado unha sala de observación onde ocultar literalmente os pacientes que se atopan en espera.

Todo isto estase orixinando na rúa e todo o mundo se queixa do mal funcionamento da sobrecarga deste servizo e das condicións e as largas esperas que sofren os doentes nesa sala de almacenaxe e ocultación.



Grupo Parlamentario

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ante esta situación, presenta a seguinte Proposición para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a normalización da asistencia no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense ante o incremento das demoras que se están producindo no servizo e o desbordamento dos profesionais polos cambios organizativos introducidos.

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 24/08/2011 13:53:56

Modesto Pose Mesura na data 24/08/2011 13:54:02

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/08/2011 13:54:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e da deputada **Ana Luísa Bouza Santiago**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 5ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao mantemento do servizo de ambulancias na comarca do Condado e mailo concello do Covelo.

No proceso de desmantelamento dos servizos públicos iniciado polo Goberno galego sustentado coa chegada do Partido Popular tense dado un paso se precedentes ao poñer en risco a atención das urxencias nos concellos que conforman a comarca do Condado como son Ponteareas, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves e Salvaterra de Miño e tamén, ao concello do Covelo integrado na comarca do Paradanta. Dita situación vai incrementar a desprotección da poboación ao suprimir unha ambulancia nas fins de semana e doce horas máis durante o resto dos días.

Este feito, de graves consecuencias, sumase á anterior decisión (fai uns seis meses) de suprimir unha ambulancia medicalizada das dúas que so existían para atender a toda a Área Metropolitana de Vigo, resulta evidente o déficit que soportará a sanidade pública desta área onde máis de 500.000 persoas do sur de Pontevedra disporán só dunha ambulancia deste tipo.

As unidades asistenciais de emerxencias, ademais de atender a poboación destes seis concellos e todos os núcleos rurais, soportan tamén a atención de importantes zonas de risco como a Autovía A-52 e todo o tecido industrial disperso nos concellos da comarca. A poboación entende que é necesario e urxente a redución deste servizo vital pois, a maiores, co recorte anunciado polo Goberno galego incrementáanse os tempos de desprazamentos e de demora en momentos vitais para a saúde, contase coa metade dos medios durante as fins de semana e agrávase a situación no momento de emerxencias múltiples.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A política de austeridade do Partido Popular mantén unha presión constante sobre os servizos públicos, nomeadamente aqueles de maior transcendencia para a saúde das persoas, namentres non ten ningún reparo en seguir malgastando cartos en publicidade ou en actividades prescindíbeis asegurando, iso si, de que tamén da necesidade das persoas pódese obter beneficio para os negocios privados.

Estas son pois as razóns que nos levan a presentar a seguinte Proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta ao Goberno galego a:

1º) Que se proceda de xeito inmediato e urxente a revogación da decisión de suprimir o servizo dunha ambulancias do 061 os fins de semana e doce horas o resto dos días e, polo tanto, manter o servizo de ambulancias asistenciais que teñen a súa base en Pontearreas para os concellos da comarca do Condado e máis O Covelo.

2º) Que se reverta á situación anterior, restablecendo o servizo pleno, mediante o mantemento do servizo da segunda ambulancia medicalizada para a área de Vigo.

Santiago de Compostela, 23 de Agosto do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 25/08/2011 9:50:03

Ana Luisa Bouza Santiago na data 25/08/2011 9:50:20

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/08/2011 9:50:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e das deputadas **Carme Adán Villamarín e Ana Luísa Bouza Santiago**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 5ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao mantemento do servizo de ambulancias no Val Miñor.

No proceso de desmantelamento dos servizos públicos iniciado polo Goberno galego sustentado coa chegada do Partido Popular tense dado un paso se precedentes ao poñer en risco a atención das urxencias nos tres concellos do Val Miñor ao suprimir unha ambulancia con base en Sabaris (Baiona) na quenda de noite dende o domingo ao xoves a partires do próximo 10 de setembro, quedando unha soia ambulancia que atendera a toda a comarca miñorana dende A Xunqueira entre as 22.00 H. e as 10.00 H., tendo unha especial incidencia, de carácter vital diramos, pois son as que primeiro atenden os accidentes, os infartos, as praias, etc.

Este feito, de graves consecuencias, sumase á anterior decisión (fai uns seis meses) de suprimir unha ambulancia medicalizada das dúas que so existían para atender a toda a Área Metropolitana de Vigo, resulta evidente o déficit que soportará a sanidade pública desta área onde máis de 500.000 persoas do sur de Pontevedra disporán só dunha ambulancia deste tipo.

A preocupación da poboación miñorana acrecentase na medida de que xa que no verán o Goberno galego é capaz de suprimir este tipo de servizo nun lugar no que máis que se duplica a súa poboación, que pasará cando a poboación do Val Miñor se reduza ao seu número normal falando, aínda así, de aproximadamente 50.000 persoas. Á súa vez, a ambulancia con base na Xunqueira, atenderá Baiona con seis minutos de retraso respecto ao servizo actual, tempo que pode resultar vital en caso de situacións críticas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A política de austeridade do Partido Popular mantén unha presión constante sobre os servizos públicos, nomeadamente aqueles de maior transcendencia para a saúde das persoas, namentres non ten ningún reparo en seguir malgastando cartos en publicidade ou en actividades prescindíbeis asegurando, iso si, de que tamén da necesidade das persoas pódese obter beneficio para os negocios privados.

Estas son pois as razóns que nos levan a presentar a seguinte Proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta ao Goberno galego a:

1º) Que se proceda de xeito inmediato e urxente a revogación da decisión de suprimir a segunda ambulancia do 061 ubicada en Baiona para a atención do Val Miñor.

2º) Que se reverta á situación anterior, restablecendo o servizo pleno, mediante o mantemento do servizo da segunda ambulancia medicalizada para a área de Vigo.

Santiago de Compostela, 23 de Agosto do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**


Carme Adán Villamarín

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 25/08/2011 10:06:04

Maria do Carme Adán Villamarín na data 25/08/2011 10:06:10

Ana Luisa Bouza Santiago na data 25/08/2011 10:06:12

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/08/2011 10:07:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas Isabel Sánchez Montenegro e Teresa Táboas Veleiro, presenta a seguinte Proposición non de lei na Comisión 2ª, relativa á planta de tratamento de residuos sólidos que se pretende construír no concello de Dozón.

En resposta a unha iniciativa parlamentar destas deputadas, a Xunta de Galiza ven de confirmar que a empresa Estela Eólica, empresa adxudicataria do concurso eólico, comprométese a construír, a cambio dos 186 megavatios que lle foron outorgados en dito concurso, unha planta de tratamento de residuos sólidos urbanos con xeración termoeléctrica de 50 MW que estaría situada no concello de Dozón e plantas de transferencia nos concellos de Agolada, Mazaricos, O Incio, Baralla e Chandrexa de Queixa, cunha capacidade máxima de 900.000 toneladas/ano.

Trátase, polo tanto, dunha gran planta incineradora, o que resulta máis que evidente se temos en conta que o Complexo industria de SOGAMA situado en Cerceda ten unha capacidade nominal para tratar entre 500.000 e 550.000 toneladas/ano.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexeita totalmente este modelo de tratamento do lixo baseado na incineración, por ser este un proceso altamente contaminante. As incineradoras emiten substancias moi tóxicas de metais pesados e dioxinas e ocasionan grandes problemas medioambientais e para a saúde pública.

Os modelos coma o de SOGAMA, baseados na incineración demostraron ser absolutamente ineficientes no que respecta ós obxectivos das Directivas Europeas. E estanse desbotando na maioría dos países máis desenvolvidos da Unión Europea.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG acreditamos en que o tratamento do lixo debe basearse na redución, a reutilización e a reciclaxe para os residuos inorgánicos e a compostaxe para os orgánicos, é dicir na súa valorización.

Estas son as razóns polas que formulamos a seguinte Proposición Non de Lei:

“ O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a non autorizar a Planta de tratamento de residuos sólidos urbanos con xeración termoeléctrica de 50 MW que a empresa Estela Eólica, adxudicataria do concurso eólico, pretende construír no concello de Dozón”

Santiago de Compostela, 25 de Agosto de 2011

Asdo. **Isabel Sánchez Montenegro**

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano


Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 25/08/2011 10:39:21

Teresa Táboas Veleiro na data 25/08/2011 10:39:33

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/08/2011 10:39:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2011 11:12
Nº Rexistro: 68925
Data envío: 25/08/2011 11:12:46.148

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Ana Luisa Bouza Santiago e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Congreso vén de aprobar un Real Decreto lei que establece o que denomina “medidas para a mellora da calidade e cohesión do SNS” entre as que se atopa a xeneralización da prescrición por principio activo. Na propia presentación que fai a Moncloa do decreto indícase que a partir desta prescrición, dispensarase nas oficinas de farmacia a presentación do medicamento ou produto sanitario que teña menor prezo. Porén, cando as necesidades terapéuticas o xustifiquen ou cando os medicamentos non teñan xenérico, a prescrición poderá realizarse pola denominación comercial; neste caso, a farmacia dispensará o medicamento prescrito cando sexa o de menor prezo da súa agrupación, en caso contrario dispensará o de menor prezo da súa agrupación (mesmo principio activo, mesma dosificación, mesma presentación e mesma vía de administración).

Asume así o Goberno do Estado un criterio de aforro no gasto farmacéutico xa adoptado en Galiza pola Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica que establece a priorización da financiación de medicamentos equivalentes en función do prezo. O catálogo galego daba máis seguridade de continuidade terapéutica que o sistema que vai implantar o Real Decreto lei estatal, xa que permite a prescrición por principio activo pero tamén por marca comercial incluída no grupo financiado, o que ten, para tratamentos crónicos,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2011 11:12
Nº Rexistro: 68925
Data envío: 25/08/2011 11:12:46.148

certas vantaxes.

Dende o punto de vista da seguridade, a prescrición por principio activo mellora a identificación dos fármacos para profesionais e minora a probabilidade de duplicidades, interaccións ou contraindicacións, pero existe un certo risco de confusión para doentes se cada vez que van á farmacia reciben caixas e comprimidos de aspecto diferente. Este risco púxose xa de manifesto na implantación do catálogo galego que supoñía un só cambio pola posta en marcha do sistema, pero pódese agravar ao se xeneralizar a prescrición por principio activo. Ademais, como sabemos, ten maior impacto en doentes maiores, polimedicados, con dificultades cognitivas e de visión.

Dende o Grupo do BNG entendemos que é preciso evitar este risco legislando a obriga de similitude de aparencia entre fármacos iguais. Se dous produtos son equivalentes, os envases deben permitir identificar con facilidade esa equivalencia. Os envases que conteñan un mesmo principio activo deben presentar unha etiqueta que permita identificalos facilmente e inequivocamente como tal.

A positiva modificación que propón o real decreto lei sobre prescrición debe ser complementada por unha normativa estatal sobre a identificación inequívoca de medicamentos equivalentes.

Por estes motivos o Grupo parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno do Estado para



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exixir que, xunto coa xeneralización da prescrición por principio activo, se desenvolva unha normativa sobre bioaparencia que garanta a identificación inequívoca de medicamentos equivalentes para total seguridade das/dos doentes na aplicación do sistema.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 25/08/2011 11:11:56

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/08/2011 11:12:02



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado Ismael Rego González, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A situación urbanística do Concello de Vilaboa ten a súa principal plasmación no litoral das parroquias de San Adrián e Santa Cristina de Cobres e a de Vilaboa no núcleo de Paredes, como consecuencia da aplicación da normativa urbanística local aprobada no ano 1988 e a posterior Lei de Costas. A dita situación está a conlevar para os veciños das zonas afectadas a apertura de expedientes sancionadores e mesmo de demolición das súas vivendas.

A situación está a xerar unha considerable alarma social derivada da inseguridade xurídica á que se está condenando a un numero considerable de propietarios de vivendas habituais e únicas residencias, construídas xa fai moitos anos e na maioría dos casos amparadas pola correspondente licenza municipal.

Perante esta situación non semella moi aventurado pensar que só cabe a busca dunha solución definitiva por medio do diálogo institucional entre as administracións implicadas polo seu ámbito competencial, a saber: Concello, Xunta de Galicia e Administración Xeral do Estado, cun instrumento clave que debe ser o marco axeitado para a resolución desta situación, isto é, o Plan Xeral de Ordenación Municipal actualmente en tramitación.

Co todo e namentres a solución definitiva non chegue e dado que existen expedientes e actuacións sancionadoras en curso, algunhas delas mesmo con ordes de derribo, cómpre habilitar algunha medida de, cando menos, suspensión temporal da súa aplicación para non chegar a situacións irreparables diante de calquera tipo de futura solución.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Manter unha vía de diálogo e colaboración co Concello de Vilaboa e o Goberno Central que habilite a través da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, unha solución para a situación urbanística no litoral das parroquias de San Adrián e Santa Cristina de Cores, e a parroquia de Vilaboa núcleo de Paredes.
2. Suspender as actuacións administrativas e xudiciais emprendidas pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, no litoral das citadas parroquias e núcleos, namentres non se produza a aprobación definitiva do PXOM.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2011

Asdo.: Ismael Rego González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ismael Rego González na data 26/08/2011 11:19:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/08/2011 11:19:13

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Alberto Sueiro Pastoriza, Marta Rodríguez Arias e Paula Prado del Río, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**.

Exposición de motivos:

Dende hai anos vense falando en Europa e en España de potenciar e valorar todas as formas de aprendizaxe ao longo da vida, e en concreto, de recoñecer e acreditar oficialmente, na súa xusta medida, as aprendizaxes non formais, isto é, o que as persoas aprenderon a través de diferentes vías: non só a través da formación "non oficial", senón tamén, e de forma especial, o que os traballadores aprenderon mediante a súa experiencia laboral.

Dende esta mesma Cámara, a raíz de diversas iniciativas, tomáronse acordos na mesma dirección, propiciando a mellora da empregabilidade de tódalas persoas que teñan desenvolvido unha actividade laboral que lles teña proporcionado a experiencia necesaria para poder acreditar a súa capacitación e pericia para o traballo.

Sabedores de que é preciso extremar tódalas vías que faciliten o acceso ó mundo laboral e de diminuír a maioría dos atrancos que poideran existir para acadar un posto de traballo, dende o Grupo

Parlamentario Popular presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O parlamento insta a Xunta de Galicia a :

Que antes de que remate o 2011, se poñan en marcha medidas para continuar implantando un sistema de recoñecemento da capacitación profesional que potencie e valore a formación non regrada, nomeadamente no caso da atención sociosanitaria a persoas maiores ou dependentes, para avanzar no cumprimento das obrigas da Lei de Dependencia, e mellorar a empregabilidade das persoas que poden acreditar experiencia nestas áreas.


Santiago de Compostela, 26 agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Alberto Sueiro Pastoriza na data 26/08/2011 11:53:17

Marta Rodríguez Arias na data 26/08/2011 11:53:30

Paula Prado del Rio na data 26/08/2011 11:53:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2011 12:37
Nº Rexistro: 68988
Data envío: 26/08/2011 12:37:41.497

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das súas deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Teresa Táboas Veleiro** e do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos:

Durante o verán de 2009 o Goberno galego asumiu unilateralmente o deseño do mapa aéreo galego. Neste deseño os concellos foron relegados do seu papel. En concreto non se tiveron presentes as necesidades da cidade de Vigo e se permitiu que o aeroporto de Peinador perdese usuarios/as ao non incentivar novas liñas ou fortalecer as xa existentes.

No Parlamento de Galiza o grupo parlamentario do BNG presentou unha iniciativa para que se desenvolvese o Plan estratéxico de Peinador que foi debatida o 24 de setembro de 2010 e que contou co respaldo de todos os grupos políticos. En dita iniciativa instábase ao Goberno galego a analizar as necesidades do aeroporto de Vigo para que o Comité de Rutas as tivera presentes no deseño do mapa aéreo galego. Lembrar que o propio Plan establecía como primeira necesidade aumentar as frecuencias con Barcelona, que suporía un crecemento de entre 50.000 e 60.000 pasaxeiros ao ano, así como, manter os vós con Madrid, Bilbao e Valencia e potenciar as conexións coas Illas Canarias.

Transcorrido case un ano desde a aprobación desta iniciativa o Goberno galego



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2011 12:37
Nº Rexistro: 68988

Data envío: 26/08/2011 12:37:41.497

non presentou diante desta Cámara o estudio das necesidades e os compromisos para o aeroporto de Vigo. Por isto, e ante a situación de retroceso que pode sufrir o aeroporto da cidade de Vigo, logo do recorte na oferta proposta por Iberia, este grupo parlamentar presenta a seguinte Proposición non de Lei:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a efectivizar os acordos adoptados por esta Cámara na Comisión 6ª do 24 de setembro de 2010. Deste xeito, o Goberno galego asumira o compromiso político e económico co desenvolvemento do aeroporto da cidade de Vigo que entre outras medidas implica a efectivización do Plan Estratéxico do aeroporto de Peinador. "

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Teresa Táboas Veleiro

Henrique Viéitez Alonso


Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 26/08/2011 12:36:22



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2011 12:37
Nº Rexistro: 68988

Data envío: 26/08/2011 12:37:41.497

Teresa Táboas Veleiro na data 26/08/2011 12:36:28

Henrique Vieitez Alonso na data 26/08/2011 12:36:46

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 26/08/2011 12:36:50

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados José Manuel Balseiro Orol e Jaime Castiñeiras Broz ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos

En outono do ano 2008 os veciños do barrio do Celeiriño, sito no concello lucense de Viveiro, observaron como a medida de que crecía un gran burato na cimentación dun bloque de vivendas contiguo, os seus fogares sufrían danos, gretas, roturas nas súas estruturas, ata chegar a unha situación de risco cerco de derrubo que obrigou á evacuación de moitas das vivendas deste barrio e ao recollo dos seus propietarios.

Os devanditos danos parecen ser consecuencia directa das obras de construción dun edificio con garaxes e dun muro de contención executadas nun solar contiguo ás vivendas afectadas. A edificación contaba cunha licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde socialista Melchor Roel, todo a pesar de que se suscitaban dúbidas sobre a idoneidade dos traballos executados, a súa adecuación coa legalidade urbanística e respecto do rigor co que o Concello efectuou a vixilancia e seguimento das obras de edificación, que levaron ao derrube de practicamente todo un barrio.

Tres anos despois do acontecido moitos dos veciños desaloxados están á espera de volver ás súas vivendas -aqueles que así poidan facelo-. Esta situación de pendencia produce un lóxico desacougo entre a veciñanza e respecto do futuro das vivendas en risco de derrube.

O Goberno galego vén de ofrecer en múltiples ocasións a súa máxima disposición a colaborar co Concello de Viveiro e con outras administracións na procura dunha solución a estes problemas. O Instituto Galego de Vivenda e Solo xa indicou que a solución máis acaída é a declaración dunha área de rehabilitación integral, cuxa solicitude debe presentar o Concello.

Esta declaración da ARI permitiría aos propietarios das vivendas do Celeiriño acceder non so ás axudas financiadas pola Xunta de Galicia senón tamén ás do Estado, ao tempo que permitiría ao concello de Viveiro facer obras de mellora, urbanización e reurbanización do barrio tamén con axudas autonómicas e estatais.

A normativa que rexe á declaración de áreas de rehabilitación, figura incluída no Plan de Vivenda, indica que a declaración é competencia da Xunta de Galicia, pero que corresponde ao concello presentar previamente a solicitude de declaración. Polo momento, e segundo ten transcendido, o IGVS non recibiu solicitude algunha do concello de Viveiro respecto da declaración da área de rehabilitación do Celeiriño, nin tampouco ningún tipo de axuda configurada dentro do programa de Cédula de Rehabilitación.

Tampouco existe constancia do cumprimento, por parte do Concello de Viveiro, do acordo do seu Pleno Municipal que, aprobado por unanimidade o 28 de setembro de 2009 obrigaba á Alcaldía a “emprender as accións legais e aboar ó IGVS o importe da indemnización que no seu caso se perciba por parte dos causantes dos danos, co límite dos importes aboados con cargo aos presupostos da Comunidade Autónoma ao amparo da declaración de emerxencia do Barrio do Celeiriño”..

O Grupo Parlamentario Popular considera que situación descrita obriga a desenvolver todas as xestións que se estimen oportunas para dar solución ás problemáticas xurdidas e todas aquelas que permitan achegar as axudas máis acaídas coa legalidade vixente e máis vantaxoxas para os veciños.

Polo exposto con anterioridade o Grupo Parlamentario Popular somete á consideración da Cámara a seguinte
PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN

Acordo a adoptar:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello de Viveiro (Lugo) co obxecto de requirirlle que:

PRIMEIRO.- Solicite a declaración dunha área de rehabilitación integral (ARI) para o barrio do Celeiriño, achegando a documentación oportuna, o que permitiría aos propietarios das vivendas afectadas acceder non so ás axudas financiadas pola Xunta de Galicia senón tamén ás do Estado, ao tempo que facilitaría ao concello de Viveiro facer obras de mellora, urbanización e reurbanización do barrio, tamén con axudas autonómicas e estatais.

SEGUNDO.- Dea cumprimento, de non telo feito ata o momento, ao acordo do seu pleno municipal aprobado por unanimidade o 28 de setembro de 2009, e que lle obriga a emprender as accións xudiciais para obter as indemnizacións oportunas dos causantes dos danos.


Santiago de Compostela , 30 agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/08/2011 12:05:33

Jose Manuel Balseiro Orol na data 30/08/2011 12:05:50

Jaime Castiñeira Broz na data 30/08/2011 12:06:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2011 13:32
Nº Rexistro: 69029
Data envío: 30/08/2011 13:32:33.517

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Carlos Aymerich Cano** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á potenciación das políticas de protección de menores.

Desmentindo as reiteradas afirmacións de que as políticas de recortes non habían de afectar ao gasto social, a Xunta do PP está a diminuír de xeito irresponsábel os recursos destinados á protección dos menores en situación ou risco de desprotección. Programas como os de acollemento familiar experimentaron en 2011 unha redución superior ao 20%. O de integración familiar do 50%. Suprimiuse o de terapia familiar, xestionado en colaboración coa Universidade da Coruña e a Asociación Galega de Terapia Familiar e non se renovou o convenio que sostíña os programas de prevención na rúa. De facto en 2011, pola primeira vez, os convenios coas entidades colaboradoras renováronse con carácter semestral e non anual, en detrimento da estabilidade na atención aos menores, incumprindo ademais a Consellaría o seu compromiso de actualización do IPC.

Mais isto non é o peor. Fontes da Xunta trasladaron xa ás entidades que traballan no ámbito da protección de menores que para 2012 van desaparecer programas como o de adopcións especiais e as axudas para prevención e apoio ás familias en situacións carenciais graves (neste momento xa suspendida por canto non foi convocada nin en 2010 nin en 2011) entanto os fondos para acollemento residencial reduciranse nun 40%. E todo isto sen alternativa ningunha, fóra de remitir aos menores e ás súas familias aos Concellos aos que, por outra parte, a Xunta suprimiu as axudas en



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia de inclusión social e apoio ás familias.

Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta ao Goberno a incrementar os recursos destinados á protección de menores, mantendo todos os programas de prevención, terapia e axuda ás familias en dificultades, acollemento e recursos residenciais destinando a tal fin unha cantidade non inferior á consignada nos orzamentos para 2009 actualizada co IPC correspondente aos últimos anos.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 30/08/2011 13:31:31



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Sonia Verdes Gil**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O sector cárnico en Galicia está formado por un 20 % de vacas nodriza, un 30% de vacas de leite e un 50% de xatos de cebo, de xeito que en Galicia existen arredor de 555.000 vacas e 370.000 xatos e arredor de 117.000 vacas de desvelle, malia non se chega ao autoabastecemento.

Aínda así, Galicia goza dun excelente recoñecemento a nivel nacional da carne de vacún e ten un importante potencial cárnico que está desaproveitado porque unha gran parte da produción de carne de vacún non se comercializa baixo o amparo de ningunha marca de calidade diferenciada.

Así, actualmente dos 105.000 xatos que se marcan como Ternera Gallega, só se certifican un 70% das canles, polo que arredor de 45.000 Tn de carne de calidade recoñecida está sen certificar, ao que hai que sumar arredor de 41.000 toneladas de carne de vacún maior que se comercializa sen que este amparada baixo ningunha marca de calidade diferenciada.

En total unhas 86.000 toneladas de carne de bovino que se produce en Galicia comercialízase sen denominación e sen selo de garantía.

Por outra banda, nos últimos anos, o incremento dos custes de produción, naquela carne de cebo en base a penso, esixe reducir ao máximo a actual dependencia de insumos externos para aumentar a produción de forraxe e pradería.

Dese xeito, a situación do sector da carne en Galicia require unha reorganización do sector, de xeito que permita potenciar o consumo de carne galega, trasladando ao consumidor a máis ampla información sobre a súa calidade e trazabilidade e aumentar a autonomía alimentaria das



Grupo Parlamentario

.....

Partido dos Socialistas de Galicia

.....

explotacións en base á produción de forraxe, ligando a produción ao territorio, a fin de aproveitar o potencial do sector cárnico galego que cumpre un importante labor de conservación do medio ambiente e de coidado e protección do patrimonio paisaxístico do noso país, así como a súa contribución a fixar poboación e xerar emprego, loitando contra o despoboamento e o abandono do medio rural, que constitúen o principal problema do medio rural galego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a promover unha reorganización do sector cárnico en Galicia, de xeito que se potencie o consumo de carne de vacún galega, trasladando ao consumidor a máis ampla información sobre a súa calidade e trazabilidade e que permita aumentar a autonomía alimentaria das explotacións en base á produción de forraxe, ligando a produción ao territorio, para o que se desenvolverán as seguintes medidas :

1 - Promover que, baixo o amparo da IXP Ternera Galega se comercialicen e certifiquen tódolos xatos procedentes de explotacións de vacas nodrizas, en base a unha actividade gandeira e unha produción tradicional e sostible ligada ao territorio, que permita preservar a riqueza medioambiental e rural no seu contorno .

2 - Promover unha segunda marca de calidade diferenciada (VAC1) para a comercialización dos xatos procedentes de explotacións de leite e de vacún maior (vacas de desvelle), en base a unha alimentación diferenciada baseada na produción de forraxes, de xeito que toda a carne que nace, se cría e se sacrifica en Galicia quede amparada baixo unha marca de garantía de calidade .

3 – Mellorar as condicións e a transparencia no mercado e no etiquetado da carne de vacún, promovendo a comercialización do produto despezado e envasado ao baleiro, conseguindo así manter a trazabilidade dende o nacemento ata o consumidor final, a fin de ofrecer maior información sobre a calidade e trazabilidade da carne galega comercializada ao amparo de marcas de calidade .



Grupo Parlamentario

4 - Promover medidas realmente efectivas de mobilidade de terras e de ampliación da base forraxeira das explotacións, a través do verdadeiro impulso dos procesos de concentración parcelaria e do Banco de Terras, para o que se achegará a suficiente dotación económica nos orzamentos da Xunta de Galicia tal que, permita minorar os custes reducindo a dependencia de insumos externos nas explotacións dedicadas á produción de carne, cunha alimentación diferenciada baseada na produción de forraxes.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2011

Asdo.: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 31/08/2011 9:15:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/08/2011 9:15:54



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Luis Méndez Romeu**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Dende hai máis dunha década tramítase na Coruña un proxecto de urbanización coñecido como Parque Ofimático. Na súa orixe tentaba ser, coma o seu nome sinala, un parque cun elevada presenza de oficinas e despachos. A evolución da economía aconsellou trocar ese uso inicial por un uso fundamentalmente residencial. O ámbito de actuación ten unha superficie de 346.418 m². Entre os propietarios están institucións como o Concello, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, ADIF, promotores privados e varias cooperativas das que tres mercaron solo ó IGVS. O sistema de actuación é de cooperación, sendo o Concello, a Administración actuante.

O proxecto de reparcelación foi aprobado polo Concello coruñés o 25 de setembro do 2009 con carácter inicial e o 21 de maio do 2010 con carácter definitivo. Posteriormente, o 8 de abril do 2011 foron adxudicadas as obras de urbanización logo do correspondente concurso, sendo asinada a Acta de replanteo o 21 de xuño do 2011. Dende ese momento, que coincide temporalmente co relevo no goberno local, as actuacións atópanse paralizadas, mesmo as das obras de urbanización devanditas.

Aducindo a non dispoñibilidade plena do solo, o Concello acordaba o 29 de xullo do 2011, a suspensión do inicio das obras. Trátase dunha iniciativa discutible por canto a superficie ocupada no momento actual é de 2911 m², o 0'84% do ámbito de actuación.

Debe subliñarse que segundo a lexislación vixente, artigo 118.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, a aprobación definitiva do Proxecto de Reparcelación habilita ó Concello á ocupación dos terreos e bens que sexan de cesión obrigatoria e gratuíta así como daqueles que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con respecto ás vivendas ocupadas, os procesos de indemnización e desaloxo, xa iniciados, están pendentes de remate pola parálise dos servizos municipais, derivada da ausencia de iniciativa oficial. Así, no foron xiradas ós propietarios, as cotas de urbanización, nin rematados os procesos de indemnización, malia a existencia de crédito no orzamento municipal. Nin adoptouse resolución na demanda de reversión presentada por un cativo número de propietarios

A situación descrita afecta a 350 familias cooperativistas, que no seu conxunto desembolsaron 9 millóns de euros e que hoxe non teñen compromiso oficial de inicio das obras. A responsabilidade da Xunta de Galicia, que ofertou os solares a tres cooperativas que non poden materializar a actuación, é evidente e non se resolve con inhibición

Diante desa situación compre coñecer a iniciativa da Xunta de Galicia, administración con intereses directos no desenrolo desa urbanización.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir do Concello da Coruña o inmediato reinicio das obras de urbanización do Parque Ofimático da Coruña, así como a culminación de todas as actuacións en curso para acadar canto antes o inicio da construción das vivendas promovidas polas cooperativas.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia




■ Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 31/08/2011 9:58:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/08/2011 9:58:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 11:01
Nº Rexistro: 69044
Data envío: 31/08/2011 11:01:11.353


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María Tereixa Paz Franco** e do seu deputado **Alfredo Suárez Canal**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación de grave contaminación que se ven producindo nos últimos meses no encoro das Conchas.

Desde fai varios meses no encoro das Conchas estamos ante un dos episodios de contaminación máis importante dos que se ten producido en Galiza nos últimos anos, con importantes consecuencias ambientais, sanitarias e tamén económicas.

Durante varios meses, por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, as únicas actuacións que se realizaron consistiron en encargar análises periódicas co único obxecto de certificar o evidente: que as augas están contaminadas e non son aptas para o baño nin para o consumo doméstico. Nas últimas semanas, e logo das denuncias e mobilizacións impulsadas polos veciños e veciñas do entorno, comezaron a realizarse no encoro traballos para a eliminación dos lodos contaminantes.

Mais, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, esta actuación, ademais de tardía, resulta claramente insuficiente, xa que non incide sobre a orixe da contaminación nin implica a realización de ningunha actuación ou estudo tendente a determinar a orixe desta contaminación e cales son os axentes contaminantes que a motivan. Resulta, polo tanto, evidente que estas actuacións non son dabondo para atallar este problema de forma definitiva.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 11:01
Nº Rexistro: 69044
Data envío: 31/08/2011 11:01:11.353

Este Grupo Parlamentar considera que á vista das consecuencias ambientais, e tamén das perdas económicas debido ao substancial descenso de visitantes que se ten constatado nos concellos de Lobeira, Bande e Muíños, faise imprescindible unha implicación decidida do Goberno Galego na resolución desta cuestión en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Administración do Estado, Concellos e veciños e veciñas afectadas.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formulan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate ante a Comisión:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a realizar as seguintes actuación en relación co grave episodio contaminante que se está a producir no encoro das Conchas:

1.- A realizar, en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Administración do Estado, os Concellos e veciños e veciñas afectadas, todas as actuacións precisas para eliminar o episodio de contaminación e restablecer a salubridade das augas do encoro.

2.- A realizar os estudos e informes técnicos necesarios para poder determinar cal é o axente contaminante e a súa orixe concreta e a acometer, en colaboración coas outras administracións, as actuacións precisas para atallar as causas e así evitar novos episodios de contaminación.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 11:01
Nº Rexistro: 69044
Data envío: 31/08/2011 11:01:11.353

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 31/08/2011 10:22:20

Alfredo Suárez Canal na data 31/08/2011 10:22:24

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/08/2011 10:22:29



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas** e **Xoaquín M^a Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión co obxecto de simplificar a actual estrutura institucional da Xunta de Galicia, mellorando a coordinación político - administrativa e favorecendo o recorte de gasto corrente improdutivo no ámbito institucional.**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A actual estrutura da Xunta de Galicia debe ser modificada para acadar unha maior eficiencia na administración dos recursos públicos xa que na actualidade existen centros directivos claramente prescindibles, moito máis aínda na situación actual de crise económica.

O Goberno galego sigue instalado na autocomplacencia nunha alarmante inactividade agravada pola ausencia de ideas cando xa pasou o ecuador da lexislatura e nada apunta a un cambio de rumbo.

A publicidade enganosa á que nos ten acostumados o Sr. Feijóo pregonando racionalización ou austeridade pode observarse ao comprobar, como dous anos e medio despois da súa toma de posesión e de reiterados anuncios, aínda non foi quen de disolver as trinta e catro (34) Fundacións Comarcais a pesares de que o anuncia cada tres meses.

A configuración dunha nova estrutura periférica da Xunta de Galicia en maio de 2009 coa creación de cinco Delegados Territoriais como estrutura de coordinación dos xefes territoriais (os antigos/as delegados/as provinciais) das consellerías supuxo un incremento de custes no gasto corrente do Goberno galego superior aos tres millóns de euros anuais, a pesares de que tanto o presidente da Xunta de Galicia como o conselleiro



Grupo Parlamentario

da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anunciaban aforros superiores aos seis millóns de euros no momento de creación da estrutura.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na práctica o Goberno galego creou cinco estruturas con dependencia directa do conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza á súa vez Secretario Xeral do Partido Popular de Galicia, co único obxectivo de utilizar a figura dos/as delegadas/os territoriais como unha extensión dos intereses partidarios e deste xeito favorecer o control político das axudas e subvencións que o Goberno autonómico tería que achegar ás entidades locais.

A creación desta estrutura é unha das poucas achegas novas feitas polo Partido Popular dende a súa chegada ao Goberno de Galicia. A figura dos delegados e delegadas territoriais sumouse á estrutura xa existente con anterioridade, co que o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo non só non fixo redución de postos de responsabilidade na estrutura periférica senón que a incrementou notablemente.

As novas “superdelegacións”, pomposamente alcumadas así polo propio goberno, nacen exentas de funcións reais máis alá dun xenérico propósito de coordinación dos/as xefes/as territoriais (Delegados/as Provinciais) de cada consellería da Xunta de Galicia.

Nembargantes estas novas estruturas contan dende a súa creación cun potente gabinete de apoio, dotado con persoal eventual e asesores ao servizo dos novos/as delegados/as territoriais.

Incrementáronse deste xeito os custes da estrutura periférica dende o pasado ano 2009 xusto cando é fundamental reducir as estruturas inservibles e prescindibles.

A creación das figuras dos delegados e delegadas territoriais non ten suposto ata a data ningunha mellora na administración dos asuntos ordinarios das galegas e dos galegos, e á vista da súa nula repercusión



Grupo Parlamentario

supón un claro despilfarro, dado que se ten demostrado que son postos absolutamente prescindibles.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A súa presenza é irrelevante no funcionamento da Administración pública galega, polo que é razoable a supresión inmediata da citada estrutura o que permitirá aforrar máis de tres millóns de euros ao ano á Xunta de Galicia.

Temos expresado ao longo da lexislatura a necesidade de acometer unha simplificación da estrutura administrativa do departamento de Vivenda e Solo, ganando dean eficiencia e recortando un importante gasto improdutivo. Por iso tamén propoñemos a **supresión dos catro organismos provinciais, Xestur-Coruña, Xestur-Pontevedra, Xestur-Lugo e Xestur-Ourense e a súa fusión nun único ente** que permita unha entidade máis áxil, menos burocratizada e con menos persoal directivo, logo dos trámites oportunos e negociacións co resto do accionariado actual das devanditas empresas públicas.

De igual xeito pensamos que é **imprescindible acometer unha reforma do IGAPE** (Instituto Galego de Promoción Económica) dependente da Consellería de Economía e Industria, que é outro bo exemplo dun ente da Xunta de Galicia que ten grandes ineficiencias.

Como botón de mostra cabe recordar que este centro directivo conta con **corenta e dous (42) directivos e persoal de libre designación para un cadro de persoal total de noventa e unha (91) persoas**. Neste exercicio económico 2011 os citados directivos esperaban subir o seu salario nun 22%, pasando o salario medio do ente dos 50.000 euros ata os 61.000 pola masa salarial dos cargos directivos.

É preciso actuar nunha inminente racionalización dos cargos directivos e persoal de libre designación do IGAPE así como tamén nos parece razoable que se produza unha **integración do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. (BIC Galicia) no citado IGAPE co obxecto de simplificar os entes públicos sectoriais** e por iso o propoñemos, o que permitirá concentrar os esforzos e manter unha unidade de criterio ademais dunha maior eficiencia económica.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na mesma liña entendemos fundamental lograr unha **integración das sociedades SODIGA, XESGALICIA e INESGA co obxecto de simplificar a estrutura societaria da Xunta de Galicia no ámbito do capital -risco e crear unha única estrutura.**

De igual xeito comprobamos a existencia dun avultado aparato administrativo e propagandístico na Presidencia da Xunta de Galicia que debería ser simplificado, eliminando gasto improductivo e duplicidades innecesarias.

Así vemos como na actualidade a Presidencia da Xunta ostenta os seguintes postos directivos en tarefas de apoio ao presidente da Xunta de Galicia (segundo a propia información oficial da Xunta de Galicia): Secretaría Xeral da Presidencia, Director Xeral do Gabinete da Presidencia, Responsable de Comunicación do Presidente, Secretario Xeral de Medios, Directora Xeral de Comunicación, e Xefe do Gabinete de Comunicación da Secretaría Xeral de Medios.

Esta é unha mostra máis da dobre moral do Sr. Feijóo que ao tempo que pregoa a austeridade conta cun avultado aparato político na súa presidencia, o que entendemos que debe ser corrixido xa que existen claras duplicidades neste ámbito.

Igualmente entendemos que é intolerable comprobar que **o Goberno galego en dous anos e medio aínda non acometeu a disolución da totalidade das fundacións comarcais para o desenvolvemento comarcal de Galicia**, nembargantes si foron dilixentes para practicar recortes e diminuír os fondos públicos no ámbito da educación, da investigación, da sanidade, da cultura ou dos servizos sociais.



Grupo Parlamentario

Consideramos **importante que o Goberno actúe con urxencia e celeridade para finiquitar as citadas Fundacións Comarcais (34)** e pase da publicidade enganosa aos feitos reais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No ano 2010 coa presentación dos orzamentos para o ano en curso (2011) o presidente da Xunta de Galicia decidiu realizar recortes sociais importantes tanto no ámbito da educación como da saúde e así reduciron o número de profesores nos centros educativos ao tempo que non cubrían substitucións na sanidade pública e iso trouxo consigo maiores problemas tanto no ámbito da atención primaria como nas consultas especializadas ou nos servizos de urxencias dos hospitais galegos.

Os socialistas galegos consideramos urxente preservar os servizos públicos actuais, a educación e a sanidade singularmente. E nesa liña propoñemos unha reforma da estrutura da Xunta de Galicia para que os previsibles recortes se fagan sobre o gasto improdutivo de determinados centros directivos e entes/sociedades dependentes da Xunta de Galicia e non sobre a sanidade ou a educación.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Co obxecto de reducir o gasto improdutivo na estrutura da Administración autonómica, o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformar a estrutura periférica da Xunta de Galicia suprimindo as Delegacións territoriais, dado que se ten demostrado que son unha estrutura absolutamente prescindibles e a súa existencia é irrelevante para o funcionamento da Administración pública galega. Serán os xefes/as territoriais de cada consellería (antigos delegados/as provinciais) os máximos responsables da estrutura administrativa periférica da Xunta de Galicia.



Grupo Parlamentario

2. Fusionar as catro empresas provinciais Xestures, nunha única Xestur – Galicia, logo dos trámites oportunos e negociacións co resto do accionariado actual das devanditas empresas públicas, co obxecto de reducir o gasto corrente e cargos directivos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Integrar no IGAPE as funcións, recursos, persoal e patrimonio do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. (BIC Galicia), procedendo a súa disolución. E de igual xeito integrar no mesmo ente as sociedades de capital risco Sodiga, XesGalicia e Inesga acadando unha simplificación real de organismos e unha maior eficiencia no gasto.

4. Racionalizar o volume de cargos directivos e persoal de libre designación do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica) coa aprobación dun plan 2011-2013 para a súa reforma.

5. Racionalizar a estrutura directiva da Presidencia da Xunta de Galicia evitando duplicidades.

6. Proceder á disolución da totalidade das fundacións comarcais para o desenvolvemento comarcal de Galicia antes de que finalice o mes de setembro do ano en curso, de acordo coa normativa en vigor e singularmente dando cumprimento á Lei de Orzamentos que contempla a disolución das citadas fundacións.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 31/08/2011 11:15:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/08/2011 11:15:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/08/2011 11:15:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas M^a Soledad Soneira Tajés e M^a José Caride Estevez, e dos seus deputados Francisco Cerviño González e Manuel Gallego Lomba, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

De todos é coñecido a situación de crise económica e de emprego que estamos a vivir. Esta crise fai que as administracións deban ser especialmente sensibles ao problema do desemprego e deben facilitar a cohesión social a través dos instrumentos normativos de que dispón.

Estas medidas, en moitos casos, non teñen por que significar aumento de gasto para a propia Administración e poden contribuír grandemente a solucionar a dramática situación que moitas familias están a atravesar como consecuencia da carencia de ingresos por falta de emprego en todos ou na maior parte dos integrantes da unidade familiar.

A Consellería do Mar publicou a *Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé*, e no seu artigo 8 establece os criterios para o baremo que dará acceso o permex e, mediante este, á actividade marisqueira. Se ben este baremo establece que os demandantes deberán estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego, non incide con suficiente claridade na situación sociolaboral dos demandantes, deixando solo a opción de que, de xeito discrecional, a administración destine unha porcentaxe dos permex dispoñibles (ate un máximo do 10%) para persoas en risco de exclusión social e para mozos e mozas.

A experiencia dinos que, o non primar fortemente a situación económica e laboral dos que pretenden acceder a un permex que lles permita traballar legalmente, está contribuíndo a unha proliferación do fenómeno furtivo e a concentrar os permex nas mans de persoas que mais que necesidade laboral



Grupo Parlamentario

poden aportar un número maior de cursos e títulos que, ao noso xuízo, nunca poden ter o mesmo peso que a perentoria necesidade de traballar legalmente e procurar o sustento propio e dos seus.

O Grupo Parlamentario Socialista, diante desta realidade socio laboral actualmente existente en Galicia, presenta para o seu debate en comisión e aprobación, se procede, a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, no baremo que se estableza para o acceso o permex que da dereito ó exercicio da actividade, a situación socio laboral do demandante e da unidade familiar, sexa determinante para acceder o mesmo.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
M^a José Caride Estevez
Francisco Cerviño González
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 31/08/2011 13:07:28

María José Caride Estévez na data 31/08/2011 13:07:31

Francisco Xulio Cerviño González na data 31/08/2011 13:07:37

José Manuel Gallego Lomba na data 31/08/2011 13:07:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/08/2011 13:07:47



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **Pablo Xabier López Vidal, Francisco Cerviño González, José Luis Méndez Romeu e Silvia Fraga Santos** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Foi no ano 1943 cando no lugar do Pasaxe do Pedrido se inaugurou unha ponte sobre a ría de Betanzos, que na actualidade soporta o tráfico da estrada AC-164 (Guísamo - Ínsua) ao seu paso polo concello de Bergondo.

Esta ponte de formigón en arco que une os concellos de Bergondo e Paderne nunha vía de comunicación entre a Coruña e Ferrol, foi deseñada polo enxeñeiro Eduardo Torroja, sendo naqueles tempos unha novidade o emprego de formigón armado nunha obra destas dimensións e características.

Despois de moitos anos esta ponte segue prestando o mesmo servizo e facilitando a comunicación entre ámbalas dúas marxes da ría, e soportando unha intensidade de vehículos superior aos 10.000 por día.

Xa fai tempo tanto os veciños lindeiros coa ponte do Pedrido, os bañistas da praia do mesmo nome, así como as autoridades municipais do Concello de Bergondo veñen denunciando a necesidade de proceder a reparación desta infraestrutura viaria, pois os desprendementos son constantes e a necesidade de conservar e manter a súa estrutura evidentes.

Dende novembro de 2010 que a Xunta de Galicia compromete unha serie de actuacións de mellora e rehabilitación desta ponte, non se tiveron noticias dos traballos, nin se procedeu a executar o proxecto prometido. Xa pasaron 9 meses dende o estudo das necesidades e da promesa de actuación.



Grupo Parlamentario

Tendo en conta a necesidade urxente de reparación desta ponte para seguir prolongando a súa durabilidade no servizo que presta, así como evitar os desprendementos que se producen nesta zona habitada e circundada por unha praia moi utilizada, é polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer de xeito urxente as obras de reparación, conservación e mantemento que precisa a ponte do Pedrido, antes de que remate este ano.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Francisco Cerviño González
José Luis Méndez Romeu
Silvia Fraga Santos
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 31/08/2011 12:22:58

Francisco Xulio Cerviño González na data 31/08/2011 12:23:04

Jose Luis Méndez Romeu na data 31/08/2011 12:23:11

Silvia Belen Fraga Santos na data 31/08/2011 12:23:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/08/2011 12:23:19

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa das deputadas e deputados Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Antonio Fraga Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Enrigue Novoa López e Rosa Oubiña Solla, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara formulan a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate ante Comisión 7ª**.

Recentemente apereceron centenaes de troitas mortas no río Ulla ao seu paso polo término municipal de Monterroso, desastre ecolóxico con consecuencias graves para un río no que se leva traballando durante anos para conseguir que houbera troitas autóctonas.

Según as primeiras informacións, lévanse retirado da auga, nun tramo de kilómetro e medio uns 1350 exemplares destes salmónidos que presumiblemente morreron por un posible fallo na Depuradora de Augas Residuais Monterrosina. A consecuencia dunha obstrución nos conductos de augas residuais, estas foron a parar ao río provocando a contaminación orgánica a falla de osíxeno aos peixes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a levar a cabo, en colaboración coas asociacións de pescadores, a repoboación do río Ulla unha vez se retiren os residuos detectados.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/08/2011 14:14:32

Maria Emma Álvarez Chao na data 31/08/2011 14:18:19

Maria Isabel García Pacín na data 31/08/2011 14:18:29

Antonio Fraga Sánchez na data 31/08/2011 14:18:44

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/08/2011 14:18:53

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 31/08/2011 14:19:07

Enrique Novoa López na data 31/08/2011 14:19:16

Rosa Oubiña Solla na data 31/08/2011 14:19:27

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e a iniciativa da deputada **Fátima Iglesias Ferreira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo distintas informacións cabe a posibilidade de que o ferry-boat que une Caminha e A Guarda pode parar a súa actividade a partir do día 15 de setembro.

A travesía do ferry-boat Santa Rita de Cassia faise dende 1995, e durante máis de 10 anos a Cámara Municipal de Caminha asegurou o dragado do río cos seus respectivos gastos. No ano 2007, na reunión da Comisión de Acompañamento das Dragagens, as entidades españolas fixéronse cargo do dragado. Unha situación ca cal o Concello de Caminha estivo dacordo, coa condición de que fosen realizadas as labores de dragado durante un período tamén de 10 anos.

En 2008 nunha resolución firmada entre o Goberno Civil de Viana do Castelo e o Goberno Español, atribúese a responsabilidade do dragado á Dirección Xeral de Costas do Ministerio do Medio Ambiente. Precisamente foi esta entidade quen realizou o dragado no ano 2008 e interrompeu os dragados en 2009. Dende entón non se realizou máis extraccións de area no canal.

O pasado 26 de agosto a presidenta da Cámara Municipal de Caminha reuniuse co seu homólogo o alcalde da Guarda, para atopar solucións relativas a este problema de falta de navegabilidade do ferry-boat. Nesta reunión, o alcalde de A Guarda expuxo o posicionamento da Dirección General de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, quen non pretende facer máis dragados alegando o elevado custo económico que supón a

extracción e a imposibilidade de empregar as áreas extraídas nas praias españolas.

A Dirección General de Costas fala agora da necesidade de elaborar un estudo de impacto ambiental, que tardará, según eles, cerca de 1 ano, o que inviabiliza a extracción ata a conclusión do referido estudo.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia considera fundamental o mantemento deste medio de comunicación que dende o ano 1995 opera entre Caminha e A Guarda, tanto polos beneficios económicos que isto supón para o comercio, a hostalería e o turismo de ambos lados do Río Miño, ademais dos postos de traballo que o ferry-boat xera tanto en España como en Portugal. É responsabilidade exclusiva do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño asumir as súas competencias deste asunto e encargarse do dragado do río para permitir a navegabilidade do ferry-boat.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e reclame da Dirección General de Costas a búsqueda dunha solución á problemática, que tanto ven a afectar a Guarda e o Baixo Miño, do dragado do río para permitir a navegabilidade do ferry-boat que une as localidades de A Guarda e Caminha.


Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2011

Asinado dixitalmente por:



Pedro Puy Fraga na data 01/09/2011 12:21:43

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 01/09/2011 12:21:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas **Isabel Sánchez Montenegro** e **Ana Luísa Bouza Santiago** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en na Comisión 5ª, relativa á estrutura organizativa de xestión integrada de Monforte**”

Coa publicación do decreto 168/2010 podíase ver que o obxectivo da Consellería era facer desaparecer as Areas sanitarias correspondentes aos Hospitais comarcais en lugar de darlles mais autonomía para que se fixeran cargo da atención primaria do seu territorio. Este obxectivo de desmantelamento foi denunciado polo BNG e as Plataformas de defensa da sanidade pública e desmentido polas portavocías locais do Partido Popular.

O pasado venres 5 de Agosto de 2011 publícanse no DOG os decretos de estrutura Xestión integrada de Pontevedra e Ourense, en desenvolvemento do decreto 168/2010 polo que se establece a estrutura orgánica de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.

Os decretos 162/2011 e 163/2011 confirman que a Area de xestión integrada de Pontevedra incluírá o Salnés e que Ourense será un Área de xestión integrada provincial, facendo oídos xordos ás demandas de profesionais e doentes de Valdeorras e O Salnés para constituír un Area de xestión integrada propia que garanta a autonomía e recursos necesarios. Tal como se pode verificar nos propios decretos, O Barco de Valdeorras e o Salnés quedan ,cada un deles, con un Xerente Executivo que dependen do Xerente de Xestión Integrada de Ourense e Pontevedra, respectivamente. Quedan, por tanto sen capacidade de interlocución directa coa Consellería de Sanidade, sen dependencia directa do Servizo Galego de Saúde e, como consecuencia disto, sen capacidade de planificar os seus recursos económicos, humanos e de servizos, sendo estes tres aspectos fundamentais a esencia dunha área sanitaria.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dado que a situación de Monforte como Área Sanitaria era a mesma ca do Barco, de publicarse o mesmo decreto para a provincia de Lugo, a área sanitaria de Monforte quedaría sen capacidade de xestión e de recursos propios, tal como o BNG temos denunciado reiteradamente.

Esa posibilidade está a causar unha grande alarma entre a cidadanía de toda a comarca.

O Presidente da Xunta , en maio deste ano, prometía que «Monforte será a primeira área de xestión integrada con hospital comarcal que teña unha xerencia única para atención primaria e especializada»

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de Lei

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a publicar, tal e como foi prometido polo Presidente da Xunta de Galicia, o decreto polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Monforte”

Santiago de Compostela, 1 de Setembro de 2011

Asdo. Isabel Sánchez Montenegro

Ana Luísa Bouza Santiago


Deputadas do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 01/09/2011 13:53:59



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Luisa Bouza Santiago na data 01/09/2011 13:54:04

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 01/09/2011 13:54:13



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **José Manuel Gallego Lomba, Marisol Soneira Tajés, M^a José Caride Estévez e Francisco Cerviño González** ao abeiro do disposto no artigo 144 Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de **comparecencia en Comisión 8^a** da Excm. Sra. conselleira do Mar para que explique o cese do presidente do ente público Portos de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2011

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Marisol Soneira Tajés
M^a José Caride Estévez
Francisco Cerviño González
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 22/07/2011 10:44:22

María Soledad Soneira Tajés na data 22/07/2011 10:44:27

María José Caride Estévez na data 22/07/2011 10:44:30

Francisco Xulio Cerviño González na data 22/07/2011 10:44:39



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **José Manuel Gallego Lomba, Marisol Soneira Tajés, M^a José Caride Estévez e Francisco Cerviño González** ao abeiro do disposto no artigo 144 Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de **comparecencia en Comisión 8^a**. do novo presidente do ente público Portos de Galicia para que explique a política a desenrolar de Portos de Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2011

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Marisol Soneira Tajés
M^a José Caride Estévez
Francisco Cerviño González
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 22/07/2011 10:46:31

María Soledad Soneira Tajés na data 22/07/2011 10:46:38

María José Caride Estévez na data 22/07/2011 10:46:41



Francisco Xulio Cerviño González na data 22/07/2011 10:46:47



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante a correspondente comisión- do director xeral de Xuventude e Voluntariado para informar de **“a acción da Consellería de Traballo e Benestar no ano europeo do voluntariado”**.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e José Tomé Roca, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e membros da Comisión 5.^a, ao abeiro do disposto no artigo 144, solicitan a esa Mesa a tramitación da **comparecencia en Comisión da Excm. Sra. conselleira de Sanidade**, para explicar a aplicación do Real Decreto – Ley 9/2011 de 19 de agosto, “de medidas para la mejora y cohesión del Sistema Nacional de Salud.”

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce
José Tomé Roca
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 22/08/2011 11:38:00

María del Carmen Acuña do Campo na data 22/08/2011 11:38:06

Beatriz Sestayo Doce na data 22/08/2011 11:38:12

José Tomé Roca na data 22/08/2011 11:38:19

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do artigo 144 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da **comparecencia en Comisión** do Director Xeral de Tributos para que informe á Cámara sobre o contido da Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011 (DOG do 19 de agosto de 2011) pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2011 10:50:04

Marta Valcárcel Gómez na data 26/08/2011 10:50:29

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 26/08/2011 10:50:36

Maria Emma Álvarez Chao na data 26/08/2011 10:51:01

Alberto Sueiro Pastoriza na data 26/08/2011 10:51:29

Pedro Manuel Arias Veira na data 26/08/2011 10:51:36

Javier Escribano Rodríguez na data 26/08/2011 10:52:02



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **Pablo Xabier López Vidal, Carmen Gallego Calvar, Ismael Rego González e María Quintas Alvarez**, ao abeiro do disposto no artigo 144 Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de **comparecencia en Comisión 2ª** do Excmo. Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para explicar en sede parlamentaria as actuacións que desenvolveu a Xunta de Galicia nos últimos dous anos, así como as que pensa desenvolver no futuro en relación coa conservación e mantemento das estradas galegas de titularidade autonómica, como elemento fundamental da seguridade viaria.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Carmen Gallego Calvar
Ismael Rego González
María Quintas Alvarez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 30/08/2011 12:59:42

Carmen Gallego Calvar na data 30/08/2011 12:59:48

Ismael Rego González na data 30/08/2011 12:59:51

María Remedios Quintas Alvarez na data 30/08/2011 12:59:56



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **José Luis Méndez Romeu, Pablo Xabier López Vidal, Carmen Gallego Calvar, Ismael Rego González e María Quintas Alvarez** ao abeiro do disposto no artigo 144 Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de **comparecencia en Comisión 2ª**. do Excmo. Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para explicar a situación de parálise das obras de urbanización do Parque Ofimático da Coruña, e as medidas adoptadas para garantir o dereito dos cooperativistas á construción das vivendas sobre solo adquirido a diferentes promotores, entre outros ó Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Pablo Xabier López Vidal
Carmen Gallego Calvar
Ismael Rego González
María Quintas Alvarez

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 31/08/2011 10:04:15

Pablo Xabier López Vidal na data 31/08/2011 10:04:21

Carmen Gallego Calvar na data 31/08/2011 10:04:26

Ismael Rego González na data 31/08/2011 10:04:30



Grupo Parlamentario

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 31/08/2011 10:04:35



Partido dos
Socialistas
de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia, ante a Comisión 5ª, "Sanidade, Política Social e Emprego", do director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública para informar da "posta en marcha das unidades fixas de cribado de cancro de mama e da actividade realizada".

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Calvo Gallo



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia ante a comisión 7ª "Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes" do conselleiro do Medio Rural para informar sobre "o desenvolvemento da campaña de máximo risco de incendios forestais en Galicia no ano 2011."

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia urxente en Comisión do Excm. Sra. conselleira de Facenda**, para dar conta ante a cámara galega da evolución do endebedamento público en Galicia, da cualificación da débeda pública galega e do custe financeiro de dito endebedamento.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/08/2011 13:08:52

Ismael Rego González na data 31/08/2011 13:08:57

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/08/2011 13:09:08

José Manuel Gallego Lomba na data 31/08/2011 13:09:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A empresa Frigolouro, do grupo COREN, que conta con 415 traballadores no cadro de persoal, vén de despedir a 27 traballadores, algúns con décadas de traballo na factoría. Os despedimentos están baseados en causa obxectiva, por terse rexistrado perdas continuadas.

As características da factoría, inserida no circuíto de produción do grupo, fan que unha posible redución continuada do cadro de persoal, puidese incidir noutras empresas do mesmo grupo. Así en Frigolouro dos oito mil animais que procesa semanalmente na súa planta, máis da metade proceden doutras empresas do mesmo Grupo. A minoración da actividade producirá efectos en empresas de pensos, transporte, cría, etc.

Doutra banda a empresa Frigolouro ten recibido axudas importantes do Igape, para a renovación da sala de despece malia o que se teñen producido despedimentos nesa área da empresa, algo non permitido na normativa reguladora.

Na factoría existe inquedaanza no momento actual pola continuidade da produción e polo grao de compromiso do Grupo coa factoría. O seu importante volume de emprego ten un peso notable no entorno social, en Porriño. Ata agora non existiu información dabondo sobre os plans da empresa con respecto á devandita fábrica.

É por iso que o deputado que asina interpela o Goberno galego nos seguintes termos:

1.^a) Coñece a Xunta de Galicia a actual situación da empresa Frigolouro?

2.^a) Que avaliación fai?



Grupo Parlamentario

3.^a) Que medidas se van adoptar para evitar a redución de actividade e o despedimento de traballadores?

4.^a) Está a facer algunha actuación para reconducir a situación dos 27 empregados despedidos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 18/07/2011 14:11:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cando no ano 2010 a Xunta anunciaba a redacción dun novo proxecto de metro lixeiro na Coruña, o terceiro en dez anos, comprometía a presentación do mesmo no primeiro semestre do 2011.

O proxecto completo estaría deseñado no ano 2013, casualmente ano electoral. Durante a pasada campaña electoral quen hoxe é alcalde da cidade, anunciou un proxecto en tres fases para utilizar a infraestrutura ferroviaria existente e ampliála. Paralelamente o inicio do transporte metropolitano pola Xunta significou renunciar a integrar os transportes urbanos cos interurbanos, obrigando así a transbordos ineficaces.

Poucas semanas despois de tomar posesión, o alcalde anuncia a suspensión do xermolo de metro lixeiro, unha liña urbana de tranvía con 180.000 usuarios anuais. A escusa semellan ser as perdas. Non hai transporte público sen perdas polo que ese argumento levaría a suspender todos os servizos.

O certo é que o proxecto de metro lixeiro queda paralizado, sen compromisos orzamentarios, sen datas de posta en funcionamento e con prazos totalmente dependentes da vida política.

A día de hoxe a data do 2015, barallada hai anos, semella utópica. A vontade dos gobernos, local e autonómico, de eliminar o obxectivo do metro lixeiro, é manifesta. Mesmo a eliminación total do carril-bus, anunciada polo alcalde da cidade, é unha medida na dirección contraria á potenciación do transporte público.

Así as necesidades dunha poboación metropolitana que acada os 450.000 habitantes, sometidos a accesos con frecuencia colapsados e a dificultades e custos de estacionamento, son esquecidas. Superada a metade da lexislatura, Xunta e concello comezan a falar claro. Non



Grupo Parlamentario

hai, non haberá en tempo razoable, unha solución eficaz, sostible e integradora.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O desprezo polo transporte público é a potenciación consecuenta do transporte privado son decisións contrarias ás demandas cidadáns que consideran precisamente a accesibilidade e o tráfico como un dos principais problemas da cidade. Alcalde e presidente da Xunta están evitando comprometer investimentos na cidade mentres paralelamente censuran o esforzo doutras administracións públicas, nomeadamente do Ministerio de Fomento.

Por iso o deputado que asina interpela o Goberno galego nos seguintes termos:

- 1.^a) Cando será coñecido o estudo do metro lixeiro contratado no ano 2010?
- 2.^a) Que compromisos de investimento están previstos pola Xunta?
- 3.^a) En que data estará operativa a primeira liña de metro lixeiro?
- 4.^a) Cal será o seu trazado?
- 5.^a) Que compromisos firmes existen co operador ferroviario para utilizar parte desa infraestrutura?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/07/2011 12:09:02



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicita a esa Mesa que os seguintes documentos:

Interpelación doc. núm. 67689, sobre a situación da empresa Frigolouro e actuación e avaliación feitas pola Xunta de Galicia.

Interpelación doc. núm. 67809, sobre o proxecto do metro lixeiro na Coruña.

Sexan recualificados como Preguntas orais en Comisión.

Pazo do Parlamento, 3 de xuño de 2011

Asdo.: José Luís Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 03/08/2011 11:12:11

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727